

***DEPARTAMENTO  
DE  
FÍSICA E QUÍMICA***

***IES Ramón Menéndez Pidal***

***PROGRAMACIÓN ANUAL  
CURSO 2016/17***

## **ÍNDICE:**

### **1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

#### 1.1. Identificación da programación

1.1.1. Centro educativo.

1.1.2. Departamento.

1.1.3. Materias impartidas no curso 2016-17.

1.1.4. Profesorado responsable.

#### 1.2.- Horario de reunión do Departamento

#### 1.3.- Libros de texto e lingua preferente en cada curso.

#### 1.4.- Metodoloxía didáctica xeral.

#### 1.5.- Contribución xeral das materias do Departamento ás competencias básicas.

#### 1.6.- Proxecto lector e club de lectura.

#### 1.7.- Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación, TIC.

### **2.- FÍSICA E QUÍMICA NA ESO.**

2.1. Introducción e contextualización.

2.2. Relación de Obxectivos xerais.

### **3. FÍSICA E QUÍMICA EN 2º DA ESO.**

- 3.1. Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado neste curso, en 2º ESO.
- 3.2. Obxectivos xerais da Física e Química de 2º ESO.
- 3.3. Relación de unidades didácticas, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
- 3.4. Secuenciación e Metodoloxía xeral en 2º da ESO.
  - 3.4.1. Secuencia de contidos por unidade didáctica.
  - 3.4.2. Metodoloxía xeral na Física e Química de 2º ESO.
- 3.5.- Unidades didácticas da Física e Química de 2º ESO.
  - 3.5.X. Identificación da unidade didáctica e temporalización.
    - 3.5.X.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan.
    - 3.5.X.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.
    - 3.5.X.3. Concreción curricular da Unidade (Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado e contribución ao desenvolvemento das competencias clave).
    - 3.5.X.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe cos indicadores de logro.
- 3.6.- Procedementos de avaliación na Física e Química de 2º ESO.
  - 3.6.1.- Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva.
  - 3.6.2.- Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación na F.Q. de 2º ESO.
  - 3.6.3.- Procedemento para a recuperación das partes non superadas.
    - 3.6.3.1.- Procedemento para definir as actividades de recuperación.
    - 3.6.3.2.- Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.
    - 3.6.3.3.- Procedemento para a realización da avaliación inicial.
  - 3.6.4.- Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.
- 3.7.- Medidas de atención á diversidade.
  - 3.7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
  - 3.7.2.- Medidas de adaptación curricular.

3.8.- Aspectos transversais.

3.8.1. Programación da educación en valores.

3.9. Materiais e recursos didácticos dispoñibles para FQ de 2º ESO.

3.10. Actividades complementarias e extraescolares.

#### **4.- FÍSICA E QUÍMICA EN 3º ESO.**

4.1. Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado neste curso.

4.2. Obxectivos xerais da Física e Química en 3º ESO.

4.3. Relación de unidades didácticas, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.

4.4. Secuencia e Metodoloxía xeral en 3º da ESO.

4.4.1. Secuencias de contidos por unidade didáctica.

4.4.2. Metodoloxía xeral na Física e Química de 3º ESO.

4.5.- Unidades didácticas da Física e Química de 3º ESO.

4.5.X. Identificación da unidade didáctica e temporalización.

4.5.X.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan.

4.5.X.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.

4.5.X.3. Concreción curricular da Unidade (Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado e contribución ao desenvolvemento das competencias clave).

4.5.X.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe cos indicadores de logro.

4.6.- Procedementos de avaliación na Física e Química de 3º ESO.

4.6.1.- Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva.

4.6.2.- Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación na F.Q. de 3º ESO.

4.6.3.- Procedemento para a recuperación das partes non superadas.

4.6.3.1.- Procedemento para definir as actividades de recuperación.

- 4.6.3.2.- Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.
- 4.6.3.3.- Procedemento para a realización da avaliación inicial.
- 4.6.4.- Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.
- 4.6.5.- Medidas de atención á diversidade.
  - 4.6.5.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
  - 4.6.5.2.- Medidas de adaptación curricular.
- 4.6.6.- Aspectos transversais.
  - 4.6.6.1. Programación da educación en valores.
- 4.7. Materiais e recursos didácticos dispoñibles para FQ de 3º ESO.
- 4.8. Actividades complementarias e extraescolares.

## **5.- FÍSICA E QUÍMICA DE 4º DA ESO.**

- 5.1. Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado neste curso.
- 5.2. Obxectivos xerais da Física e Química de 4º ESO.
- 5.3. Relación de unidades didácticas, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
- 5.4. Secuencia e Metodoloxía xeral en 4º da ESO.
  - 5.4.1. Secuencias de contidos por unidade didáctica.
  - 5.4.2. Metodoloxía xeral na Física e Química de 4º ESO.
- 5.5.- Unidades didácticas da Física e Química de 4º ESO.
  - 5.5.X. Identificación da unidade didáctica e temporalización.
    - 5.5.X.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan.
    - 5.5.X.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.
    - 5.5.X.3. Concreción curricular da Unidade (Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado e contribución ao desenvolvemento das competencias clave).
    - 5.5.X.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe cos indicadores de logro.

## 5.6.- Procedementos de avaliación na Física e Química de 4º ESO.

5.6.1.- Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva.

5.6.2.- Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación na F.Q. de 4º ESO.

5.6.3.- Procedemento para a recuperación das partes non superadas.

5.6.3.1.- Procedemento para definir as actividades de recuperación.

5.6.3.2.- Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.

5.6.3.3.- Procedemento para a realización da avaliación inicial.

5.7.- Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

5.8.- Medidas de atención á diversidade.

5.8.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

5.8.2.- Medidas de adaptación curricular.

5.9.- Aspectos transversais.

5.9.1. Programación da educación en valores.

5.10. Materiais e recursos didácticos dispoñibles para FQ de 4º ESO.

5.11. Actividades complementarias e extraescolares.

5.12. Plan de traballo para a superación da Física e Química de 3º ESO pendente para o alumnado de 4º ESO.

5.12.1. Contidos esixibles.

5.12.2. Programa de reforzo para a recuperación da materia pendente.

5.12.3. Actividades de avaliación.

## **6.- CIENCIAS APLICADAS á ACTIVIDADE PROFESIONAL DE 4º DA ESO.**

### **7.- FÍSICA E QUÍMICA DE 1º DE BACHARELATO.**

7.1.- Introducción e contextualización.

7.1.1. Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado neste curso.

7.2.- Obxectivos xerais do Bacharelato.

- 7.3.- Obxectivos específicos da Física e Química de 1º de Bacharelato.
- 7.4.- Relación de unidades didácticas, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
- 7.5.- Secuenciación e Metodoloxía xeral.
  - 7.5.1. Secuencias de contidos por Unidade didáctica.
  - 7.5.2. Metodoloxía xeral na Física e Química de 1º de Bacharelato.
- 7.6.- Concreción curricular en unidades didácticas da Física e Química de 1º de Bacharelato.
  - 7.6.X. Identificación da Unidade.
    - 7.6.X.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan.
    - 7.6.X.2. Obxectivos específicos da Unidade didáctica.
    - 7.6.X.3. Concreción curricular da Unidade.
- 7.7.- Contidos mínimos esixibles na F.Q. de 1º de Bacharelato.
- 7.8.- Criterios de cualificación e procedementos de avaliación da aprendizaxe do alumnado.
  - 7.8.1. Actividades de recuperación.
- 7.9.- Materiais e recursos didácticos.
  - 7.9.1.- Actividades prácticas.
- 7.10.- Os contidos transversais na F.Q. de 1º de Bacharelato.
- 7.11.- Medidas de atención á diversidade.
- 7.12.- Actividades complementarias e extraescolares.
- 7.13.- Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

## **8.- CULTURA CIENTÍFICA DE 1º DE BACHARELATO.**

- 8.1.- Introducción e contextualización.
- 8.2.- Obxectivos xerais.
- 8.3.- Obxectivos específicos da Cultura Científica de 1º de Bacharelato.
- 8.4.- Relación das unidades didácticas coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
- 8.5.- Secuenciación e Metodoloxía xeral.
  - 8.5.1.- Secuencias de contidos por Unidade didáctica.
  - 8.5.2.- Metodoloxía xeral.
- 8.6.- CONCRECIÓN CURRICULAR POR UNIDADES DIDÁCTICAS.

8.6.X. Identificación da Unidade.

8.6.X.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan.

8.6.X.2. Obxectivos específicos da Unidade didáctica.

8.6.X.3. Concreción curricular da Unidade

8.7.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE.

8.7.1.- Contidos mínimos na Cultura Científica de 1º de Bacharelato.

8.7.2.- Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación na F.Q. de 3º ESO.

8.7.3.- Procedemento para a recuperación das partes non superadas.

8.7.3.1.- Procedemento para definir as actividades de recuperación.

8.7.3.2.- Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.

8.7.3.3.- Procedemento para a realización da avaliación inicial.

8.7.4.- Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

8.7.5.- Medidas de atención á diversidade.

8.7.5.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

8.7.6.- Aspectos transversais.

8.7.6.1. Programación da educación en valores.

8.7.6.2. Actividades complementarias e extraescolares.



## **9.- FÍSICA DE 2º DE BACHARELATO.**

- 9.1.- Introducción e contextualización.
  - 9.1.1.- Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado deste curso.
- 9.2.- Obxectivos xerais da Física de 2º de Bacharelato.
- 9.3.- Obxectivos específicos da Física de 2º de Bacharelato.
- 9.4.- Relación de unidades, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
- 9.5.- Secuenciacións e Metodoloxía xeral.
  - 9.5.1.- Secuencias de contidos por Unidade.
  - 9.5.2.- Metodoloxía xeral na Física de 2º de Bacharelato.
- 9.6.-CONCRECIÓN CURRICULAR EN UNIDADES DIDÁCTICAS DA FÍSICA DE 2º DE BACHARELATO.
  - 9.6.x.- Unidade didáctica.
    - 9.6.x.1.-Identificación da unidade didáctica.
    - 9.6.x.2.-Obxectivos específicos da unidade didáctica.
    - 9.6.x.3.-Concreción curricular da Unidade.
- 9.7.- Contidos mínimos esixibles na Física de 2º de Bacharelato.
- 9.8.- Criterios de cualificación e procedementos de avaliación da aprendizaxe do alumnado.
  - 9.8.1.- Actividades de recuperación.
- 9.9.- Materiais e recursos didácticos.
  - 9.9.1.- Actividades prácticas.
- 9.10.- Actividades complementarias e extraescolares.
- 9.11.- Procedementos sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

## **10.- QUÍMICA DE 2º DE BACHARELATO.**

- 10.1.- Introducción e contextualización.
  - 10.1.1.- Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado deste curso.
- 10.2.- Obxectivos xerais da Química de 2º de Bacharelato.

- 10.3.- Obxectivos específicos da Química de 2º de Bacharelato.
- 10.4.- Relación de unidades, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
- 10.5.- Secuenciacións e Metodoloxía xeral.
  - 10.5.1.- Secuencias de contidos por Unidade.
  - 10.5.2.- Metodoloxía xeral na Química de 2º de Bacharelato.
- 10.6.- CONCRECIÓN CURRICULAR EN UNIDADES DIDÁCTICAS DA QUÍMICA DE 2º DE BACHARELATO.
  - 10.6.x.- Unidade didáctica.
    - 10.6.x.1.- Identificación da unidade didáctica.
    - 10.6.x.2.- Obxectivos específicos da unidade didáctica.
    - 10.6.x.3.- Concreción curricular da Unidade.
- 10.7.- Contidos mínimos esixibles na Química de 2º de Bacharelato.
- 10.8.- Criterios de cualificación e procedementos de avaliación da aprendizaxe do alumnado.
  - 10.8.1.- Actividades de recuperación.
- 10.9.- Materiais e recursos didácticos.
- 10.10.- Actividades complementarias e extraescolares.
- 10.11.- Procedementos sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

**11.- Recuperación de alumnos/as de 2º de bacharelato coa física e química pendente de 1º .**

**12.- Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.**

**13.- Xestión de laboratorios e do material correspondente.**

**14.- Normas e consellos de seguridade para traballar nos laboratorios de física e de química.**

## **1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

### **1.1. Identificación da programación**

#### 1.1.1. Centro educativo

Código	▪ Centro	▪ Concello	▪ Ano académico
15005257	IES Menéndez Pidal	A Coruña	2016-17

#### 1.1.2. Departamento

▪ FÍSICA E QUÍMICA
--------------------

#### 1.1.3. Materias

▪ Nome	▪ Curso	▪ Sesións semanais	▪ Sesións anuais
- Física y Química	2º ESO	3	102
- Física y Química	3º ESO	2	66
- Física y Química	4º ESO	3	102
- Física e Química	1º Bach.	4	132
- Cultura Científica	1º Bach.	2	66
- Física	2º Bach.	4	111
- Química	2º Bach.	4	111

## 1.1.4. Profesorado responsable e materias asignadas.

<b>– Xefe Departamento</b>	<b>– Ramón Vilalta López</b>
<b>– Materias</b>	Física y Química de 2º ESO (1 grupo) Física y Química de 3º ESO (3 grupos) Física y Química de 4º ESO (1 grupo) Cultura Científica 1º Bacharelato (1 grupo) Física 2º Bacharelato (1 grupo) Laboratorio (1 hora) Xefatura de Departamento.
<b>– Profesor titor</b>	<b>– Alejandro Álvarez Andrés</b>
<b>– Materias</b>	<b>–</b> Física y Química de 2º ESO (2 grupos) <b>–</b> Física y Química de 4º ESO (1 grupo) <b>–</b> Física e Química 1º Bacharelato (1 grupo) <b>–</b> Cultura Científica 1º Bacharelato (1 grupo) <b>–</b> Química 2º Bacharelato (1 grupo) <b>–</b> Laboratorio (1 hora).

## **1.2.- Horario de reunión do Departamento**

Tal como indica a actual normativa, realizaránse as reunións de Departamento necesarias, baixo convocatoria dos membros; en calquera caso, como mínimo, unha ao mes.

Esta hora empregárase para planificar, ordenar e coordinar todas as actividades do Departamento, procurando manter unha avaliación permanente dos recursos dispoñíbeis, das metodoloxías empregadas e do cumprimento dos programas, así como para establecer o máximo contacto e intercambio de impresións entre os membros do Departamento.

## **1.3.- Libros de texto e lingua preferente en cada curso.**

Atendendo ao artigo 7 do Decreto 79/2010, os cursos de 'Física y Química' na ESO impartíranse en castelán e os libros de texto fixados son, para os tres cursos (2º ESO, 3º ESO e 4º ESO), os da editorial Santillana. Proyecto Saber hacer.

Na materia de Ciencias aplicadas á Actividade Profesional, propia deste Departamento pero que, por razóns de reparto horario no Centro, este curso imparte o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, está fixado o libro da editorial Vicens Vives en galego (atendendo ao acordado na CCP do Centro).

Nas materias de Bacharelato, que se imparten en galego, asígnanse os seguintes libros:

Na Física e Química de 1º curso, o libro da editorial Oxford, serie INICIA-DUAL

Na Cultura Científica de 1º curso, non hai libro fixado, pero recoméndase, con carácter experimental neste curso, novamente, o libro de Cultura Científica da editorial Santillana. En relación a esta última materia, mántense o acordo (de Departamento e da CCP) do pasado curso de empregar, a lingua galega, se ben, hai que indicar que o libro recomendado (pero non de uso obrigatorio, pois se tratará dunha metodoloxía máis aberta á busca de información diversificada e á elaboración de traballos na aula) está escrito en castelán e non se atoparon materiais previamente elaborados en lingua galega. En calquera caso, hai que indicar que, ante o feito de que esta materia vén asignada a dous Departamentos diferentes, o acordo deste Departamento de Física e Química, ao que lle corresponde este curso impartir esta materia, foi consultado cos membros do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, exclusivamente, cara ao pasado curso 2015-16; acordo revisable, obviamente, cara aos próximos cursos.

No 2º curso, os libros de texto empregados serán, tal como se indicou ao final do pasado curso, tanto na Física como na Química, os da editorial Oxford, serie INICIA-DUAL.

#### **1.4.- Metodoloxía didáctica xeral**

A metodoloxía empregada para o desenvolvemento das clases é a clásica de *transmisión-recepción*. Diversas cuestións, que exceden amplamente o ámbito de elección deste Departamento, fai imposible a adopción dun ensino por descubrimento, así como a aplicación dunha metodoloxía construtivista pura. E, se isto foi o habitual, curso tras curso, aínda máis nestes cursos que presentan, nas súas programacións, un certo carácter de provisionalidade, tal como se explica nas metodoloxías didácticas dos diferentes cursos.

En calquera caso, pese ao modelo escollido, intentarase, na medida do posíbel, incluír algúns elementos construtivistas, tales como actividades prácticas no laboratorio, a indagación das ideas previas dos alumnos e a aplicación dalgúns exercicios abertos; así mesmo intentarase facer exposicións claras e amenas dos temas, acompañadas de exemplos e situación da vida cotián, de tal xeito que se faga máis comprensíbel o contido dos mesmos. Adicarase, pois, no 2º ciclo da ESO e bacharelato, o maior número de horas ás explicacións teóricas pertinentes e á resolución de cuestións prácticas e de exercicios numéricos, que aclaren e permitan afondar en cada un dos temas a estudo.

Con carácter xeral para todos os cursos, é evidente que a ausencia sistemática de horas de laboratorio, a falta de material adecuado (hai, polo menos, catro anos que non se reciben pedidos de material necesario e requerido, curso tras curso, á Consellería), e, particularmente no pasado curso, na Física e Química de 1º de Bacharelato, a incorporación de varios temas novos (por exemplo MHS, termodinámica, espectroscopia e espectrometría de análise), sen variar o número de sesións semanais dispoñíbeis, obviamente, dificultan, enormemente, a realización das actividades prácticas que serían deseabeis. Procurarase, no entanto, facer o 'que se poida' no relacionado coas prácticas de laboratorio, xa que non vai coincidir co 'que se podería considerar conveniente'.

En cada nivel descríbese con algo máis de detalle a metodoloxía aplicada no mesmo.

#### **1.5.- Contribución xeral das materias do Departamento ás competencias básicas.**

Enténdese por **Competencia** a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridos. As Competencias teñen tres compoñentes:

- \* **un saber** (un contido),
- \* **un saber facer** (un procedemento, unha habilidade, unha destreza...) e
- \* **un saber ser ou saber estar** (unha actitude de terminada).

Compoñentes que se desenvolven, a súa vez, como contidos conceptuais, procedementais e actitudinais para cada nivel.

Atendendo á orde que desenvolve a LOMCE, contempláanse como as sete competencias básicas seguintes:

Competencias	Númeración
Comunicación lingüística.	CCL
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.	CMCCT
Competencia dixital.	CD
Aprender a aprender.	CAA
Competencias sociais e cívicas.	CSC
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	SIEE
Conciencia e expresións culturais.	CEC

Posteriormente, en cada nivel farase unha particularización das competencias propias nese determinado nivel.

**-Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

A utilización da linguaxe como instrumento da comunicación oral e escrita é, obviamente, común a todas as materias e non podería ser menos na Física e Química. Nos diferentes cursos indicáranse as actividades concretas a desenvolver para un mellor aproveitamento e, esta competencia verase reforzada co proxecto Lector do centro.

**-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

Que consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de razoamento matemático.

Facendo experiencias sinxelas relacionadas con cada un dos temas para realizar na aula, con material fácil de conseguir. E, por suposto, faranse experiencias no laboratorio. Deste xeito o alumno relaciona os contidos científicos coa capacidade de relacionarse co mundo físico, e así aprende a desenvolverse adecuadamente con iniciativa e autonomía persoal en distintos ámbitos da vida.

Tamén se mostrarán aplicacións da materia de cada tema á vida cotiá, para contextualizar os contidos traballados en cada unidade coa realidade diaria do alumno.

### **-Competencia dixital (CD)**

Que comprende as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e a utilización das novas tecnoloxías para este labor, esta competencia é fundamental para utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Utilización da sala de informática de cando en vez para ver animacións relativas aos diferentes temas.

En cada unidade o profesor procurará facilitar aos seus alumnos enderezos web que se dirixirán cara ás animacións e páxinas que non soamente amplían contidos, senón que reforzan as leis estudadas mediante elementos gráficos interactivos.

### **-Competencia social e cidadá (CSC)**

Poñendo exemplos moi próximos á realidade do alumno para que poida desenvolverse socialmente coa axuda de coñecementos científicos aplicados, isto pode facerse traballando curiosidades científicas, anécdotas, ou informacións complementarias de prensa moi útiles na aprendizaxe.

### **-Conciencia e expresións culturais (CEC)**

Supón comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas.

### **-Competencia para aprender a aprender (CAA)**

Implica dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

### **-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)**



Supón ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

Estas competencias están entretecidas, o desenvolvemento e a utilización de cada unha delas require a súa vez das demais e esta relación móstrase sobre todo, na resolución de problemas, a actitude crítica, a xestión das emocións a iniciativa creativa ou a toma de decisións con avaliación do risco.

### **1.6.- Proxecto lector e club de lectura.**

Para fomentar a lectura e escritura, e conseguir as competencias básicas, é necesario un plan lector. A formación da lectura comprensiva esixe, un traballo progresivo e continuado onde se utilicen estratexias de comprensión lectora.

A materia de Física e Química en 3º da ESO só ten dúas horas á semana e en 4º da ESO, cun programa moi amplo, tres horas, resultando o tempo moi escaso; isto sumado ás dificultades que teñen os alumnos, habitualmente, en destrezas matemáticas para superar os contidos do programa fai que se deba medir moito o tempo dedicado á lectura en clase. No entanto, isto non debe excluír un traballo de motivación pola lectura sobre temas relacionados coa esta materia. Xa en anteriores cursos, no Departamento de Física e Química acordamos seguir na medida do posíbel o plan de lectura xeral do Centro, máis cara á estimular a lectura de obras propias da nosa materia cabe traballar aínda máis o tema, e potenciar a aproximación aos libros de ciencia.

En calquera caso, é moi importante crear e consolidar nos alumnos o 'hábito lector' e, neste sentido, intentárase integrar na aula os obxectivos do club de lectura '*Eppur se muove*', organizado e desenvolvido nos tres últimos cursos.

Utilizaríase a **biblioteca** como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, utilizando calquera soporte, impreso ou electrónico, no tratamento dos contidos curriculares.

Entre os libros de divulgación que se tentará traballar en diferentes niveis, aínda que fundamentalmente nos de Bacharelato, cabe citar, novamente:

- “El libro da física”. Clifford A. Pickover. Ed. Librero
- “Astronomía práctica e outras cousas” Ramón Vilalta; Ed. Toxosoutos.

- “50 cosas que hay que saber de Física” Joanne Baker; Ed. Ariel
- “50 cosas que hay que saber sobre o Universo” Joanne Baker; Ed. Ariel
- “50 cosas que hay que saber sobre a Física Cuántica”. J. Baker; Ed. Ariel.
- “Cómo mojar una galleta” Len Fisher; Ensayo Ciencia de Bolsillo
- "Po de estrelas" Xurxo Mariño; descargar en pdf de: ([http://www.udc.es/dep/medicina/neurocom/prensa/po\\_de\\_estrelas.pdf](http://www.udc.es/dep/medicina/neurocom/prensa/po_de_estrelas.pdf))
- "Os dados do reloxeiro" Xurxo Mariño; descargar en pdf de: (<http://www.consellodacultura.org/mediateca/extras/dados.pdf>)
- “El Tío Tungsteno” Oliver Sachs; Ed. Anagrama
- “Cuestiones curiosas de ciencia de Scientific American” Ed. Alianza
- “De Arquímedes a Einstein” Manuel Iozano; Ed. Debate
- “Cuestiones curiosas de química”, de Vinagre Arias e al. Alianza Ed.
- Todo vai (III). ¡Funciona!. Ramón Vilalta. Baía Edicións.
- 13 cosas que no tienen sentido. Michael Brooks. Ariel Ed.
- “Una Luna azul. Astronomía”. Ramón Vilalta. Bubok Ed.
- “Otra Luna azul. Astrofísica e Cosmología”. Ramón Vilalta. Bubok Ed.

Neste curso, manterase, na medida do posíbel, a intención de adquirir diversos libros de divulgación relacionados coa materia, ben sexa con recursos propios, da biblioteca ou do equipo de dinamización lingüística do Centro.

O obxectivo é transmitir a idea de que a ciencia é un elemento cultural máis, isto é, unha forma de aproximarnos ao mundo, máis alá dun mero “saber facer”.

### **1.7.- Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación, TICs**

A finalidade das TIC e incorporalas como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para un mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e da comunicación ofertan, os alumnos deberán aprender a buscar, obter, procesar e comunicar información en distintos soportes e transformala en coñecemento, para iso utilizaremos e aproveitaremos no que nos sexa posíbel os recursos do Centro, e tamén a biblioteca do instituto como centro de recursos multimedia para a obtención da información e aprendizaxe.

Temos que tender pouco a pouco a empregar as TIC no traballo cotián e nas actividades de aula: proxectos, explicacións, actividades, intercambio de experiencias, iniciativas e coñecementos en redes de colaboración (internet), e isto toda a comunidade educativa e os pais e nais dos nosos alumnos, tratando de superar as limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.

Especificamente, hai materias como Cultura científica, de 1º de Bacharelato, e Ciencias Medioambientais e da Saúde, de 4º da ESO que, dada a súa transversalidade intrínseca, a súa dedicación a todo o alumnado (sen distinción da súa formación máis ou menos específica en materias de ciencia básica) e a metodoloxía proposta, requirirían da asignación dalgunha hora, sistematicamente, dun aula de ordenadores; a dificultade radica no feito de que estas materias coinciden, nas horas de desdobres, coas materias de TIC 1ºbacharelato e de Informática 4º ESO. Concretamente neste curso, os alumnos de Cultura científica dispoñerán dunha hora semanal da aula de Informática (das dúas horas asignadas, unha hora para cada grupo), feito que permitirá, cremos, participar no plan de integración das TIC no desenvolvemento desta materia, mais non ocorre igual nas CCMMS de 4º da ESO, onde non se atopan horas dispoñibles, na aula de ordenadores, para esta materia.

En relación con este Departamento, intentárase promover a participación na páxina web do Centro, e estimular a consulta de páxinas relacionadas coa materia, incluída unha de Ramón Vilalta, membro do Departamento, na que figuran algúns exercicios complementarios, actividades, curiosidades, etc., relacionadas coa nosa materia, e diversos contidos de divulgación científica.

## **2.- FÍSICA E QUÍMICA NA ESO**

### **2.1. Introducción e contextualización**

A aprendizaxe da física e da química resulta imprescindible, xunto coas demais ciencias experimentais e a tecnoloxía, para permitir aos alumnos e ás alumnas analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na nosa sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Ademais, compártese co resto das disciplinas a responsabilidade de promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo. Como materia científica, Física e Química ten o compromiso engadido de dotar o alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. Para que estas expectativas se concreten, o ensino desta materia debe incentivar unha aprendizaxe contextualizada que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que estableza a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacións cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor.

A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e as alumnas para extraeren e comunicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren cientificamente fenómenos físicos e naturais. Á chegada á competencia propiamente científica cumprirá engadir as correspondentes ao resto das competencias clave.

É preciso o afondamento nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non só como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter algunha aplicación máis ou menos útil. Neste sentido, resulta salientable a chegada de Física e Química á competencia en conciencia e expresións culturais, por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade; consecuentemente, personaxes como Newton, Lavoisier, Boyle, Marie Curie, Lise Meitner, no plano internacional, ou Antonio Casares Rodríguez, Ramón María Aller Ulloa, Francisco de Neira e tantos outros, na nosa comunidade, deben ser recoñecidos e valorados como actores principais da construción da nosa cultura.

A física e a química non son alleas ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, xa que promoven actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos, cuestións ambientais, etc. A mesma competencia tamén está relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

Non debemos esquecer que o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación e, consecuentemente, a competencia dixital merece un tratamento específico no estudo desta materia. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.

A elaboración e a defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permite afondar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, ten como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma destes. Tanto o traballo en equipo como a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propician, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, sen a que non se entendería o progreso da ciencia.

En relación á competencia de aprender a aprender, cómpre indicar que se algo caracteriza a actividade científica é a curiosidade, o interese por aprender propio da ciencia. En unión a procesos tales como a reflexión sobre si mesmo/a como estudante, sobre a tarefa para desenvolver ou sobre as estratexias para aprender, que propician todas as disciplinas, Física e Química achega unha estratexia, o método científico, nomeadamente relevante no proceso de adquisición de coñecementos.

Para finalizar a análise xeral da participación da materia que nos ocupa no desenvolvemento das competencias clave, haberá que referirse á competencia en comunicación lingüística. Das múltiples achegas a esta competencia clave (defensa de traballos de investigación, selección e interpretación da información, comunicación dos traballos realizados, etc.) podemos salientar dúas: a relacionada coa linguaxe propia das ciencias (interpretación de gráficas, táboas, etiquetaxes, símbolos, formulación, etc.) e, moi importante, a relacionada co proceso de argumentación, entendido como o proceso de avaliación dos enunciados de coñecemento, á luz das probas dispoñibles.

En xeral, no segundo ciclo de ESO, a Física e Química vai adoptando, xa, un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar o alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina; se ben é certo que, dúas horas semanais, probablemente, non resulte un tempo adecuado para afrontar algúns dos temas propostos, dada a inconsistencia de coñecementos matemáticos, instrumentais, dalgúns alumnos.

En calquera caso, os contidos que se recollen no currículo están ao servizo do logro dos distintos criterios. Estes elementos, en unión coas competencias clave e cos obxectivos, estrutúranse en bloques. O primeiro bloque, común a todos os niveis, está dedicado a desenvolver as capacidades inherentes ao traballo científico, partindo da observación e a experimentación como base do coñecemento. Os elementos propios deste bloque deben desenvolverse de xeito transversal ao longo de todo o curso, utilizando a elaboración de hipóteses e a toma de datos como pasos imprescindibles para a resolución de calquera tipo de problema. Cabería

desenvolver destrezas no manexo do aparato científico, pois o traballo experimental é unha das pedras angulares de Física e Química, mais isto depende moito, dos recursos dispoñibles, dado que, neste nivel, aínda resulta complexa a realización de actividades de laboratorio con grupos moi numerosos e con escasa disponibilidad de tempo e material necesario. En calquera caso, débese intentar conectar os contidos e os procedementos estudados coa actividade práctica, desenvolvendo modelos de explicación, aproximacións á realidade desde os modelos teóricos, etc. Nesta liña, obviamente, traballarase a presentación dos resultados obtidos mediante gráficos e táboas, a extracción de conclusións e a súa confrontación con fontes bibliográficas.

Na ESO, a materia e os seus cambios trátanse nos bloques segundo e terceiro, respectivamente, abordando os aspectos de forma secuencial. No primeiro ciclo debera realizarse unha progresión do macroscópico ao microscópico, mais hai que lembrar que este curso, provisionalmente, o alumnado está comezando coa Física e Química. Ese enfoque permite introducir o concepto de materia a partir da experimentación directa, mediante exemplos e situacións cotiás, entanto que se procura un enfoque descritivo para o estudo microscópico.

## **2.2. Relación de Obxectivos xerais.**

Tal como se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño do 2015, publicado no DOG, o pasado 1 de xullo, “a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan” os seguintes obxectivos xerais:

<b>Obxectivos</b>	<b>Númeración</b>
Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, cooperación e a solidariedade.	O1
Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.	O2
Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.	O3
Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os perxuizos de calquera tipo.	O4

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.	O5
Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.	O6
Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.	O7
Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.	O8
Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.	O9
Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propia e das outras persoas.	O10
Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.	O11
Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.	O12
Coñecer e valorar os aspectos básicos de patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia.	O13
Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade..	O14

### **3.- FÍSICA E QUÍMICA EN 2º DA ESO.**

#### **3.1. Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado neste curso, en 2º eso.**

En relación ao último parágrafo do apartado xeral 2.1., non podemos esquecer que este curso vai ser o primeiro curso de Física e Química de 2º da ESO, atendendo ao cambio de currículo e, en calquera caso, será, tamén en anos sucesivos, o primeiro curso de FQ para @s alumn@s que chegan a este curso.

A primeira observación supón que non hai precedentes inmediatos, para o profesorado, sobre a situación dos alumnos que chegan a este curso en canto aos niveis promedio que cabe esperar, aos recursos instrumentais que posúen, o estadio psicoevolutivo medio alcanzábel, etc.

Por exemplo, ante a reiterada experiencia, curso tras curso, de atoparse na FQ de 3º ESO cun gran número de alumn@s que presentan problemas instrumentais no cálculo (nos primeiros temas) ou dificultades para a abstracción necesaria noutros temas, neste curso, tal como se indica na LOMCE, este alumnado deberá, un curso antes, afrontar algúns deses aspectos e, aínda que obviamente, se intentará rebaixar o nivel con respecto ao que se estudaba en 3º curso, temos o gran interrogante de ata que punto serán alcanzábeis os obxectivos que aquí se plantexan. En definitiva, este curso 2016-17, terá na FQ 2º ESO un forte sesgo experimental, de obtención de datos cara a mellorar, na medida do posíbel, para os próximos cursos.

En calquera caso, considerando o anterior, parece claro que a metodoloxía estará moi orientada, ou debería estar orientada, cara a un estudo máis fenomenolóxico e descritivo dos contidos do que, cabería esperar, para eses mesmos contidos, cando se estudaban no 3º da ESO.

#### **3.2. Obxectivos xerais da Física e Química de 2º curso ESO.**

Como obxectivos xerais para a Física e Química de 2º da ESO, establécense os seguintes:

- Motivar ao alumnado para a observación dos procesos naturais como punto de partida no estudo de materias de carácter científico, como a Física e Química.
- Promover unha aproximación do alumnado a unha perspectiva científica na observación dos fenómenos cotiáns ou non.
- Traballar e familiarizarse co fenómeno da medida e as principais magnitudes do Sistema Internacional de Unidades.



- Iniciarse no estudo da materia e das principais propiedades que a definen.
- Distinguir os diferentes estados da materia e diferentes formas de presentación da mesma.
- Iniciarse no estudo da teoría cinético-molecular como explicación das leis dos gases e doutros moitos fenómenos observados en relación cos estados básicos da materia.
- Iniciarse no estudo dos estados de agregación da materia.
- Iniciarse no estudo da estrutura da materia e as partículas constituíntes da mesma.
- Iniciarse no estudo do movemento dos corpos e coñecer algúns movementos sinxelos, tanto rectilíneos como o circular uniforme.
- Coñecer, de forma elemental, a relación entre o movemento dun corpo e o tipo de forzas actuantes.
- Iniciarse no estudo dalgunhas forzas da Natureza.
- Recoñecer as formas da enerxía e as súas transformacións, así como a súa conservación nos sistemas físicos.
- Describir algunhas reaccións químicas facilmente observábeis.
- Coñecer algunhas innovacións científicas e tecnolóxicas de gran importancia, así como as bases teóricas que permitiron o seu desenvolvemento.
- Aplicar estratexias científicas na resolución de problemas relacionados cos feitos observábeis na Natureza.
- Participar en actividades e experiencias sinxelas que permitan verificar os feitos e conceptos estudados, así como valorar positivamente o traballo en equipo.
- Valorar a ciencia como fonte de coñecemento sobre o contorno e como motor do desenvolvemento da tecnoloxía, a cal mellora as condicións de vida das persoas.
- Amosar interese polo coñecemento das leis físicas, que permiten explicar o comportamento da materia, así como as aplicacións técnicas desas leis.

No apartado 3.5.X.2, en cada unidade didáctica do curso, figuran os obxectivos específicos que se traducen nos contidos e criterios de avaliación correspondentes.

### 3.3. Relación de unidades didácticas, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.

U.D.	Título	Descrición	Duración
			Nº sesións
1	A materia e a medida.	Estudo e clasificación das propiedades que caracterizan á materia. O método científico. O proceso da medida en ciencia. Sistema Internacional de Unidades e conversión de cantidades. Iniciación á práctica de diferentes tipos de medida e instrumentación de laboratorio.	18 sesións
2	Estados da materia.	Estados físicos da materia. Leis dos gases. Teoría cinética e estados da materia. Cambios de estado.	13 sesións
3	A diversidade da materia.	Substancias puras e mesturas. Mesturas homoxéneas e heteroxéneas. Disolucións, dispersións coloidais e emulsións.	8 sesións
4	Cambios na materia.	Composición da materia. Os átomos e os elementos. O Sistema Periódico dos elementos. Unións entre átomos. Moléculas e cristais. Estudo dos cambios físicos e químicos na materia. As reaccións químicas.	9 sesións
5	Forzas e movementos.	Concepto de forza. Lei de Hooke. Estudo do movemento e os elementos necesarios para o mesmo. MRU e MCU. Aceleración. O movemento e as forzas. Estudo das forzas de rozamento. Máquinas simples.	10 sesións
6	As forzas na Natureza.	Descrición das catro interaccións básicas. Forza gravitatoria. Forza eléctrica. Forza magnética. Forzas nucleares. Lei da gravitación universal. Forza gravitatoria e peso. Distancias no Universo. A Terra como un imán.	12 sesións
7	A enerxía	A enerxía e as formas de presentación. Características da enerxía. Intercambio de enerxía entre corpos. Fontes de enerxía. Aproveitamento da enerxía e impacto ambiental das fontes de enerxía.	10 sesións

▪ 8	– Temperatura e calor	– Condutores e illantes da calor. Calor e temperatura. A calor específica. Calor latente dun cambio de estado. Equilibrio térmico. Calor e dilatación.	10 sesións
▪ 9	– Luz e son.	– As ondas sonoras. A luz como onda. Características dunha onda. O espectro electromagnético. Os corpos e a luz. Propiedades das ondas. Aplicacións da luz e o son.	8 sesións
▪	– TOTAL		98 sesións

### 3.4. Secuenciación e metodoloxía xeral en 2º da ESO.

#### 3.4.1. Secuencias de contidos por Unidade didáctica .

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.1.A Física e a Química.</li> <li>▪ 1.2. Os instrumentos de medida.</li> <li>▪ 1.3. As medidas.</li> <li>▪ 1.4. Cambio de unidades.</li> <li>▪ 1.5. Interpretación de resultados experimentais.</li> <li>▪ 1.6. O método científico.</li> <li>▪ 1.7. Busca, selección e organización de información a partir de textos e imaxes para completar actividades e responder a preguntas.</li> <li>▪ 1.8. Contrastación dunha teoría con datos experimentais.</li> <li>▪ 1.9. Coñecemento dos procedementos para a determinación das magnitudes.</li> <li>▪ 1.10. Valoración da importancia do método científico para o avance da ciencia.</li> <li>▪ 1.11. Apreciación do rigor do traballo de laboratorio.</li> <li>▪ 1.12. A materia e as súas propiedades.</li> <li>▪ 1.13. Identificación das propiedades e características da materia.</li> <li>▪ 1.14. Cálculo e medición de volume, maas e densidade en distintos contextos.</li> </ul>	Unidade 1

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 2.1. Os estados físicos da materia.</li><li>▪ 2.2. As leis dos gases.</li><li>▪ 2.3. A teoría cinética e os estados da materia.</li><li>▪ 2.4. Aplicación dunha técnica. A velocidade das partículas dun gas.</li><li>▪ 2.5. Os cambios de estado.</li><li>▪ 2.6. Diferencia entre ebulición e evaporación.</li><li>▪ 2.7. A teoría cinética e os cambios de estado.</li><li>▪ 2.8. Os estados da auga e a meteoroloxía.</li><li>▪ 2.9. Análise científico. A fusión do xeo nos polos.</li></ul>	Unidade 2
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 3.1. A materia.</li><li>▪ 3.2. As mesturas.</li><li>▪ 3.3. Disolucións, dispersións coloidais e emulsións.</li><li>▪ 3.4. As substancias puras.</li><li>▪ 3.5. Mesturas na vida cotiá.</li><li>▪ 3.6. Separación dos compoñentes dunha mestura.</li><li>▪ 3.7. O consumo do gas natural.</li></ul>	Unidade 3
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 4.1. Composición da materia.</li><li>▪ 4.2. Os átomos dos elementos químicos.</li><li>▪ 4.3. O Sistema Periódico dos elementos.</li><li>▪ 4.4. Unións entre átomos: moléculas e cristais.</li><li>▪ 4.5. Masas atómicas e moleculares.</li><li>▪ 4.6. Materia e materiais.</li><li>▪ 4.7. Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas.</li><li>▪ 4.8. Cambios físicos e químicos.</li><li>▪ 4.9. A reacción química.</li><li>▪ 4.10. Reaccións cotiáns.</li><li>▪ 4.11. A química na sociedade e o medio ambiente.</li><li>▪ 4.12. Factores de influencia na velocidade dunha reacción.</li></ul>	Unidade 4

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 5.1. Concepto de forza.</li><li>▪ 5.2. Lei de Hooke.</li><li>▪ 5.3. O dinamómetro.</li><li>▪ 5.4. O movemento: sistema de referencia, traxectoria, posición e desprazamento.</li><li>▪ 5.5. A velocidade.</li><li>▪ 5.6. O movemento rectilíneo uniforme (MRU).</li><li>▪ 5.7. O movemento circular uniforme (MCU).</li><li>▪ 5.8. A aceleración.</li><li>▪ 5.9. O movemento e as forzas. Forzas de rozamento e o movemento.</li><li>▪ 5.10. Máquinas simples.</li></ul>	Unidade 5
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 6.1. Forzas da Natureza.</li><li>▪ 6.2. Forza gravitatoria.</li><li>▪ 6.3. Lei da gravitación universal. A forza gravitatoria e o peso.</li><li>▪ 6.4. O Universo.</li><li>▪ 6.5. Modelos de Universo. Modelo xeocéntrico e modelo heliocéntrico. Leis de Kepler.</li><li>▪ 6.4. O sistema solar.</li><li>▪ 6.5. Forza eléctrica.</li><li>▪ 6.6. Os imáns.</li><li>▪ 6.7. Forza nuclear débil e forza nuclear forte.</li></ul>	Unidade 6
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 7.1. A enerxía.</li><li>▪ 7.2. Formas de presentación da enerxía.</li><li>▪ 7.3. Características da enerxía, Intercambio de enerxía entre os corpos.</li><li>▪ 7.4. Fontes de enerxía.</li><li>▪ 7.5. Aproveitamento da enerxía.</li><li>▪ 7.6. Impacto ambiental da enerxía.</li><li>▪ 7.7. A enerxía que empregamos. Produción e consumo de enerxía. Aforro enerxético e desenvolvemento sostenible.</li></ul>	Unidade 7

– Contidos	UNIDADE
Se indicará o valor de cada pregunta da proba. Caso de que non se indique, se suporá que todas as preguntas teñen o mesmo valor.

Atendendo a unha idea de formación integral do alumnado, na corrección dos exames o profesor do curso poderá rebaixar a cualificación final ata un máximo de 1 punto ao considerar unha presentación manifestamente indebida e/ou unha desmesurada existencia de faltas de ortografía.

Ao menos que se informe debidamente doutra cousa, previamente, ao comezo da avaliación por parte do profesor, a cualificación dos exames será obtida como media dos diferentes exames realizados na avaliación.

Así mesmo, empregaranse como elemento de cualificación cualitativa, como clave para o diagnóstico de cada unidade, a rúbrica indica na concreción curricular correspondente (apartado. 3.5.X.4).

A cualificación final será obtida facendo a media de todas as cualificacións ao longo de todo o ano, considerando, ademais, a evolución das mesmas ao longo do curso.

En resumo, os instrumentos para a avaliación do alumnado a empregar serán:

- Rúbrica das unidades como elementos de diagnóstico.
- Evaluación de contidos nas probas correspondentes.
- Evaluación por competencias nas probas correspondentes.
- Valoración de actividades caseiras e de laboratorio.
- Seguemento da actividade na aula.

En calquera caso, á hora de cualificar, o profesor terá en conta os criterios de obxectividade, igualdade e xustiza oportunos, respectando en todo momento os dereitos dos alumnos e atendendo ao mellor cumprimento dos deberes que lles corresponden.

### **3.6.3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

#### **3.6.3.1. Procedemento para definir as actividades de recuperación.**

Como primeira medida de recuperación, establécense actividades de reforzo (ver atención á diversidade) para cada unidade.

No entanto, os contidos non superados poderán ser recuperados en probas específicas para tal fin. Tales probas de recuperación poderán ser parciais (partes dun determinado exame ou dun tema) ou dunha avaliación concreta, segundo as

circunstancias específicas de cada curso ou grupo; en calquera caso, tales condicións de recuperación deberán ser especificadas polo profesor correspondente de forma clara e, sempre previamente, á realización de cada avaliación.

En calquera caso, ao final de curso, todo o alumnado que non superase algunha desas actividades terá dereito a unha proba de recuperación final en Xuño. A esta proba final, que puntuará de 0 a 10 puntos, poderán optar todos aqueles alumnos que teñan avaliacións por recuperar. Para aquel alumnado que, nesa proba, tivese unha única avaliación pendente de recuperación, chegará con superar esa proba para superar a materia; no caso de chegar a esa proba con máis dunha avaliación pendente, a cualificación obtida nesa proba fará media aritmética coa media obtida nas tres avaliacións do curso cara á obtención da parte de avaliación cuantitativa á que se refire o apartado 5, sobre criterios de cualificación.

Naturalmente, seguindo a lexislación vixente, haberá un exame extraordinario en Setembro para quen non supere a materia correspondente durante o curso. Nesa convocatoria de Setembro só se terá en conta a cualificación obtida nesta proba extraordinaria.

### **3.6.3.2. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Para aquel alumnado que perda o dereito de avaliación continua desenvolverase unha proba específica que inclúa aqueles contidos e criterios de avaliación indicados, no correspondente apartado, como mínimos esixíbeis e que se correspondan coas unidades didácticas que o alumno ou a alumna, en concreto, non desenvolveu na aula.

Así, mesmo, haberá a posibilidade de que, como complemento, se encarguen actividades caseiras específicas, por parte do profesor do curso correspondente, dadas as circunstancias desa perda do dereito á avaliación continua; pois, obviamente, cabe distinguir entre situacións de reorientacións de conduta ou faltas xustificadas pero excesivas debidas ao caso de enfermidade prolongada e, neste caso, situacións que inhabiliten, ou non, para unha única proba de avaliación extraordinaria sen máis. Nestes casos, establececese o procedemento concreto e personalizado en reunión de Departamento, considerando toda a información pertinente.

### **3.6.3.3. Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A avaliación inicial terá dúas fontes básicas de información:

-Por unha banda, nos primeiros días do curso realizarase unha proba de diagnóstico básica, na que se valorarán as habilidades de cada



alumn@ en cuestións instrumentais como, por exemplo, cálculo aritmético sinxelo, algunha conversión simple de unidades, no que aos aspectos matemáticos se refire, e cuestións como faltas de ortografía, presentación básica, actitude ante o traballo, etc, de carácter máis xeral.

- En todo o tempo previo á sesión de avaliación inicial do profesorado do grupo, será fundamental a observación, por parte do profesor, da actitude en clase, das habilidades sociais e calquera outra circunstancia que permita unha valoración personalizada de cada alumn@, cara a unha optimización do enfoque posterior de todo o curso.

- Así mesmo, se inclúe a información aportada desde o Departamento de Orientación e as profesoras de Pedagogía Terapéutica.

### **3.6.4. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.**

Dado que o seguimento das programacións, en todos os cursos e grupos, e a avaliación da práctica docente se fará cos mesmos criterios e indicadores de logro para todas as materias do Departamento, o procedemento figura, con carácter xeral, no apartado 12 desta programación.

### **3.7. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade tenderán a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e se rexirán polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade e deseño universal e cooperación da comunidade educativa.

A continuación figuran o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses do alumnado. Nelas se inclúen:

Actividades de reforzo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Adaptacións curriculares para quen non responda aos obxectivos programados e se valore que necesita este tipo de material.

Actividades de ampliación para aquel alumnado que, atendendo a súas capacidades, intereses e/ou motivacións propias, demande tales actividades.

#### **3.7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Para cada Unidade didáctica, o profesorado dispón dunha batería de actividades de reforzo con diferentes tipoloxías, neste curso, subministrada polos materiais complementarios da editorial Santillana.

### **3.7.2. Medidas de adaptación curricular.**

No Departamento de Orientación existen fichas de adaptación curricular, editorial Vicens Vives, para os seguintes contidos, por unidade didáctica.

## **3.8. Aspectos transversais**

### **3.8.1. Programación da educación en valores**

#### **- Historia da ciencia e tradición:**

Respecto e valoración de culturas e modos de vida que nos precederon e enriqueceron coas súas achegas; con este fin, propónse fixar a atención en construcións e aparellos que, próximos aos alumnos, forman parte do patrimonio cultural de todos nós.

#### **- Educación para a saúde:**

Respecto polas normas de seguridadee no laboratorio.

Valoración dos efectos contaminantes medioambientais sobre a saúde.

Valorar os efectos negativos que teñen certos produtos químicos como, por exemplo, diferentes drogas: nicotina do tabaco, alcohol e outras drogas.

Precaución na utilización dos medicamentos.

Respecto polas instrucións e normas de seguridadee na utilización de aparellos eléctricos e produtos químicos.

**- Educación do consumidor:**

Recoñecemento dos símbolos de perigo nos produtos químicos e aparellos de consumo habitual.

Aforro de enerxía xa que a súa produción é cara e contamina.

Importancia do petróleo e outros combustíbeis fósiles na sociedade actual e importancia do aforro dos seus derivados.

Desenvolver o interese por investigar a presenza de contaminantes na atmosfera, na auga, nos ríos, nos alimentos etc.

**- Educación para a paz:**

Uso bélico da enerxía química e nuclear e os seus riscos para a humanidade.

Interese por coñecer as aplicacións pacíficas da radioactividade.

Perigo evidente do desenvolvemento de armas de destrución masiva.

**- Educación ambiental:**

Valoración crítica do impacto medioambiental dos procesos químicos.

Valoración da contribución ao mantemento do medio ambiente.

Valoración do impacto producido polos distintos tipos de centrais eléctricas sobre o medio ambiente.

Respecto polo medio natural.

Toma de conciencia sobre a contaminación nas cidades e forma de corrixirse con instalacións adecuadas e coa adopción das RRR: redución de lixo, reutilización e reciclaxe do mesmo.

**- Educación non sexista:**

Tolerancia e respecto polas diferenzas individuais e recoñecemento e aceptación da existencia de conflitos interpersoais, valorando o diálogo como medida de convivencia.

Valoración da importancia do traballo en equipo na planificación e realización de experiencias e outros traballos, con independencia do sexo das persoas.  
Valoración da actividade científica da muller.

### **3.9. Materiais e recursos didácticos dispoñíbeis para FQ de 2º ESO.**

Na Física e Química de 2º da ESO empregárase o correspondente libro de texto, da editorial SANTILLANA, serie SABER HACER, indicado no apartado 1.3. da Introducción xeral.

As explicacións do profesor serán complementadas con diferentes medios audiovisuais (vídeos, DVD, diapositivas, animacións informáticas, internet... ), empregados segundo os casos.

O obxectivo para este curso centrarase, entre outros, en despertar o interese do alumnado por esta materia, complementar a súa aprendizaxe da aula mediante a comprobación dalgunha lei estudada teoricamente ou provocar un conflito entre as ideas previas dos/as alumnos/as e determinados feitos experimentais (nun plano máis construtivista). Neste sentido se mandarán facer as chamadas "prácticas caseiras" que con material dispoñible na casa o alumno estuda e analiza comportamento da materia.

Neste sentido, empregáranse os materiais complementarios que acompañan ao libro de texto, subministrados pola editorial, tales como

- presentacións-esquemas (un por unidade).
- animacións en formato dixital.
- fichas de comprensión lectora.
- enlaces a vídeos.
- enlaces a páxinas web.
- actividades interactivas dixitais.
- mapas conceptuais (un por unidade).

Neste curso de F.Q. de 2º da ESO, o estudo desta materia debe ser, fundamentalmente fenomenolóxico, empregando na medida do posible, experiencias de laboratorio e actividades caseiras como elemento básico na aprendizaxe do alumnado. Así pois, intentarase realizar a maior número de actividades deste tipo de entre as indicadas nas actividades prácticas nos apartados 3.5.x.3.

### 3.10. Actividades complementarias e extraescolares.

Dado que é o primeiro curso de Física e Química en 2º da ESO, e visto o indicado no apartado 3.5.1. neste curso 2016-17, non se considera oportuno, en principio, neste Departamento realizar actividades extraescolares, fóra do Centro, cos grupos deste curso.

No referente a actividades complementarias, contéplase a realización de diversos traballos prácticos de laboratorio e actividades caseiras, así como actividades correspondentes ao proxecto lector.

Así mesmo, plantéxase realizar algunha visita virtual a museos científicos de todo o mundo, ben entre os propostos polo profesor da materia ou ben como busca libre nos buscadores habituais.

#### **Tratamento de fomento da lectura**

Tal como se comenta na introdución, no punto 1.6, para conseguir as competencias básicas e fomentar a lectura e escritura é necesario un plan lector.

En calquera caso, intentárase a lectura de textos sinxelos relacionados con esta materia. Entre as lecturas posíbeis cabe considerar un capítulo de 'Os dados do reloxeiro' de Xurxo Mariño, e 'A ciencia dos superhéroes', citados na introdución xeral, apartado, 1.6.

Con toda seguridade, ao longo do curso, irán xurdindo temas, relacionados co medioambiente, a saúde, etc, que permitan propostas de lectura concreta. En calquera caso, xa se ten comentado a importancia de fomentar o uso da biblioteca por parte do alumnado.

#### **Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación, TICs**

Concretando a declaración de intencións do apartado 1.7. da introdución xeral, resulta evidente a tendencia á incorporación das TICs como un recurso máis no proceso de aprendizaxe do alumnado e así cumpre actuar. Cabe, pois, a posibilidade de consultar diferentes páxinas webs relacionadas coa Física e Química, acostumar ao alumnado a consultar directamente a información das fontes principais e, por suposto, fomentar a participación na páxina web do noso Centro.

## **4.- FÍSICA E QUÍMICA EN 3º DA ESO.**

### **4.1. Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado neste curso, en 3º eso.**

En relación ao último parágrafo do apartado xeral 2.1., non podemos esquecer que este curso vai ser, provisionalmente o segundo de Física e Química para o alumnado de 3º curso, mais, atendendo ao establecido pola lei vixente, en próximos cursos terán estudado xa un curso de Física e Química en 2º da ESO. No Departamento entendemos que esta situación obriga a suplir, provisionalmente, certas carencias propias de non ter abordado o anterior curso especificamente deseñado no actual currículo desta materia.

Así, pois, neste curso, introdúcese secuencialmente o concepto de átomo, a ligazón química e a nomenclatura dos compostos químicos, así como o concepto de mol e o cálculo estequiométrico, mais cun esforzo adicional de conexión que permita suplir as carencias aludidas e relacionadas coa progresiva implantación do novo plan de estudo. Por esta razón, incorpórase, como unha mostra de método científico, un tema propio do anterior curso (cando se implanta, en condicións xa estables) como é o caso das leis dos gases e a teoría cinético molecular, que entendemos como fundamentais para explicación dos posteriores contidos.

### **4.2.- Obxectivos xerais da Física e Química de 3º curso ESO:**

Como obxectivos xerais para a Física e Química de 3º da ESO, establececese os seguintes:

- Motivar ao alumnado para a observación dos procesos naturais como punto de partida no estudo de materias de carácter científico, como a Física e Química.
- Promover unha aproximación do alumnado ao método científico.
- Traballar e familiarizarse co fenómeno da medida e as principais magnitudes do Sistema Internacional de Unidades.
- Iniciarse no estudo da materia, relacionando as leis dos gases coa teoría cinética molecular como exemplo particularmente significativo.
- Distinguir os diferentes estados da materia e diferentes formas de presentación da mesma.
- Iniciarse no estudo da estrutura da materia e as partículas constituíntes da mesma.
- Aproximarse aos fenómenos eléctricos relacionados coa estrutura da materia.

- Recoñecer as formas da enerxía e as súas transformacións, así como a súa conservación nos sistemas físicos.
- Coñecer a importancia do desenvolvemento da estrutura atómica, a ordenación dos elementos químicos na táboa periódica.
- Coñecer e realizar cálculos químicos empregando conceptos como mol, masa molecular, moléculas e número de moléculas etc, así como o saber expresar a concentración das disolucións de diferentes formas e realizar cálculos sinxelos coas mesmas.
- Saber formular e nomear diferentes compostos químicos (binarios e algúns ternarios simples) seguindo as normas actuais de IUPAC e, nalgúns casos, o nome tradicional de certos compostos de gran importancia social.
- Describir algunhas reaccións químicas facilmente observábeis (combustión, corrosión, ácido-base, redox etc) e explicar como se producen.
- Coñecer algunhas innovacións científicas e tecnolóxicas de gran importancia, así como as bases teóricas que permitiron o seu desenvolvemento.
- Aplicar estratexias científicas na resolución de problemas relacionados cos feitos observábeis na Natureza.
- Participar en actividades e experiencias sinxelas que permitan verificar os feitos e conceptos estudados, así como valorar positivamente o traballo en equipo.
- Valorar a ciencia como fonte de coñecemento sobre o contorno e como motor do desenvolvemento da tecnoloxía, a cal mellora as condicións de vida das persoas.
- Amosar interese polo coñecemento das leis físicas, que permiten explicar o comportamento da materia, así como as aplicacións técnicas desas leis.

No apartado 4.5.X.2, en cada unidade didáctica do curso, figuran os obxectivos específicos que se traducen nos contidos e criterios de avaliación correspondentes.

#### **4.3. Relación de unidades didácticas, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.**

U.D.	▪ Título	▪ Descripción	– Duración
▪			– Nº sesións
▪ 1	– O método científico. A medida.	– Estudo do método científico e do proceso de medida en ciencia. Sistema Internacional de Unidades, notación científica e conversión de cantidades. Tratamento de erros. Ao remate, para ilustrar o método científico empregárase o descubrimento das leis dos gases e a TCM.	18 sesións
▪ 2	– O átomo	– Teoría atómica de Dalton e os primeiros modelos atómicos.	8 sesións
▪ 3	– Os elementos químicos	– Sistema periódico e os elementos químicos.	5 sesións
▪ 4	– Os compostos químicos	– O enlace químico e os compostos. Formulación inorgánica de binarios.	5 sesións
▪ 5	– As reaccións químicas	– Introducción ao estudo das reaccións químicas. Estequiometría.	10 sesións
▪ 6	– Electricidade e magnetismo	– Introducción ao estudo da electrostática e do magnetismo.	7 sesións
▪ 7	– Circuitos eléctricos e electrónicos	– Introducción ao estudo dos circuitos.	6 sesións
▪ 8	– A enerxía	– Tipos, fontes e importancia da enerxía.	7 sesións
▪	– <b>TOTAL</b>		66 sesións



#### 4.4.- Secuenciación e metodoloxía xeral en 3º da ESO.

##### 4.4.1. Secuencia de contidos por Unidade didáctica

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A actividade científica.</li> <li>▪ Método científico: etapas.</li> <li>▪ Utilización das TIC.</li> <li>▪ A medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.</li> <li>▪ Notación científica.</li> <li>▪ Erros.</li> <li>▪ 1.7. Os instrumentos de medida.</li> <li>▪ 1.8. Estrutura dun informe científico. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.</li> <li>▪ 1.9. A tarefa de investigación. Proxecto de investigación.</li> <li>▪ 1.10. Medida da densidade dun sólido irregular.</li> <li>▪ 1.11. A seguridade nos laboratorios de Física e Química. Traballo no laboratorio.</li> <li>▪ 1.12. As variables de estado dun gas. A presión atmosférica. As leis dos gases.</li> <li>▪ 1.13. A teoría cinético-molecular dos gases.</li> </ul>	Unidade 1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2.1 A materia está formada por átomos.</li> <li>▪ 2.2. A natureza eléctrica da materia.</li> <li>▪ 2.3. Os primeiros modelos atómicos.</li> <li>▪ 2.4. Estrutura atómica.</li> <li>▪ 2.5. Modelos atómicos.</li> <li>▪ 2.6. Como se identifican os átomos?</li> <li>▪ 2.7. Os novos modelos atómicos.</li> <li>▪ 2.8. Como debuxar átomos.</li> <li>▪ 2.9. A radioactividade. Isótopos.</li> <li>▪ 2.10. Aplicacións dos isótopos.</li> <li>▪ 2.11. Os espectros atómicos.</li> <li>▪ 2.12. A teoría atómica nunha liña de tempo.</li> </ul>	Unidade 2

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3.1. As primeiras clasificacións dos elementos. Clasificación actual dos elementos.</li> <li>▪ 3.2. Sistema periódico dos elementos.</li> <li>▪ 3.3. Como se mide a masa dos átomos? Masas atómicas</li> <li>▪ 3.4. Agrupacións dos átomos na materia: átomos, moléculas e cristais.</li> <li>▪ 3.5. Propiedades dalgúns familias de elementos químicos.</li> <li>▪ 3.6. Observación das propiedades dalgúns metais.</li> <li>▪ 3.7. Os elementos químicos coñecidos ata finais do século XVIII.</li> </ul>	Unidade 3
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4.1 Compostos formados por moléculas.</li> <li>▪ 4.2. A auga: unha molécula singular.</li> <li>▪ 4.3. Compostos formados por cristais.</li> <li>▪ 4.4. Formulación e nomenclatura de compstos binarios seguindo as normas da IUPAC.</li> <li>▪ 4.5. Masa molecular relativa</li> <li>▪ A cantidade de substancia: o mol.</li> <li>▪ Masa molar.</li> <li>▪ 4.6. Compostos de especial interese: ácidos e bases.</li> <li>▪ 4.7. Os compoñentes da auga.</li> </ul>	Unidade 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 5.1. Como se produce unha reacción química?</li> <li>▪ Cambios físicos e cambios químicos</li> <li>▪ 5.2. As ecuacións químicas</li> <li>▪ 5.3. Consérvase a masa nunha reacción química?</li> <li>▪ Lei de conservación da masa</li> <li>▪ 5.4.1. En que proporción reaccionan entre si as substancias?</li> <li>▪ 5.4.2. Cálculos estequiométricos sinxelos</li> <li>▪ 5.5. Reaccións rápidas e lentas</li> <li>▪ 5.7. Velocidade de reacción</li> <li>▪ 5.8. Importancia das reaccións químicas</li> <li>▪ 5.9. Reaccións químicas e medio ambiente</li> <li>▪ 5.10. Comprobación da lei de conservación da masa</li> </ul>	Unidade 5

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 5.11. A industria química no desenrolo da sociedade. Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas.</li><li>▪ 5.12. A química na sociedade e o medio ambiente.</li></ul>	
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 6.1 Forzas entre cargas eléctricas</li><li>▪ 6.2. Analogías e diferenzas entre a forza gravitatoria e a eléctrica.</li><li>▪ 6.3. Cargas en movemento: a corrente eléctrica</li><li>▪ 6.4. O magnetismo. Imáns. Forza magnética</li><li>▪ 6.5. O electromagnetismo</li><li>▪ 6.6. Experimentos de Oersted e Faraday.</li><li>▪ 6.7. Construción dun electroimán</li><li>▪ 6.8. Lóstregos, raios, tronos e auroras polares.</li><li>▪ 6.9. Forzas da natureza.</li></ul>	Unidade 6
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 7.1 Forza electromotriz dun xerador</li><li>▪ 7.2. Diferenza de potencial</li><li>▪ 7.3. Intensidade eléctrica</li><li>▪ 7.4. Resistencia eléctrica</li><li>▪ 7.5. A lei de Ohm</li><li>▪ 7.6. Compoñentes e dispositivos electrónicos. Dispositivos electrónicos de uso frecuente.</li><li>▪ 7.7. Comprobación experimental da lei de Ohm</li><li>▪ 7.8. Os circuitos impresos e os circuitos integrados en instrumentos de uso cotián.</li></ul>	Unidade 7

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 8.1. Formas e transformacións da enerxía. Tipos de enerxía.</li> <li>▪ 8.2. Enerxía térmica, calor e temperatura</li> <li>▪ 8.3. A potencia e a enerxía eléctrica. Os efectos da corrente eléctrica</li> <li>▪ 8.4. Xeración de electricidade: centrais eléctricas. Transporte e consumo da corrente eléctrica. Fontes de enerxía. Uso racional da enerxía</li> <li>▪ 8.5. Aspectos industriais da enerxía</li> <li>▪ 8.6. Comprobación do efecto Joule</li> <li>▪ 8.7. O consumo de enerxía: auditoría enerxética no centro educativo</li> </ul>	Unidade 8

#### **4.4.2- Metodoloxía xeral na Física e Química de 3º ESO.**

Tal como se indica na metodoloxía xeral desta programación (apartado 1.4.), a metodoloxía a seguir, como práctica xeral é a clásica de transmisión-recepción. Concretamente, na Física e Química de 3º da ESO, o horario dispoñible, mínimo e prematuro (2 horas semanais) fai imposible a adopción dun ensino por descubrimento, así como a aplicación dunha metodoloxía construtivista pura. Ademais, a programación da FQ de 3º ESO, neste curso 2016-17, continua tendo un forte carácter de provisionalidade na medida en que o alumnado non deu o pasado curso a FQ de 2º ESO, e polo tanto, é ineludible aos contidos que serán habituais no futuro, engadir certos elementos básicos que corrixan esta carencia.

Pese ao modelo escollido, intentarase, na medida do posíbel, incluír algúns elementos construtivistas, tales como actividades prácticas no laboratorio, a indagación das ideas previas dos alumnos e a aplicación dalgúns exercicios abertos; así mesmo intentarase facer exposicións claras e amenas dos temas, acompañadas de exemplos e situación da vida cotián, de tal xeito que se faga máis comprensíbel o contido dos mesmos.

Adicarase, pois, o maior número de horas ás explicacións teóricas pertinentes e á resolución de cuestións prácticas e de exercicios numéricos, que aclaren e permitan afondar en cada un dos temas a estudo.

Dito o anterior, entendemos que o principio que debe guiar un proxecto didáctico para a Física e Química de 3º da ESO debería considerar o desenvolvemento da competencia científica, entendendo como tal competencia, a resultante duns coñecementos, unhas habilidades ou procedementos e unha capacidade de utilizar e aplicar tales coñecementos e habilidades. Neste sentido, o papel do profesor debería ser o de orientador, promotor e facilitador dese desenvolvemento competencial no alumnado.

En concreto, atendendo a isto último, a metodoloxía a aplicar neste curso aséntase nos seguintes principios:

-Motivación: ao alumnado hai que atraelo mediante contidos, métodos e propostas que estimulen a súa curiosidade e alimenten o seu desexo de aprender.

-Interacción omnidireccional no espazo-aula.

-Equilibrio entre coñecementos e procedementos: o coñecemento non se aprende ao marxe do seu uso, como tampouco se debe pretender adquirir destrezas en ausencia d coñecemento de base conceptual que permita dar sentido á acción que se leva a cabo.

-Aprendizaxe activa e colaborativa: obviamente, a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é unha forma óptica de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe.

-Importancia da investigación: pese a non poder desplegar unha metodoloxía xeral de descubrimento, é evidente que as novas necesidades educativas, nas que adquieren relevancia os proxectos de investigación, a metodoloxía a seguir debe incluír tarefas de indagación ou investigación nas unidades didácticas desplegadas.

-Atención á diversidade: resulta clave garantir o avance seguro, evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas e, en definitiva, frustracións por non acadar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo do que é capaz.

-Integración das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe: sería moi desexable esta integración, mais resulta complicado nun curso con dúas horas semanais nas que non se dispón de ningunha hora das aulas de ordenadores do Centro, de forma sistemática; feito que dificulta planificar actividades de aula que atendan á competencia dixital (CD). En calquera caso, non se descarta, encargar algunha actividade caseira neste sentido mais, obviamente, a participación do alumnado vai depender da súas posibilidades de acceso a ordenadores.

## **4.5.- UNIDADES DIDÁCTICAS DA FÍSICA E QUÍMICA DE 3º DA ESO**

### **4.5.1. UNIDADE 1. O MÉTODO CIENTÍFICO. A MEDIDA.**

#### **Identificación da unidade didáctica e temporalización**

■ Nº	■ Título da UD	■ Duración
UD. 1	– O MÉTODO CIENTÍFICO. A MEDIDA	– 18 sesións

#### **4.5.1.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan**

■ Criterios de avaliación
1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico. 1.2. Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes. 1.3. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de Física e Química. 1.4. Valorar a investigación científica e o seu impacto no desenvolvemento da sociedade. 1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación. 1.6. Desenvolver pequenos traballos de experimentación e investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización da TICs. 1.7. Recoñecer as propiedades xerais e características específicas da materia e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións. 1.8. Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes como presión, volume e temperatura dun gas.

#### 4.5.1.2 Obxectivos específicos da unidade didáctica

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
1	Recoñecer e identificar as etapas que compoñen o método científico.	CCL, CMCCT, CAA
2	Formular hipóteses para explicar fenómenos cotiáns.	CCL, CMCCT, CAA
3	Distinguir entre lei, teoría e modelo científico.	CCL, CMCCT, CAA
4	Rexistrar observacións, datos e resultados, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresión matemáticas.	CMCCT, CCL, CAA
5	Estabelecer relacións entre magnitudes e unidades utilizando o S.I.	CMCCT
6	Expresar resultados numéricos utilizando a notación científica.	CMCCT
7	Relacionar algúns instrumentos de medida coa magnitude fundamental que miden.	CMCCT
8	Valorar a investigación científica como xeradora de novas ideas e descubrimentos.	CSC, CCEC, CMCCT, CAA
9	Apreciar a importancia da ciencia no desenvolvemento da sociedade.	CCEC, CMCCT, CSC
10	Realizar unha tarefa de investigación sobre as normas de seguridade nun laboratorio.	CMCCT, CSIEE
11	Realizar unha tarefa de investigación.	CMCCT, CAA
12	Identificar e medir as variábeis de estado dun gas: presión, volume e temperatura. Recoñecer os instrumentos de medida destas magnitudes.	CMCCT

▪ Obxectivos específicos		▪ Competencias básicas
13	Estudar as leis dos gases e a TCM como un exemplo integral de como funciona o método científico.	CMCCT

#### 4.5.1.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
1.1 A actividade científica. 1.2 Método científico: etapas. 1.3 Utilización das TIC.	1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, empregando teorías e modelos científicos.	Páx. 7. Intrepreta a imaxe.	N	CCL CMCCT CAA
		1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de forma organizada e rigorosa, e comunicaos de forma oral e escrita, utilizando esquemas, gráficas, táboas e expresións matemáticas.	Páx. 11. Saber facer.	S	CCL CMCCT CAA
1.4 A medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades 1.5 Notación científica. 1.6 Erros.	1.2. Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes.	1.2.1. Estabelece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o SI e a notación científica para expresar os resultados. 1.2.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotián empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no SI.	Páx. 17. Actividades.	S	CCL CMCCT CAA
1.7. Os instrumentos de medida.	1.3. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de Física e Química.	1.3. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a forma básica de utilización para a realización de experiencias.	Páx. 25. Act. 38.	S	CMCCT CAA



1.8. Estrutura dun informe científico. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade. 1.9. A tarefa de investigación. Proxecto de investigación.	1.4. Valorar a investigación científica e o seu impacto no desenvolvemento da sociedade.	1.4. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	Páx. 14.	N	CMCCT CD
	1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de investigación científica e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	Páx. 24. Act. 24.	S
S					
1.10. Medida da densidade dun sólido irregular. 1.11. A seguridade nos laboratorios de Física e Química. Traballo no laboratorio.	1.6. Desenvolver pequenos traballos de experimentación e investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización da TICs.	1.6.1. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido e calcula a súa densidade.	Actividades no laboratorio.	S	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC
		1.6.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece o procedemento de utilización, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventiva.		S	
		1.6.3. Realiza un traballo de investigación sobre a seguridade nos laboratorios de Física e Química, utilizando as TIC para a busca e selección de información e presentación de conclusións.	Actividade de laboratorio.	N	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC
		1.6.4. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.		S	
1.12. As variables de estado dun gas. A presión atmosférica. As leis dos gases.	1.7. Recoñecer as propiedades xerais e características específicas da materia e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.	1.7. Identifica as propiedades xerais dos diferentes estados de agregación da materia.	Páx. 35. Act. 8. Páx. 38. Act. 13,14 e 15. Páx. 39. Act. 16,17,18 e 19 Páx. 42. Act. 21.	S	CCL CMCCT CAA
	1.8. Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes	1.8. Estabelece relacións entre magnitudes e unidades.	Páx. 43. Act. 22,23,24 e 25. Páx. 44. Act. 26, 27 e 28. Páx. 45. Act. 29, 30, 31 e 32.	S	CCL CMCCT CAA

	como presión, volume e temperatura dun gas.				
	1.9. Coñecer as leis dos gases como evidencias experimentais.	1.9. Interpretar gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan V, T e P empregando as leis dos gases ideais.	Páx. 36,37 e 38. Saber facer.	S	CCL CMCCT CAA
1.13. A teoría cinético-molecular dos gases.	1.10. Xustificar as leis dos gases coa TCM.	1.10. Xustifica as leis dos gases en situacións da vida cotiá, aplicando a TCM.	Pax. 41. Act. 20. Páx. 49. Act. 41.	N	CCL CMCCT CAA

LA: Libro do alumno; AF: Exercicios, actividades e tarefas; LeCC: Lee e comprende a ciencia; TI: Tarefas de investigación; TteE: Técnicas de traballo e experimentación. Comunicación lingüística (**CCL**); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**); competencia dixital (**CD**); aprender a aprender (**CAA**); competencias sociais e cívicas (**CSC**); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**); conciencia e expresións culturais (**CCEC**).

#### **4.5.1.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe.**

<b>Estándar de aprendizaxe avaliable</b>	<b>Excelente 3</b>	<b>Satisfactorio 2</b>	<b>En proceso 1</b>	<b>Non logrado 0</b>
1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, empregando teorías e modelos científicos.	Explica de forma adecuada os conceptos, identificando todos os elementos importantes e as súas relacións.	Explica os conceptos de forma algo incompleta, aínda que válida, identificando uns cantos elementos importantes e as súas relacións.	Explica os conceptos con erros, identificando poucos dos elementos importantes e as súas relacións.	Responde de forma totalmente errónea ou non responde.
1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de forma organizada e rigorosa, e comunicaos de forma oral e escrita, utilizando esquemas, gráficas, táboas e expresións matemáticas.	Recompila e expón de forma adecuada os datos e resultados, con orde e rigor e en variedade de modalidades.	Recompila e expón os datos e resultados, aínda que con certo desorde ou escasa versatilidade.	Recompila e expón os datos e resultados, aínda que de modo incompleto e desordeado.	Responde de forma totalmente errónea ou non responde.
1.2.1. Estabelece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o SI e a notación científica para expresar os resultados.	Argumenta de forma adecuada as relacións e as expresa sen erros.	Argumenta de forma adecuada as relacións, cometendo algúns erros na súa expresión.	Argumenta de forma incompleta as relacións e comete erros ao expresalas.	Responde de forma totalmente errónea ou non responde.
1.2.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotián empregando o material e instrumentos	Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotián empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa	Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotián cometendo algúns erros empregando o material e	Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotián empregando o material e instrumentos apropiados,	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde.

apropiados, e expresa os resultados correctamente no SI.	os resultados correctamente no SI, correctamente.	instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no SI.	cometendo moitos erros e non expresa os resultados correctamente no SI.	
1.3. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a forma básica de utilización para a realización de experiencias.	Expón ou realiza con claridade o proceso, identificando todos os elementos importantes.	Expón o proceso de forma algo incompleta, aínda que válida, identificando bastantes dos elementos importantes.	Expón o proceso con erros, identificando poucos dos elementos importantes.	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde.
1.4. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	Argumenta de maneira adecuada as relacións, identificando multitude de aplicacións.	Argumenta de maneira incompleta as relacións, identificando bastantes aplicacións.	Presenta erros na argumentación. Non é quen de identificar moitas aplicacións.	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde.
1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de investigación científica e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	Asimila adecuadamente a información e a transmite coas súas propias palabras de forma clara e rigorosa.	Asimila parcialmente a información. Expón as conclusións de maneira algo incompleta.	Asimila poucas das ideas fundamentais ou non as asimila adecuadamente nin as transmite con propiedade.	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde.
1.5.2 Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	Filtra, prioriza e resume con criterio as fontes de información.	Xestiona con dificultade as fontes de información.	Non é quen de xestionar adecuadamente a información.	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde.
1.6.1. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido e calcula a súa densidade.	Completa correctamente a táboa de análise de resultados e resolve ben todas as actividades.	Completa a táboa de análise de resultados con algún fallo leve e resolve ben case todas as actividades.	Completa a táboa de análise de resultados con bastantes fallos e resolve mal a maioría de actividades.	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde.
1.6.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece o procedemento de utilización, respectando as normas de seguridadee e identificando actitudes e medidas de actuación preventiva.	Elixo correctamente o material necesario para a súa investigación, mostrando coñecemento e respecto polas normas de seguridadee no laboratorio.	Elixo o material necesario para a súa investigación, con algúns erros, mostrando coñecemento parcial das normas de seguridadee no laboratorio.	Elixo erroneamente na maioría dos casos o material necesario para a súa investigación, mostrando descoñecemento das normas de seguridadee no laboratorio.	Responde de maneira totalmente errónea o non responde.

1.6.3. Realiza un traballo de investigación sobre a seguridade nos laboratorios de Física e Química, utilizando as TIC para a busca e selección de información e presentación de conclusións.	Xestiona con criterio as fontes de información e presenta conclusións claras e ordenadas nos formatos adecuados.	Xestiona con dificultade as fontes de información e presenta as conclusións con pouca claridade e orde.	Non é quen de xestionar a información nin de presentar as conclusións adecuadamente.	Responde de maneira totalmente errónea o non responde.
1.6.4. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	Responde afirmativamente todas as preguntas da autoavaliación da tarefa.	Responde afirmativamente a maioría das preguntas da autoavaliación da tarefa.	Responde negativamente a maioría das preguntas da autoavaliación da tarefa.	Responde de maneira errónea o non responde.
1.7. Identifica as propiedades xerais dos diferentes estados de agregación da materia.	Explica de maneira adecuada os conceptos, identificando todos os elementos importantes e as súas relacións.	Explica os conceptos de maneira algo incompleta, aínda que válida, identificando bastantes dos elementos importantes e as súas relacións.	Explica os conceptos con erros, identificando poucos dos elementos importantes e as súas relacións.	Responde de forma errónea ou non responde.
1.8. Estabelece relacións entre magnitudes e unidades.	Argumenta de maneira adecuada as relacións e as expresa sen erros.	Argumenta de maneira adecuada as relacións, cometendo algúns erros na súa expresión.	Argumenta de maneira incompleta as relacións e comete erros ao expresalas.	Responde de maneira totalmente errónea o non responde.
1.9. Interpretar gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan V, T e P empregando as leis dos gases ideais.	Extrae toda a información deses recursos e relaciona o obtido de cada un.	Extrae parcialmente a información deses recursos e relaciona o obtido de cada un.	Extrae algún información deses recursos e relaciona con erros o obtido de cada un.	Responde de maneira totalmente errónea o non responde.
1.10. Xustifica as leis dos gases en situacións da vida cotiá, aplicando a TCM.	Explica de maneira adecuada os conceptos, identificando todos os elementos importantes e as súas relacións.	Explica os conceptos de maneira algo incompleta, aínda que válida identificando bastantes dos elementos importantes e as súas relacións.	Explica os conceptos con erros, identificando poucos dos elementos importantes e as súas relacións.	Responde de maneira totalmente errónea o non responde.

## 4.5.2 UNIDADE 2. O ÁTOMO.

### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 2	- O átomo.	8 sesións

#### 4.5.2.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
2.1. Recoñecer a natureza corpuscular da materia. 2.2. Interpretar os fenómenos electrostáticos cotiáns. 2.3. Recoñecer e identificar as características do método científico. 2.4. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia. 2.5. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia. 2.6. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia. 2.7. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia. 2.8. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos. 2.9. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación. 2.10. Desenvolver pequenos traballos de experimentación e investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.

**4.5.2.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica**

▪ Obxectivos específicos		▪ Competencias básicas
1	Explicar a relación que existe entre as cargas eléctricas e a constitución da materia.	CMCCT
2	Describir as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	CMCCT
3	Interpretar os modelos atómicos para comprender a estrutura íntima da materia.	CMCCT
4	Identificar os átomos mediante o seu número atómico.	CMCCT
5	Distribuír os electróns nos átomos.	CMCCT
6	Explicar o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente.	CMCCT
7	Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos e a problemática que comporta o seu almacenamento.	CMCCT,CSC
8	Realizar unha tarefa de investigación sobre os descubrimentos científicos relacionados cos átomos.	CMCCT, CD, CSC, CCEC

**4.5.2.3. Concreción curricular da Unidade**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
2.1 A materia está formada por átomos.	2.1. Recoñecer a natureza corpuscular da materia.	2.1 Distingue entre elemento e composto e entre substancia pura e mestura.	Páx. 42 e profesor.	S	CCL CMCCT

2.2. A natureza eléctrica da materia.	2.2. Interpretar os fenómenos electrostáticos cotiáns.	2.2.1. Estabelece a relación entre a magnitude carga eléctrica e a súa unidade, o coulombio.	Páx. 61. Act. 2,3 e 4.	N	CMCCT
		2.2.2. Describe as características das partículas subatómicas con carga eléctrica: electrón e protón.	Páx. 63. Act. 7 a 10.	S	CCL CMCCT CAA
2.3. Os primeiros modelos atómicos. 2.4. Estrutura atómica. 2.5. Modelos atómicos.	2.3. Recoñecer e identificar as características do método científico. 2.4. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.	2.3. Formula hipóteses para explicar fenómenos do noso contorno utilizando teorías e modelos científicos.	Páx. 61. Act. 2,3 e 4. Páx.79. Act. 64 e 65.	S	CCL CMCCT CAA
		2.4.1. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	Páx. 73. Act. 27 a 32. Páx. 87. Act. 5 e 6.	S	CCL CMCCT CAA
		2.4.2. Coñece e explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente.	Páx. 75. Act. 39.	S	CMCCT CAA
2.6. Como se identifican os átomos?	2.5. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.	2.5.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	Páx. 75. Act. 47 e 48. Páx. 85. Act. 2. Páx. 96. Act. 14.	N	CCL CMCCT CSIEE
		2.5.2. Relaciona a notación ${}^A_ZX$ co número atómico e o número másico e determina o número de cada un dos tipos de partículas subatómicas básicas.	Páx. 74. Act. 37 e 38.	S	
		2.5.3. Explica en que consiste un isótopo.	Páx. 74. Act. 37 e 38.	S	
2.7. Os novos modelos atómicos.	2.6. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.	2.6. Recoñece que os electróns están distribuídos en niveis e subniveis de enerxía.	Páx. 75. Act. 47.	S	CCL CMCCT CAA

2.8. Como debuxar átomos.	2.7. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.	2.7.1. Debuxa átomos localizando correctamente as partículas subatómicas. 2.7.2. Describe a configuración electrónica básica dos 20 primeiros elementos da táboa periódica.	Páx. 75. Act. 48.	N	CCL CMCCT CSIEE
2.9. A radioactividade. Isótopos. 2.10. Aplicacións dos isótopos.	2.8. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.  2.9. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	2.8. Explica en que consiste un isótopo radioactivo e comenta as súas aplicacións, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a xestión dos mesmos. 2.9. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de divulgación científica relacionado coa radioactividade e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	Páx. 75. Act. 40-44.	S	CCL CMCCT CD CSC CSIEE
Para aquel alumnado que perda o dereito de avaliación continua desenvolverase unha proba específica que inclúa aqueles contidos e criterios de avaliación indicados, no correspondente apartado, como mínimos esixíbeis e que se correspondan coas unidades didácticas que o alumno ou a alumna, en concreto, non desenvolveu na aula.

Así, mesmo, haberá a posibilidade de que, como complemento, se encarguen actividades caseiras específicas, por parte do profesor do curso correspondente, dadas as circunstancias desa perda do dereito á avaliación continua; pois, obviamente, cabe distinguir entre situacións de reorientacións de conduta ou faltas xustificadas pero excesivas debidas ao caso de enfermidade prolongada e, neste caso, situacións que inhabiliten, ou non, para unha única proba de avaliación extraordinaria sen máis. Nestes casos, establecerase o procedemento concreto e personalizado en reunión de Departamento, considerando toda a información pertinente.

#### **4.6.3.3. Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A avaliación inicial terá dúas fontes básicas de información:

-Por unha banda, nos primeiros días do curso realizarase unha proba de diagnóstico básica, na que se valorarán as habilidades de cada alumn@ en cuestións instrumentais como, por exemplo, cálculo aritmético sinxelo, operacións con potencias de dez e algunha conversión simple de unidades, no que aos aspectos matemáticos se refire, e cuestións como faltas de ortografía, presentación básica, actitude ante o traballo, etc, de carácter máis xeral.

- En todo o tempo previo á sesión de avaliación inicial do profesorado do grupo, será fundamental a observación, por parte do profesor, da actitude en clase, das habilidades sociais e calquera outra circunstancia que permita unha valoración personalizada de cada alumn@, cara a

unha optimización do enfoque posterior de todo o curso.

#### **4.6.4. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.**

Dado que o seguimento das programacións, en todos os cursos e grupos, e a avaliación da práctica docente se fará cos mesmos criterios e indicadores de logro para todas as materias do Departamento, o procedemento figura, con carácter xeral, no apartado 12 desta programación.

#### **4.6.5. Medidas de atención á diversidade.**

As medidas de atención á diversidade tenderán a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e se rexirán polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade e deseño universal e cooperación da comunidade educativa.

A continuación figuran o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses do alumnado. Nelas se inclúen:

Actividades de reforzo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Adaptacións curriculares para quen non responda aos obxectivos programados e se valore que necesita este tipo de material.

Actividades de ampliación para aquel alumnado que, atendendo a súas capacidades, intereses e/ou motivacións propias, demande tales actividades.

##### **4.6.5.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Para cada Unidade didáctica, o profesorado dispón dunha batería de actividades de reforzo con diferentes tipoloxías, neste curso, subministrada polos materiais

complementarios da editorial Santillana.

#### 4.6.5.2. Medidas de adaptación curricular.

No Departamento, existen fichas de adaptación curricular, subministradas, neste curso, pola editorial Oxford, para os seguintes contidos, por unidade didáctica:

<p><b><u>Unidade 1: O método científico.</u></b></p> <p>A actividade científica. A medida. Os instrumentos de medida. Estrutura dun informe científico.</p>	<p><b><u>Unidade 2: O átomo.</u></b></p> <p>A materia está formada por átomos. Os fenómenos de electrización. A carga eléctrica. O modelo atómico de Rutherford. O tamaño do átomo Que é un ión? Como se identifican os átomos? O número másico e o número atómico. Que é un isótopo?</p>	<p><b><u>Unidade 3: Os elementos químicos.</u></b></p> <p>Como se mide a masa dos átomos? Clasificación actual dos elementos químicos. Agrupacións dos átomos nos elementos: átomos, moléculas e cristais.</p>
<p><b><u>Unidade 4: Os compostos químicos.</u></b></p> <p>Compostos formados por moléculas. A auga unha molécula singular. Compostos formados por cristais. Compostos de especial interese: ácidos e bases.</p>	<p><b><u>Unidade 5: As reaccións químicas.</u></b></p> <p>Os cambios da materia. A masa consérvase nunha reacción química. A velocidade das reaccións químicas. Tipos de reaccións químicas. Reaccións químicas e medio ambiente.</p>	<p><b><u>Unidade 6: Electricidade e magnetismo.</u></b></p> <p>Forzas entre cargas eléctricas. Cargas en movemento: a corrente eléctrica. O magnetismo. O electromagnetismo.</p>

<p><b><u>Unidade 7: Circuitos eléctricos e electrónicos.</u></b></p> <p>Magnitudes eléctricas. Compoñentes e dispositivos electrónicos.</p>	<p><b><u>Unidade 8: A enerxía.</u></b></p> <p>Enerxía térmica, calore e temperatura A potencia e a enerxía eléctrica. Os efectos da corrente eléctrica. Xeración de electricidade: centrais eléctricas. Transporte e consumo da corrente eléctrica.</p>
---	---

#### **4.6.6. Aspectos transversais**

##### **4.6.6.1. Programación da educación en valores**

###### **- Historia da ciencia e tradición:**

Respecto e valoración de culturas e modos de vida que nos precederon e enriqueceron coas súas achegas; con este fin, propónse fixar a atención en construcións e aparellos que, próximos aos alumnos, forman parte do patrimonio cultural de todos nós.

###### **- Educación para a saúde:**

Respecto polas normas de seguridadee no laboratorio.

Valoración dos efectos contaminantes medioambientais sobre a saúde.

Valorar os efectos negativos que teñen certos produtos químicos como, por exemplo, diferentes drogas: nicotina do tabaco, alcohol e outras drogas.

Precaución na utilización dos medicamentos.

Respecto polas instrucións e normas de seguridadee na utilización de aparellos eléctricos e produtos químicos.

###### **- Educación do consumidor:**

Recoñecemento dos símbolos de perigo nos produtos químicos e aparellos de consumo habitual.  
Aforro de enerxía xa que a súa produción é cara e contamina.  
Importancia do petróleo e outros combustíbeis fósiles na sociedade actual e importancia do aforro dos seus derivados.  
Desenvolver o interese por investigar a presenza de contaminantes na atmosfera, na auga, nos ríos, nos alimentos etc.

- **Educación para a paz:**

Uso bélico da enerxía química e nuclear e os seus riscos para a humanidade.  
Interese por coñecer as aplicacións pacíficas da radioactividade.  
Perigo evidente do desenvolvemento de armas de destrución masiva.

- **Educación ambiental:**

Valoración crítica do impacto medioambiental dos procesos químicos.  
Valoración da contribución ao mantemento do medio ambiente.  
Valoración do impacto producido polos distintos tipos de centrais eléctricas sobre o medio ambiente.  
Respecto polo medio natural.  
Toma de conciencia sobre a contaminación nas cidades e forma de corrixirse con instalacións adecuadas e coa adopción das RRR: redución de lixo, reutilización e reciclaxe do mesmo.

- **Educación non sexista:**

Tolerancia e respecto polas diferenzas individuais e recoñecemento e aceptación da existencia de conflitos interpersoais, valorando o diálogo como medida de convivencia.  
Valoración da importancia do traballo en equipo na planificación e realización de experiencias e outros traballos, con independencia do sexo das persoas.  
Valoración da actividade científica da muller.

#### **4.7. Materiais e recursos didácticos dispoñíbeis para FQ de 3º ESO.**

Na Física e Química de 3º da ESO empregárase o correspondente libro de texto, da editorial SANTILLANA, serie SABER HACER, indicado no apartado 1.3. da Introducción xeral.

As explicacións do profesor serán complementadas con diferentes medios audiovisuais (vídeos, DVD, diapositivas, animacións informáticas, internet... ), empregados segundo os casos.

O obxectivo para este curso centrarase, entre outros, en despertar o interese do alumnado por esta materia, complementar a súa aprendizaxe da aula mediante a comprobación dalgunha lei estudada teoricamente ou provocar un conflito entre as ideas previas dos/as alumnos/as e determinados feitos experimentais (nun plano máis construtivista). Neste sentido se mandarán facer as chamadas "prácticas caseiras" que con material dispoñible na casa o alumno estuda e analiza comportamento da materia.

Neste sentido, empregáranse os materiais complementarios que acompañan ao libro de texto, subministrados pola editorial Santillana, tales como

- presentacións-esquemas (un por unidade).
- animacións en formato dixital.
- fichas de comprensión lectora.
- enlaces a vídeos.
- enlaces a páxinas web.
- actividades interactivas dixitais.
- mapas conceptuais (un por unidade).

No caso de que o cumprimento dos obxectivos e o número de alumnos por grupo o permita, sería recomendable facer no laboratorio as seguintes actividades prácticas:

- Medida de masas, lonxitudes, tempos e volumes.
- Medida de densidade de varios corpos xeométricos e irregulares.
- Estudo cualitativo das leis dos gases.
- Observación dos raios catódicos.
- Reaccións químicas.
- Experiencias con cargas eléctricas. O electroscopio.

- Circuitos eléctricos.

#### 4.8. Actividades complementarias e extraescolares.

Dada a escaseza de tempo dispoñíbel para esta materia en 3º da ESO e a cuestión de que este curso 2015-16 ten un carácter algo excepcional, na medida en que algúns temas que, atendendo a nova normativa e curriculum oficial, pasarían a formar parte da Física e Química de 2º da ESO, mais o alumnado deste curso non viu, intentárase aproveitar ao máximo o tempo, para empregar o maior número de recursos didácticos na aula e laboratorio. Así pois, debemos ser moi cautelosos á hora de programar actividades que non resulten verdadeiramente un complemento adecuado para a aprendizaxe da materia, sexan contidos, procedementos ou actitudes relacionadas coa mesma. Por isto, non se contemplan, para este curso, actividades extraescolares a realizar desde este Departamento, aínda que si se establecen as seguintes actividades complementarias:

- a) Participación no Proxecto Eratóstenes, coordinado pola 'Facultad de Física de la Universidad de Buenos Aires', en colaboración cos socios de Uruguay, Argentina e Brasil.
- b) Visita virtual a un museo científico, ben entre os propostos polo profesor da materia (ao través da súa páxina web) ou ben como busca libre nos buscadores indicados.

Por suposto, continuarán como actividades complementarias, as propostas como traballo de laboratorio, as propostas como actividades caseiras e as do proxecto lector.

##### **Tratamento de fomento da lectura**

Tal como se comenta na introdución, no punto 1.6, para conseguir as competencias básicas e fomentar a lectura e escritura é necesario un plan lector.

Dado que a Física e Química de 3º da ESO só ten dúas horas semanais faise difícil dedicar moito tempo á lectura de textos complementarios. En calquera caso, intentárase a lectura de textos sinxelos relacionados con esta materia, especialmente na hora de desdobre que, para o laboratorio, se dispón semanalmente para cada un dos grupos.

Entre as lecturas posíbeis cabe considerar un capítulo de 'Po de estrelas' de Xurxo Mariño e, no caso de dispor dalgún exemplar, un capítulo de "El tío Tungsteno", citado no devandito punto 1.6 da introdución xeral.

Con toda seguridade, ao longo do curso, irán xurdindo temas, relacionados co medioambiente, a saúde, etc, que permitan propostas de lectura concreta.

En calquera caso, xa se ten comentado a importancia de fomentar o uso da biblioteca por parte do alumnado.

##### **Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación, TICs**

Concretando a declaración de intencións do apartado 1.7. da introdución xeral, resulta evidente a tendencia á incorporación das TICs como un recurso máis no proceso de aprendizaxe do alumnado e así cumpre actuar. Cabe, pois, a posibilidade de consultar diferentes páxinas webs relacionadas coa Física e Química, acostumar ao alumnado a consultar directamente a información das fontes principais (como, p.e., a propia páxina da IUPAC) e, por suposto, fomentar a participación na páxina web do noso Centro.



## **5.- FÍSICA E QUÍMICA DE 4º DA ESO.**

### **5.1.- Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado neste curso, en 4º eso.**

En relación ao último parágrafo do apartado xeral 2.1., non podemos esquecer que este curso vai ser, provisionalmente o primeiro de Física e Química para o alumnado de 4º curso, mais, atendendo ao establecido pola lei vixente, en próximos cursos terán estudado xa un curso de Física e Química en 2º da ESO e outro en 3º da ESO, nos que se adiantan algúns contidos que este alumnado non estudou. No Departamento entendemos que esta situación obriga a suplir, provisionalmente, certas carencias propias de non ter abordado os anteriores cursos, especificamente deseñados no actual currículo desta materia.

En calquera caso, comézase pola parte de Física para compensar que no anterior curso estudaron fundamentalmente Química e, tamén, por relacionar algúns coñecementos propios da Física (como p.e., a enerxía, presión, etc,) co novo estudo de Química.

### **5.2.- Obxectivos xerais da Física e Química de 4º curso ESO.**

Como obxectivos xerais para a Física e Química de 4º da ESO, establececese os seguintes:

- Motivar ao alumnado para a observación dos procesos naturais como punto de partida no estudo de materias de carácter científico, como a Física e Química.
- Promover unha aproximación do alumnado ao método científico.
- Traballar e familiarizarse co fenómeno da medida e as principais magnitudes do Sistema Internacional de Unidades.
- Coñecer algunhas innovacións científicas e tecnolóxicas de gran importancia, así como as bases teóricas que permitiron o seu desenvolvemento.
- Aplicar estratexias científicas na resolución de problemas relacionados cos feitos observábeis na Natureza.
- Participar en actividades e experiencias sinxelas que permitan verificar os feitos e conceptos estudados, así como valorar positivamente o traballo en equipo.
- Valorar a ciencia como fonte de coñecemento sobre o contorno e como motor do desenvolvemento da tecnoloxía, a cal mellora as condicións de vida das persoas.
- Amosar interese polo coñecemento das leis físicas, que permiten explicar o comportamento da materia, así como as aplicacións técnicas desas leis.

- Interpretar gráficas que expresen relación entre dúas variables.
- Observar e describir correctamente, utilizando a linguaxe científica, os fenómenos e experiencias científicas..

No apartado 5.5.X.2, en cada unidade didáctica do curso, figuran os obxectivos específicos que se traducen nos contidos e criterios de avaliación correspondentes.

### 5.3.- Relación de unidades didácticas, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.

U.D.	Título	Descrición	Duración
			Nº sesións
1	Magnitudes e unidades.	Repaso do método científico e do proceso de medida en ciencia. Sistema Internacional de Unidades, notación científica e conversión de cantidades. Análise dimensional. Magnitudes escalares e vectoriais. Tratamento de erros. Proxecto Eratóstenes.	9 sesións
2	O movemento. Cinemática.	Estudo do movemento dos corpos. MRU, MRUV e MCU	9 sesións
3	As forzas. Dinámica.	Leis de Newton. Concepto de Forza. Identificación de diversas forzas e aplicación das leis de Newton a casos concretos.	12 sesións
4	Movemento circular uniforme.	Estudo cinemático e dinámico do MCU.	5 sesións
5	Forza gravitatoria.	Lei da gravitación universal e elementos derivados: peso, aceleración da gravidade, movemento de planetas e satélites. Satélites artificiais.	5 sesións
6	Forzas en fluídos. Hidrostática.	Presión. Presión hidrostática e atmosférica. Principios da hidrostática. Principio de Arquímedes. Física da atmósfera.	8 sesións
7	Traballo e enerxía.	Enerxía mecánica. Principio de conservación da enerxía mecánica e da enerxía en xeral. Formas de transferencia de enerxía: traballo e calor. Traballo e potencia.	9 sesións
8	Enerxía e calor.	Formas de transferencia de enerxía: traballo e calor. Efectos da calor sobre os corpos. Máquinas térmicas.	9 sesións
9	Átomos e sistema periódico.	Modelos atómicos. Sistema periódico e configuración electrónica.	5 sesións
10	O enlace químico.	Enlace químico: iónico, covalente e metálico. Forzas intermoleculares.	9 sesións

▪ 11	– Reaccións químicas.	– Reaccións e ecuacións químicas. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións. Cantidad de substancia, o mol. Concentración molar. Cálculos estequiométricos.	9 sesións.
▪ 12	– Exemplos de reaccións químicas.	– Reaccións de especial interese. Reaccións de combustión. Ácidos e bases. Estudo dalgunhas reaccións de síntese de interese industrial. Recoñecemento da repercusión medioambiental das emisións gasosas.	4 sesións.
▪ 13	– Química do carbono.	– Introducción á química orgánica. Hidrocarburos. Compostos osixenados e nitroxenados. Compostos de interese biolóxico.	6 sesións.
▪	– TOTAL		100 sesións

#### 5.4.- Secuenciación e metodoloxía xeral en 4º da ESO.

##### 5.4.1.- Secuencias de contidos por Unidade dicáctica.

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A actividade científica.</li> <li>▪ Método científico.</li> <li>▪ As magnitudes físicas. Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións.</li> <li>▪ Erros na medida. Expresión de resultados.</li> <li>▪ Expresión e interpretación de resultados.</li> <li>▪ Análise dos datos experimentais.</li> <li>▪ Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico.</li> <li>▪ Proxecto de investigación.</li> <li>▪ Apreciación da importancia da investigación para o avance da ciencia.</li> </ul>	Unidade 1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2.1. Magnitudes que describen o movemento.</li> <li>▪ 2.2. A velocidade. Movemento rectilíneo uniforme (MRU).</li> <li>▪ 2.3. A aceleración. Movemento rectilíneo uniformemente variado (MRUV).</li> </ul>	Unidade 2

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2.4. Elección do sistema de referencia adecuado ao tipo de movemento.</li> <li>▪ 2.5. Obtención da velocidade media e a velocidade instantánea.</li> <li>▪ 2.6. Resolución de ecuacións do MRU, MRUV.</li> <li>▪ 2.7. Definición do tempo de reacción.</li> <li>▪ 2.8. Representación e interpretación de gráficas do MRU e MRUA.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3.1. Natureza vectorial das forzas.</li> <li>▪ 3.2. Leis de Newton. As forzas e o movemento.</li> <li>▪ 3.3. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e tensión.</li> <li>▪ 3.4. Obtención das compoñentes horizontal e vertical dunha forza.</li> <li>▪ 3.5. Identificación do movemento dun corpo a partir das forzas que actúan sobre el: MRU, MRUV e MCU.</li> <li>▪ 3.6. Realización de experiencias para relacionar a forza e a aceleración.</li> <li>▪ 3.7. Demostración do principio fundamental da dinámica.</li> <li>▪ 3.8. Reflexión sobre como mellorar a seguridade dos motociclistas.</li> </ul>	Unidade 3
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4.1. Movemento circular uniforme. Cinemática.</li> <li>▪ 4.2. Dinámica do MCU. Aceleración e forza centrípeta.</li> <li>▪ 4.3. Identificación do movemento dun corpo a partir das forzas que actúan sobre el nun MCU.</li> <li>▪ 4.4. Relación das magnitudes lineais e angulares.</li> <li>▪ 4.5. Análise do trazado dun circuito.</li> <li>▪ 4.6. Reflexión sobre o límite de velocidade en autovías e autopistas.</li> </ul>	Unidade 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 5.1. Lei da gravitación universal.</li> <li>▪ 5.2. Peso e aceleración da gravidade.</li> <li>▪ 5.3. Cálculo do período orbital dun satélite.</li> <li>▪ 5.4. Recoñecemento dos satélites artificiais e os seus movementos.</li> <li>▪ 5.5. Valoración do lixo espacial como un tipo de contaminación.</li> <li>▪ 5.6. Análise de imaxes astronómicas.</li> </ul>	Unidade 5

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 6.1. Presión. Hidrostática e atmosférica.</li> <li>▪ 6.2. Propagación da presión en fluídos.</li> <li>▪ 6.2. Forza de empuxe en corpos mergullados. Principio de Arquímedes.</li> <li>▪ 6.3. Física da atmosfera.</li> <li>▪ 6.4. Comprobación experimental das forzas exercidas no interior do líquido e da existencia da presión hidrostática e atmosférica.</li> <li>▪ 6.5. Medición da presión atmosférica.</li> <li>▪ 6.6. Identificación dos instrumentos de medida da presión atmosférica.</li> <li>▪ 6.7. Relación entre a presión atmosférica e a altitude.</li> <li>▪ 6.8. Identificación da forza de empuxe en corpos mergullados: flotabilidade.</li> <li>▪ 6.9. Expresión matemática da forza de empuxe.</li> </ul>	Unidade 6
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 7.1. E enerxía.</li> <li>▪ 7.2. O traballo.</li> <li>▪ 7.3. O traballo e a enerxía mecánica.</li> <li>▪ 7.4. Principio de conservación da enerxía mecánica.</li> <li>▪ 7.5. Identificación do modo en que a enerxía se transfere.</li> <li>▪ 7.6. Identificación do movemento con rozamento.</li> <li>▪ 7.7. Potencia e rendemento.</li> <li>▪ 7.8. Análise do rendemento dunha máquina ou dunha instalación.</li> </ul>	Unidade 7
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 8.1. A calor como unha formas de intercambio de enerxía.</li> <li>▪ 8.2. Efectos da calor sobre os corpos.</li> <li>▪ 8.3. Transformación entre calor e traballo. Máquinas térmicas.</li> <li>▪ 8.4. Recoñecemento da calor como enerxía en tránsito e do equilibrio térmico.</li> <li>▪ 8.5. Cálculo da calor e os cambios de estado.</li> </ul>	Unidade 8

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 8.6. Medición do equivalente de auga nun calorímetro.</li> <li>▪ 8.7. Estabelecemento da relación entre calor, temperatura e cambio de estado.</li> <li>▪ 8.8. Medición da dilación de líquidos e de sólidos e gases.</li> <li>▪ 8.9. Análise das máquinas térmicas de combustión externa e interna (máquina de vapor e motor de explosión).</li> <li>▪ 8.10. Cálculo do rendimento das máquinas térmicas.</li> <li>▪ 8.11. Reflexión sobre o aforro de enerxía.</li> <li>▪ 8.12. Medición da calor específica dun metal.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 9.1. Modelos atómicos.</li> <li>▪ 9.2. Distribución dos electróns nun átomo.</li> <li>▪ 9.3. Sistema periódico dos elementos.</li> <li>▪ 9.4. Propiedades periódicas dos elementos.</li> <li>▪ 9.5. Identificación das partículas dos átomos.</li> <li>▪ 9.6. Análise da configuración dos electróns nun átomo.</li> <li>▪ 9.7. Distinción dos elementos entre metais, non metais, semimetais e gases nobles.</li> <li>▪ 9.3. Análise das propiedades dos metais no laboratorio.</li> </ul>	Unidade 9
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10.1. Enlace químico.</li> <li>▪ 10.2. Tipos de enlace entre átomos. Enlaces iónico, covalente e metálico.</li> <li>▪ 10.3. Enlaces con moléculas. Forzas intermoleculares.</li> <li>▪ 10.4. Propiedades das substancias e enlace.</li> <li>▪ 10.5. Identificación do enlace química nas substancias.</li> <li>▪ 10.6. Representación da estrutura de Lewis.</li> <li>▪ 10.7. Recoñecemento dos tipos de enlaces entre átomos e entre moléculas.</li> <li>▪ 10.8. Análise das moléculas e a solubilidade dos compostos iónicos.</li> <li>▪ 10.9. Relación das propiedades dunha substancia co tipo de enlace.</li> <li>▪ 10.10. Comprobación no laboratorio das propiedades de substancias iónicas, covalentes e metálicas.</li> </ul>	Unidade 10

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 11.1. Reacción química e ecuación química.</li><li>▪ 11.2. Medida da cantidade de substancia. O mol.</li><li>▪ 11.3. Cálculos nas reaccións químicas.</li><li>▪ 11.4. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións.</li><li>▪ 11.5. A velocidade das reaccións químicas.</li><li>▪ 11.6. A enerxía das reaccións químicas.</li><li>▪ 11.7. Análise da teoría das colisións.</li><li>▪ 11.8. Identificación do que cambia e que se conserva nunha reacción química.</li><li>▪ 11.9. Identificación das enerxías dunha reacción química.</li><li>▪ 11.10. Recoñecemento dos catalizadores e inhibidores.</li><li>▪ 11.11. Emprego de cálculos estequiométricos.</li><li>▪ 11.12. Cálculo de ecuacións químicas.</li></ul>	Unidade 11
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 12.1. Reaccións de especial interese.</li><li>▪ 12.2. As reaccións de combustión.</li><li>▪ 12.3. As reaccións de síntese.</li><li>▪ 12.4. Ácidos e bases.</li><li>▪ 12.5. Preparación de indicadores ácido-base.</li><li>▪ 12.6. Identificación das reaccións de síntese de interese industrial.</li><li>▪ 12.7. Recoñecemento da repercusión medioambiental das emisións gasosas.</li></ul>	Unidade 12
<ul style="list-style-type: none"><li>- 13.1. Os compostos do carbono.</li><li>- 13.2. Os hidrocarburos.</li><li>- 13.3. Compostos osixenados.</li><li>- 13.4. Compostos nitroxenados.</li><li>- 13.5. Compostos orgánicos de interese biolóxico.</li><li>- 13.6. Identificación dos compostos do carbono.</li><li>- 13.7. Escritura de fórmulas desenvolvidas, semidesenvolvidas e moleculares.</li><li>- 13.8. Recoñecemento de grupos funcionais.</li><li>- 13.9. Recoñecemento dalgunhas aplicacións dos hidrocarburos.</li></ul>	Unidade 13

#### 5.4.2.- Metodoloxía xeral na Física e Química de 4º ESO.

Tal como se indica na metodoloxía xeral desta programación (apartado 1.4.), a metodoloxía a seguir, como práctica xeral é a clásica de transmisión-recepción. Concretamente, na Física e Química de 4º da ESO, os contidos incluídos en relación ao horario dispoñible (3 horas semanais) fai imposible a adopción dun ensino por descubrimento, así como a aplicación dunha metodoloxía construtivista pura.

Pese ao modelo escollido, intentarase, na medida do posíbel, incluír algúns elementos construtivistas, tales como actividades prácticas no laboratorio, a indagación das ideas previas dos alumnos e a aplicación dalgúns exercicios abertos; así mesmo intentarase facer exposicións claras e amenas dos temas, acompañadas de exemplos e situación da vida cotián, de tal xeito que se faga máis comprensíbel o contido dos mesmos.

Adicarase, pois, o maior número de horas ás explicacións teóricas pertinentes e á resolución de cuestións prácticas e de exercicios numéricos, que aclaren e permitan afondar en cada un dos temas a estudo.

Dito o anterior, entendemos que o principio que debe guiar un proxecto didáctico para a Física e Química de 3º da ESO debería considerar o desenvolvemento da competencia científica, entendendo como tal competencia, a resultante duns coñecementos, unhas habilidades ou procedementos e unha capacidade de utilizar e aplicar tales coñecementos e habilidades. Neste sentido, o papel do profesor debería ser o de orientador, promotor e facilitador dese desenvolvemento competencial no alumnado.

En concreto, atendendo a isto último, a metodoloxía a aplicar neste curso aséntase nos seguintes principios:

- Motivación: ao alumnado hai que atraelo mediante contidos, métodos e propostas que estimulen a súa curiosidade e alimenten o seu desexo de aprender.

- Interacción omnidireccional no espazo-aula.

- Equilibrio entre coñecementos e procedementos: o coñecemento non se aprende ao marxe do seu uso, como tampouco se debe pretender adquirir destrezas en ausencia d coñecemento de base conceptual que permita dar sentido á acción que se leva a cabo.

- Aprendizaxe activa e colaborativa: obviamente, a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é unha forma óptica de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe.

- Importancia da investigación: pese a non poder desplegar unha metodoloxía xeral de descubrimento, é evidente que as novas necesidades educativas, nas que adquiren relevancia os proxectos de investigación, a metodoloxía a seguir debe incluír tarefas de indagación ou investigación nas unidades didácticas desplegadas.



-Atención á diversidade: resulta clave garantir o avance seguro, evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas e, en definitiva, frustracións por non acadar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo do que é capaz.

-Integración das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe: sería moi desexable esta integración, mais resulta complicado nun curso con dúas horas semanais nas que non se dispón de ningunha hora das aulas de ordenadores do Centro, de forma sistemática; feito que dificulta planificar actividades de aula que atendan á competencia dixital (CD). En calquera caso, non se descarta, encargar algunha actividade caseira neste sentido mais, obviamente, a participación do alumnado vai depender da súas posibilidades de acceso a ordenadores.

## **5.5.- UNIDADES DIDÁCTICAS DA FÍSICA E QUÍMICA DE 4º DA ESO**

### **5.5.1. UNIDADE 1. MAGNITUDES E UNIDADES. A MEDIDA.**

#### **Identificación da unidade didáctica e temporalización**

Nº	Título da UD	Duración
UD. 1	- Magnitudes e unidades. A medida.	- 9 sesións

#### **5.5.1.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan**

Criterios de avaliación
<p>B1-1.- Recoñecer que a investigación en ciencia é unha labor colectiva e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto económico e político.</p> <p>B1-2.- Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.</p> <p>B1-3.- Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.</p> <p>B1-4.- Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas ao través de ecuacións dimensionais.</p> <p>B1-5.- Comprender que non é posible realizar medidas sen cometer erros e distinguir entre erro absoluto e relativo.</p> <p>B1-6.- Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.</p> <p>B1-7.- Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos a partir de táboas de datos e das leis ou principios involucrados.</p>

B1-8.- Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando as TIC. Proxecto Eratóstenes.

### 5.5.1.2 Obxectivos específicos e xerais da unidade didáctica

	■ Obxectivos específicos	■ Competencias básicas
1	Rexistrar observacións, datos e resultados, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresión matemáticas.	CMCCT, CCL,CAA
2	Estabelecer relacións entre magnitudes e unidades utilizando o S.I.	CMCCT
3	Expresar resultados numéricos utilizando a notación científica e as cifras significativas adecuadas.	CMCCT
4	Relacionar algúns instrumentos de medida coa magnitude fundamental que miden.	CMCCT
5	Valorar a investigación científica como xeradora de novas ideas e descubrimentos.	CSC, CCEC, CMCCT, CAA
6	Apreciar a importancia da ciencia no desenvolvemento da sociedade.	CCEC, CMCCT,CSC
7	Realizar unha tarefa de investigación e cooperación con intercambio de datos (Proxecto Eratóstenes).	CMCCT, CAA
8	Obxectivos curriculares xerais: O2, O5, O6, O7, O8 e O10	

### 5.5.1.3. Concreción curricular da Unidade.

Código etapa	Criterios de avaliación curriculares	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
B1-1.	Recoñecer que a investigación en ciencia é unha labor colectiva e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto económico e político.	Argumenta co espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou unha nova, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.	Páx. 11. Saber hacer. Páx. 20. Act. 26 e 28.	S	CMCCT CCL CCEC CSC
B1-2.	Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se fórmula ata que é aprobada pola comunidade científica.	Distingue entre hipótese, leys e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dota de valor científico.	Páx. 12. Acts. 7 e 8 Páx. 20. Acts. 29 e 30.	S	CCL CMCCT CAA CSC CIE
B1-3.	Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.	Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen a esta última.	Páx. 13. Acts. 8 e 10. Páx. 19. Act. 20.	S	CCMCT CAA
B1-4.	Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas ao través das ecuacións de magnitudes (dimensionais).	Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	Páx. 14. Acts. 11 e 12. Páx. 19. Acts. 21 e 22. Páx. 20. Act. 33	N	CCMCT CAA
B1-5.	Comprender que non é posible realizar medidas sen cometer erros e distinguir entre erro absoluto e relativo.	Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	Páx.16. Act. 13. Páx.19. Act. 24. Páx.21. Acts. 35,36 e37. Páx.23. Acct. 49	S	CCMCT CAA
B1-6.	Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.	Calcula e expresa correctamente, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, o valor da medida, empregando as cifras significativas adecuadas.	Páx. 8. Act. 4. Páx. 16. Act. 14. Páx. 21. Act. 35.	S	CCMCT CAA
B1-7.	Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos a partir de táboas de datos e das leis ou principios involucrados.	Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, no seu caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a súa fórmula.	Páx. 18. Saber hacer e act. 15. Páx. 21. Act. 38.	N	CCMCT CAA CCEC

			Páx. 22. Saber hacer.		
B1-8.	Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando as TIC.	Elabora e defende un proxecto de investigación, sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.	Páx. 22. Saber hacer.	N	CCL CCMCT CCD CAA CSC

LA: Libro do alumno; AF: Exercicios, actividades e tarefas; LeCC: Lee e comprende a ciencia; TI: Tarefas de investigación; TteE: Técnicas de traballo e experimentación. Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CCMCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

#### 5.5.1.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe.

Estándar de aprendizaxe avialable		Excelente 3	Satisfactorio 2	Adquirido 1	Non logrado 0
Código etapa	Indicadores de logro				
B1-1.	-Analiza fontes de información de carácter científico.	Interpreta e analiza correctamente a información subministrada en varias fontes científicas.	Interpreta correctamente a información subministrada.	Le a información mais erroneamente interpretada.	Non realiza o traballo asignado.
B1-2.	-Identifica e describe os conceptos de hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dota de valor científico.	Identifica e define de forma autónoma os conceptos de hipóteses, leis e teorías e é quen de explicar os procesos implicados, así como de razonar qué hipóteses son adecuadas e cales non nun determinado suposto.	Identifica e define os conceptos de hipótese, leis e teorías e é quen de explicar os procesos implicados. Recoñece que características deber ter as expresións para aceptarse como hipóteses.	Define os conceptos de hipóteses, leis e teorías máis non identifica correctamente os procesos implicados.	Coñece os conceptos de hipóteses, leis e teorías; ou non.
B1-3.	-Recoñece os tipos de magnitudes (escalares e vectoriais) e os identifica. -Emprega o Sistema Internacional de Unidades para expresar a medida das magnitudes.	Busca información en distintas fontes e de forma autónoma sobre as magnitudes e os seus tipos. Aмосa interese polo S.I. e a súa función. Clasifica distintas magnitudes como	Aмосa interese polas magnitudes e os seus tipos. Clasifica as magnitudes como escalares ou vectoriais. É	Recoñece os tipos de magnitudes e identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial.	Ten dificultade para distinguir os tipos de magnitudes físicas.

		escalares ou vectoriais e é quen de expresar a medida correctamente.	quen de expresar a medida correctamente.		
B1-4.	Aplica a ecuación de dimensións para relacionar unha magnitude derivada coas fundamentais e realiza unha análise dimensional.	Resolve problemas nos que se precisas o plantexamento e a resolución de ecuacións dimensionais, de forma autónoma. Explica cunha a linguaxe adecuada o procedemento seguido na análise dos resultados.	Amosa interese pola resolución de problemas que precisen o plantexamento e a resolución de ecuacións dimensionais. Interpreta correctamente os resultados.	Resolve problemas aplicando ecuacións de dimensións para relacionar magnitudes.	Non aplica a análise dimensional.
B1-5.	Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	Calcula o erro nas medidas, tanto o absoluto como o relativo. Expresa os resultados de forma simplificada e mediante notación científica.	Amosa interese por calcular o erro nas medidas. Calcula de forma correcta os dous tipos de erro e aplica os cálculos á resolución de problemas, comparando os resultados.	Calcula correctamente o erro absoluto e o relativo dunha medida, coñecido o valor real.	Non calcula os erros correspondentes, nin expresa a medida correctamente.
B1-6.	Calcula e expresa correctamente o valor dunha medida, empregando as cifras significativas adecuadas.	Calcula o valor dunha medida e emprega as cifras significativas adecuadas, expresando os resultados de forma simplificada e mediante notación científica correcta.	Amosa interese por calcular o valor dunha medida. Calcula correctamente o valor e emprega as cifras adecuadas. Aplica os cálculos á resolución de problemas.	Calcula correctamente o valor da medida empregando as cifras adecuadas.	Non expresa correctamente os resultados obtidos.
B1-7.	Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas.	Manifesta autonomía na elaboración da representación gráfica dos resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas. Se os pasos adecuados e organiza a información. Describe o proceso a seguir a priori e argumenta a súa interpretación.	Interpreta a información dos resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas e organiza e extrae conclusións.	Comprende e interpreta os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas para elaborar gráficas.	Non é quen de elaborar unha gráfica a partir dos datos obtidos.
B1-8.	Emprega adecuadamente a información da páxina web coordinadora do proxecto Eratóstenes e elabora un informe sobre a actividade.	Interpreta correctamente os obxectivos do traballo a realizar, xestiona correctamente os datos obtidos das medidas do experimento e elabora un informe completo da actividade e do intercambio de datos cos socios do proxecto.	Interpreta correctamente os obxectivos do traballo a elabora un informe completo da actividade e do intercambio de datos cos socios do proxecto.	Interpreta os obxectivos e realiza un informe completo da actividade.	Non presenta informe correctamente elaborado.

### 5.5.2. UNIDADE 2. O MOVEMENTO. CINEMÁTICA.

#### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 2	– O movemento. Cinemática.	– 9 sesións

#### 5.5.2.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
<p>B4-1.- Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores para describilo adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.</p> <p>B4-2.- Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea xustificando a súa necesidade segundo el tipo de movemento.</p> <p>B4-3.- Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos.</p> <p>B4-4.- Resolver problemas de movementos rectilíneos, empregando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, expresando o resultado nas unidades do S.I.</p> <p>B4-5.- Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.</p>

### 5.5.2.2. Obxectivos específicos e xerais da unidade didáctica

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
1	Coñecer as características xerais do movemento.	CMCCT, CCL,CAA
2	Diferenciar entre magnitudes escalares e vectoriais.	CMCCT
3	Distinguir entre traxectoria e desprazamento.	CMCCT
4	Diferenciar entre velocidade media e instantánea.	CMCCT
5	Identificar as gráficas espazo-tempo e velocidade-tempo dos movementos rectilíneos.	CMCCT, CAA
6	Coñecer o movemento de caída libre dun corpo.	CMCCT,CAA
7	Descibir algúns movementos cotiáns.	CMCCT, CAA
8	<b>Obxectivos curriculares xerais:</b> O2, O5, O6, O7, O8 e O10	

### 5.5.2.3. Concreción curricular da Unidade.

Código etapa	Criterios de avaliación curriculares	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
B4-1.	Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores para describilo adecuadamente,	Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, empregando un sistema de referencia.	Páx. 137. Act. 3,4 e 5. Páx. 138. Act. 6 e 7.	S	CCMCT CAA CCEC

	aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.				
B4-2.	Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea xustificando a súa necesidade segundo o tipo de movemento.	Clasifica distintos tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.  Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), razonando o concepto de velocidade instantánea.	Páx. 153. Act 31,32 e 33.  Páxs. 158 e 159. Trabajo cooperativo.	S  S	CCMCT CAA
B4-3.	Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos.	Deduce as expresións matemáticas que relacionan as distintas variables nos movementos rectilíneo uniforme e MRUV.	Páx. 141. Act. 9. Páx. 144. Act. 12. Páx. 149. Accts. 15,16 e 17.	S	CCMCT CAA
B4-4.	Resolver problemas de movementos rectilíneos, empregando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, expresando o resultado nas unidades do S.I.	Resolve problemas de MRU e MRUV incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresando o resultado en unidades do S.I.  Determina tempos e distancias de freado de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.	Páx. 141. Acts. 8,9 e 10. Páx. 149. Acts. 15,16 e 17. Páx. 151. Acts. 18 e 19.  Páx. 149. Act. 15. Páx. 154. Act. 42.	S  S	CCMCT CAA
B4-5.	Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que relacionan estas variables.	Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.  Deseña e describe experiencias realizables ben no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e	Páx. 153. Act. 34. Páx. 154. Acts. 38 e 44.  Páx. 158 e 159. Acts. 72, 73 e 74.	S  S	CCMCT CAA CIE



		a velocidade dun corpo en función do tempo e representa e interpreta os resultados obtidos.			
--	--	---	--	--	--

LA: Libro do alumno; AF: Exercicios, actividades e tarefas; LeCC: Lee e comprende a ciencia; TI: Tarefas de investigación; TteE: Técnicas de traballo e experimentación. Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

#### 5.5.2.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe.

Estándar de aprendizaxe avaliable		Excelente 3	Satisfactorio 2	Adquirido 1	Non logrado 0
Código etapa	Indicadores de logro				
B4-1.	Identifica traxectoria, vectores de posición e desprazamento e os representa empregando sistemas de referencia.	Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, empregando un sistema de referencia. Xustifica o carácter relativo do movemento e sinala a necesidade dun SR que se serva de vectores para describilo.	Amosa interese polos SR. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento.	Identifica a traxectoria, os vectores de posición e o desprazamento e os representa empregando SR.	Non realiza o traballo asignado.
B4-2.	Clasifica distintos tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.  Calcula a velocidade instantánea nun MRUV.	Identifica de forma autónoma os distintos tipos de movementos e explica como se ven condicionados. Recoñece que os movementos están condicionados pola súa velocidade e traxectoria e é quen de clasificalos en función dos datos.  Calcula correctamente a velocidade nun MRUV e é quen de distinguir os conceptos de velocidade media e instantánea, xustificando a súa	Interesase polos distintos tipos de movementos e por como se ven condicionados. Recoñece que os movementos están condicionados pola súa velocidade e traxectoria e é quen de clasificalos.  Calcula correctamente a velocidade nun MRUV e é quen de distinguir os conceptos de velocidade media e instantánea.	Recoñece que os movementos están condicionados pola súa velocidade e traxectoria e é quen de clasificalos.  Calcula correctamente a velocidade instantánea nun MRUV.	Non recoñece os movementos implicados.  Calcula a velocidade instantánea como moito.

		necesidade. Explica o procesos seguido cunha linguaxe adecuada.			
B4-3.	Deduce as expresións matemáticas nos MRU e MRUV.	Deduce correctamente as expresións matemáticas nos MRU e MRUV e expresa correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos. Emprega unha linguaxe precisa.	Deduce correctamente as expresións matemáticas nos MRU e MRUV e as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos.	Deduce correctamente as expresións matemáticas nos MRU e MRUV.	Non deduce as expresións nos MRU e MRUV.
B4-4.	Resolve problemas de MRU e MRUV.  Calcula os tempos e distancias de freado de vehículos e recoñece a importancia de respectar a velocidade e a distancia de seguridade.	Resolve problemas de MRU e MRUV, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, expresando o resultado en unidades do S.I. Explica o procedemento seguido cunha linguaxe clara e precisa.  Determina os tempos e as distancias de freado de vehículos explicando o proceso seguido para obter os resultados. Estabelece a relación que hai entre estas dúas magnitudes e a posibilidade de sufrir un accidente.	Resolve problemas de MRU e MRUV, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, expresando o resultado en unidades do S.I.  Calcula correctamente os tempos e as distancias de freado de vehículos explicando o proceso seguido para obter os resultados. Recoñece a importancia de respectar a velocidade e a distancia de seguridade.	Resolve problemas de MRU e MRUV.  Calcula correctamente os tempo e distancias de freado de vehículos.	Non resolve ben os problemas de MRU e MRUV.  Non realiza correctamente os cálculos.
B4-5.	Determina a velocidade do movemento, deduce as ecuacións do movemento e calcula o espazo total percorrido a partir de gráficas.  Realiza un experimento para medir a velocidade instantánea nun MRUV.	Busca información sobre gráficas que representan os movementos e os factores que neles inflúen. Determina a velocidade do omovemento, deduce as ecuacións correspondentes e calcula o espazo total percorrido correctamente, a partir da análise de distintas gráficas. É capaz de elaborar gráficas a partir dos valores da velocidade do movemento.	Amosa interese pola interpretación das gráficas. Determina a velocidade do movemento, deduce as ecuacións e calcula o espazo total percorrido correctamente a partir d gráficas. Elabora gráficas.	Determina a velocidade do movemento, deduce as ecuacións e calcula o espazo total percorrido correctamente.	Non representa ou non interpreta correctamente as gráficas do movemento.

### 5.5.3. UNIDADE 3. AS FORZAS. DINÁMICA.

#### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 3	- As forzas. Dinámica.	- 12 sesións

#### 5.5.3.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
<p>B4.6.- Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente.</p> <p>B4.7.- Empregar o principio fundamental da Dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.</p> <p>B4.8.- Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.</p>

#### 5.5.3.2 Obxectivos específicos e xerais da unidade didáctica

	Obxectivos específicos	Competencias básicas
1	Aprender o concepto de forza e coñecer os seus efectos.	CMCCT, CCL,CAA
2	Enunciar e explicar cales son as características dunha forza.	CMCCT
3	Calcular a resultante dun sistema de forzas.	CMCCT
4	Relacionar forza e variación no movemento.	CMCCT,CAA

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
5	Definir e formular os principios da dinámica.	CMCCT, CSC
6	Coñecer a existencia das forzas de rozamento.	CMCCT
7	Aplicar as leis de Newton a casos cotiáns sinxelos.	CMCCT, CAA
8	<b>Obxectivos curriculares xerais:</b> O2, O5, O6, O7, O8 e O10	

### 5.5.3.3. Concreción curricular da Unidade.

Código etapa	Criterios de avaliación curriculares	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
B4-6.	Recoñecer o papel das forzas como causas dos cambios na velocidade do corpos e representalas vectorialmente.	B4-6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.	Páx. 165. Act. 4. Páx. 176. Act. 25.	S	CCMCT CAA CCEC
		B4-6.2. Representa vecctorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento en distintos casos de movementos rectilíneos.	Páx. 168. Acts. 5 e 6. Páx. 176. Act. 26 a 31.	S	
B4-7.	Emprega o principio fundamental da Dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.	Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento tanto nun plano horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	Páx. 173. Acts. 9 e 10. Páx. 174. Acts. 11 e 12. Páx. 177. Acts. 37 a 40.	S	CCMCT CAA CCEC
B4-8.	Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.	B4-8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	Páx. 169. Act. 7. Páx. 176. Act. 32.	S	CCMCT CAA
		B4-8.2. Deduce a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.	Páx. 176. Acts. 33,35 e 36.		

		B4-8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en distintas situacións de interacción entre obxectos.	Páx. 171. Act. 8. Páx. 176. Acts. 34 e 35.		
--	--	---	---	--	--

LA: Libro do alumno; AF: Exercicios, actividades e tarefas; LeCC: Lee e comprende a ciencia; TI: Tarefas de investigación; TteE: Técnicas de traballo e experimentación. Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

### 5.5.3.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe.

Estándar de aprendizaxe avaliable		Excelente 3	Satisfactorio 2	Adquirido 1	Non logrado 0
Código etapa	Indicadores de logro				
B4-6.1.	Recoñece as distintas forzas que actúan sobre os corpos.  Representa a dirección e o sentido de distintas forzas.	Recoñece o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns e recoñece as distintas forzas que actúan sobre os corpos, representando a súa dirección e sentido.	Recoñece as distintas forzas que actúan sobre os corpos, representando a súa dirección e sentido. Recoñece o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos.	Recoñece as distintas forzas que actúan sobre os corpos e representa a súa dirección e sentido.	Non recoñece ben as forzas actuantes en diferentes fenómenos cotiáns.
B4-6.2.	Identifica as forzas sobre os corpos en movemento.	Recoñece e describe as forzas sobre os corpos en movemento. É capaz de representar vectorialmente peso, normal, rozamento en distintos casos. Relaciona estes coñecementos con outros previamente adquiridos.	Recoñece e describe as forzas sobre os corpos en movemento. É capaz de representar vectorialmente peso, normal, rozamento en distintos casos.	Recoñece e describe as forzas sobre os corpos en movemento.	Non recoñece as forzas actuantes.
B4-7.1.	Identifica os principios da dinámica que permiten saber o tipo de movemento que terá un corpo se se coñecen as forzas que actúan sobre el.	Recoñece os principios da dinámica e explica como permiten saber o tipo de movemento que terá un corpo. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento. Busca información sobre como empregar o principio fundamental da dinámica na resolución de problemas.	Recoñece os principios da dinámica e explica como permiten saber o tipo de movemento que terá un corpo. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento.	Recoñece os principios da dinámica e explica como permiten saber o tipo de movemento que terá un corpo..	Non recoñece ou non emprega correctamente os principios da dinámica8.1
B4-8.1.	Recoñece as leis de Newton en situacións da vida cotián.	Busca información sobre as leis de Newton e sobre como chegou a enuncialas co obxectivo de comprendelas mellor a fenómenos da vida cotián. Exprésase	Interésase polas leis de Newton e pola súa aplicación nas diversas situacións da vida diaria. Interpreta e describe	Recoñece as leis de Newton e interpreta fenómenos da vida	Precisa axuda para recoñecer as leis de Newton e a súa aplicación.

		empregando unha linguaxe técnica precisa e correcta.	cunha linguaxe técnica fenómenos da vida cotiá.	cotiá en termos desas leis.	
B4-8.2.	Calcula o valor das forzas sobre os obxectos empregando o primeiro e o segundo principio da dinámica.	Calcula de forma autónoma o valor das forzas sobre os obxectos empregando as 2 primeiras leis de Newton e expresa o procedemento seguido nos seus cálculos. É capaz de deducir a primeira lei como consecuencia da segunda.	Calcula de forma autónoma o valor das forzas sobre os obxectos empregando as 2 primeiras leis de Newton. É capaz de deducir a primeira lei como consecuencia da segunda.	Calcula de forma autónoma o valor das forzas sobre os obxectos empregando as leis de Newton.	Non é quen de calcular as forzas implicadas nos problemas concretos estudados.
B4-8.3.	Calcula e representa o valor das forzas sobre os obxectos empregando o terceiro principio da dinámica.	Calcula de forma autónoma o valor das forzas sobre os obxectos empregando as leis de Newton e expresa o procedemento seguido nos seus cálculos. É capaz de deducir a primeira lei como consecuencia da segunda.	Calcula de forma autónoma o valor das forzas sobre os obxectos empregando as leis de Newton. É capaz de deducir a primeira lei como consecuencia da segunda.	Calcula de forma autónoma o valor das forzas sobre os obxectos empregando o terceiro principio da dinámica.	Non identifica correctamente os pares acción-reacción segundo a terceira lei de Newton.

### 5.5.4. UNIDADE 4. MOVEMENTO CIRCULAR UNIFORME.

#### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 4	– Movemento circular uniforme.	– 5 sesións

#### 5.5.4.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
B4-3.- Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen o movemento circular uniforme. B4-4.- Resolver problemas de movemento circular uniforme, empregando unha representación esquemática coas magnitudes implicadas. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do MCU.

B4-6.- Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente.

### 5.5.4.2 Obxectivos específicos e xerais da unidade didáctica

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
1	Relacionar forza e variación no movemento dun corpo, en particular o cambio de dirección da velocidade.	CMCCT, CCL,CAA
2	Calcular a frecuencia e o período dun MCU.	CMCCT
3	Identificar a existencia da forza centrípeta nos movementos circulares habituais da vida cotiá.	CMCCT
4	Relacionar a forza centrípeta cos cambios de dirección nun MCU.	
5	Aplicar os principios da dinámica ao estudo do MCU.	CMCCT
<b>Obxectivos curriculares xerais:</b> O2, O5, O6, O7, O8 e O10		

### 5.5.4.3. Concreción curricular da Unidade.

Código etapa	Criterios de avaliación curriculares	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
B4-4.	Resolver problemas de movementos circulares, empregando unha representación esquemática das magnitudes implicadas.	B4-4.1. Resolve problemas de MCU, expresando o resultado en unidades do S.I.	Páx. 151. Act. 18 e 19.	S	CCMCT CAA

		B4-4.2. Argumenta a existencia do vector aceleración en todo movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do MCU.	Páx. 153. Act. 30 e 32.	S	CCMCT
B4-6.	Recoñecer o papel das forzas como causas dos cambios na velocidade do corpos e representalas vectorialmente.	B4-6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na dirección da velocidade dun corpo. B4-6.2. Representa vecctorialmente a forza centrípeta en casos de movementos curvilíneos.	Páx. 165. Act. 4.	S	CCMCT CAA CCEC

LA: Libro do alumno; AF: Exercicios, actividades e tarefas; LeCC: Lee e comprende a ciencia; TI: Tarefas de investigación; TteE: Técnicas de traballo e experimentación. Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

#### 5.5.4.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe.

Estándar de aprendizaxe avaliable		Excelente 3	Satisfactorio 2	Adquirido 1	Non logrado 0
Código etapa	Indicadores de logro				
B4-4.1.	Resolve problemas de MCU, expresando o resultado en unidades do S.I.	Resolve problemas de MCU, expresando correctamente os resultados nas unidades do S.I. Explica o procedemento seguido cunha linguaxe clara e precisa.	Resolve problemas de MCU, expresando correctamente os resultados nas unidades do S.I.	Resolve problemas de MCU sinxelos.	Non resolve ben os problemas de MCU.
B4-4.2.	Argumenta a existencia do vector aceleración en todo movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do MCU.	Identifica e aplica correctamente o papel da aceleración centrípeta nos movementos curvilíneos, realizando o cálculo no MCU.	Identifica e aplica correctamente o papel da aceleración centrípeta nos movementos curvilíneos.	Realiza o cálculo da aceleración centrípeta no MCU.	Non realiza o cálculo da aceleración centrípeta no MCU.
B4-6.1.	Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na dirección da velocidade dun corpo, particularmente no MCU.	Identifica a forza que actúa como centrípeta nun movemento curvilíneo en un MCU, comprende que forzas poden equilibrala.	Identifica a forza que actúa como centrípeta nun movemento curvilíneo e a calcula nos MCU.	Calcula a forza centrípeta nun MCU.	Non identifica a existencia duha forza centrípeta no MCU.



B4-6.2.	Representa vectorialmente a forza centrípeta en movementos curvilíneos.	Representa e identifica correctamente a forza que actúa como centrípeta nun movemento curvilíneo en un MCU, comprende que forzas poden equilibrala.	Identifica e representa a forza que actúa como centrípeta nun movemento curvilíneo e a calcula nos MCU.	Representa a forza centrípeta nun MCU.	Non identifica a existencia duha forza centrípeta no MCU.
---------	---	---	---	--	---

### 5.5.5. UNIDADE 5. FORZA GRAVITATORIA.

#### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 5	– Forza gravitatoria.	– 5 sesións

#### 5.5.5.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
<p>B4-9.- Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestres e celeste, e interpretar a súa expresión matemática.</p> <p>B4-10.- Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.</p> <p>B4-11.- Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática plantexada polo lixo espacial que xeneran.</p>

#### 5.5.5.2 Obxectivos específicos e xerais da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Competencias básicas
1 Identificar a forza de atracción gravitacional como unha forza centrípeta.	CMCCT, CCL,CAA

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
2	Coñecer a existencia da forza da gravidade e o xeito no que actúa.	CMCCT, CAA
3	Empregar os coñecementos sobre a forza da gravidade para explicar o movemento dos planetas, as mareas e as traxectorias dos cometas.	CMCCT, CSC
4	Descubrir os cambios producidos nas teorías sobre a orixe e a evolución do Universo e discutir os coñecementos actuais.	
5	Comprender que a lei da gravitación universal supuxo unha superación da barreira aparente entre o comportamento mecánico dos astros e o dos corpos na superficie terrestre.	CMCCT, CSC
<b>Obxectivos curriculares xerais:</b> O2, O5, O6, O7, O8 e O10		

### 5.5.5.3. Concreción curricular da Unidade.

Código etapa	Criterios de avaliación curriculares	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
B4-9.	Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática.	B4-9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria so se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.	Páx. 186. Act. 5. Páx. 187. Acts. 6 e 7. Páx. 188. Acts. 8 e 9. Páx. 196. Acts. 28 e 30.	S	CCMCT CAA
		B4-9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal, relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	Páx. 189. Acts. 10 e 11. Páx. 196. Acts. 31 a 37.	S	CCMCT CAA CSC

B4-10.	Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.	Razona o motivo polo que as forzas gravitacionais producen nalgúns casos movementos de caída libre e en outros casos movementos orbitais.	Páx. 189. Act. 11. Páx. 190. Act. 12. Páx. 196. Act. 37.	S	CCMCT CAA CCEC
B4-11.	Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática plantexada polo lixo espacial que xeneran.	Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeneran.	Páx. 192. Act. 13. Páx. 194. Acts. 14 e 15. Páx. 197. Acts. 39,40 e 41.	S	CCMCT CAA CCEC

LA: Libro do alumno; AF: Exercicios, actividades e tarefas; LeCC: Lee e comprende a ciencia; TI: Tarefas de investigación; TteE: Técnicas de traballo e experimentación. Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

#### 5.5.5.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe.

Estándar de aprendizaxe avaliable		Excelente 3	Satisfactorio 2	Adquirido 1	Non logrado 0
Código etapa	Indicadores de logro				
B4-9.1.	Aplica a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.	Busca información sobre a lei da gravitación universal e valor a súa relevancia histórica e científica. Aplica a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos e explica o procedemento seguido. É quen de xustificar o motivo polo que as forzas de gravitación so se poñen de manifesto para obxectos moi masivos.	Aplica a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos e explica o procedemento seguido. É quen de xustificar o motivo polo que as forzas de gravitación so se poñen de manifesto para obxectos moi masivos.	Aplica a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos e explica o procedemento seguido.	Calcula as forzas entre distintos pares de obxectos pero necesita axuda.
B4-9.2.	Resolve as cuestións relacionadas coas expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	Busca información sobre a expresión matemática da lei da gravitación universal e a súa orixe. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal, relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza gravitacional. Explica o proceso seguido	Busca información sobre a expresión matemática da lei da gravitación universal e a súa orixe. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal, relacionando as	Resolve as cuestións relacionads co peso dun corpo e a forza de atracción gravitacional e interpreta a súa	Resolve cuestións relacionadas co peso dun corpo e a forza gravitacional.

		empregando unha linguaxe técnica adecuada.	expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza gravitacional.	expresión matemática.	
B4-10.1.	Calcula as forzas gravitatorias e os movementos que xeneran.	Amosa interese polas forzas gravitatorias e explica por que producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais. Explica a caída libre dos corpos e o movemento orbital como dúas manifestacións da lei da gravitación universal. Calcula as forzas gravitatorias e os movementos que xeneran e explica o proceso seguido para chegar ao resultado.	Amosa interese polas forzas gravitatorias e explica por que producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.. Calcula as forzas gravitatorias e os movementos que xeneran e explica o proceso seguido para chegar ao resultado.	Calcula as forzas gravitatorias e os movementos que xeneran e explica o proceso seguido para chegar ao resultado.	Non calcula, ou se calcula as forzas gravitatorias, require axuda.
B4-10.2.	Recoñece as aplicacións dos satélites artificiais así como os riscos do lixo espacial.	Amosa información sobre os orixes e a evolución dos satélites artificiais e futuras posibilidades que poden ofrecer. Describe distintas aplicacións dos satélites e explica as utilidades que ten en sectores como as telecomunicacións, predición meteorolóxica ou o GPS. Valora a importancia de intentar poñer solución ao problema do lixo espacial.	Describe distintas aplicacións dos satélites e explica as utilidades que ten en sectores como as telecomunicacións, predición meteorolóxica ou o GPS. Valora a importancia de intentar poñer solución ao problema do lixo espacial.	Identifica as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e valor o problema do lixo espacial que xeneran.	Identifica as aplicacións prácticas dos satélites artificiais ou non.

### 5.5.6. UNIDADE 6. AS FORZAS NOS FLUÍDOS. HIDROSTÁTICA.

#### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 6	- As forzas nos fluídos. Hidrostática..	- 8 sesións

### 5.5.6.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

■ Criterios de avaliación
B4-12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade senón tamén da superficie sobre a que actúa.
B4-13. Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas dos mesmos.
B4.14. Deseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos así como a iniciativa e a imaxinación.
B4.15. Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descripción de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.

### 5.5.6.2 Obxectivos específicos e xerais da unidade didáctica

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
1	Coñecer o concepto de presión e aplicalo a casos concretos como a presión hidrostática e atmosférica.	CMCCT, CCL,CAA
2	Coñecer o principio de Pascal e fenómenos relacionados coa presión no interior dun líquido.	CMCCT, CAA
3	Identificar a forza de empuxe en corpos mergullados e aplicar o principio de Arquímedes.	CMCCT, CSC
4	Coñecer e identificar a tensión superficial.	CMCCT
<b>Obxectivos curriculares xerais:</b> O2, O5, O6, O7, O8 e O10		

**5.5.6.3. Concreción curricular da Unidade.**

Código etapa	Criterios de avaliación curriculares	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
B4-12.	Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade senón tamén da superficie sobre a que actúa.	B4-12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.	Páx. 202 e 203. Os avións. Páx. 206. Act. 5.	S	CCMCT CAA
		B4-12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie de apoio, comparando os resultados e extraendo conclusións.	Páx. 205. Act. 4. Páx. 219. Acts 30, 32, 33 e 34.	S	CCMCT CAA CSC
B4-13.	Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas dos mesmos.	B4-13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón.	Páx. 211. Act. 9.	S	CCMCT CAA CCEC
		B4-13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.	Páx. 212. Act. 14.		
		B4-13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica e os freos hidráulicos, aplicando a expresión deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.	Páx. 212. Act. 14. Páx. 218. Act. 26. Páx. 220. Act. 48.		
		B4-13.5. Predi a maior ou menor flotabilidade de obxectos empregando a expresión matemática dos principio de Arquímedes.	Páx. 215. Act. 16. Páx. 218. Act. 28.		
B4-14.	Deseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos así como a iniciativa e a imaxinación.	B4-14.1. Comproba experimentalmente ou empregando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.	Páx. 219. Act. 41. Páx. 224 e 225. Traballo cooperativo	N	CCMCT CAA
		B4-14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc.	Páx. 220. Act. 46.	N	
B4-15.	Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos	B4-15.2. Interpreta os mapas de isobaras que se amosan no pronóstico do tempo indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nos mesmos.	Páx. 217. Interpreta a imaxe.		CCMCT CAA

	meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.				
--	---	--	--	--	--

LA: Libro do alumno; AF: Exercicios, actividades e tarefas; LeCC: Lee e comprende a ciencia; TI: Tarefas de investigación; TteE: Técnicas de traballo e experimentación. Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

#### 5.5.6.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe.

Estándar de aprendizaxe avaliable		Excelente 3	Satisfactorio 2	Adquirido 1	Non logrado 0
Código etapa	Indicadores de logro				
B4-12.1.	Recoñece a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante en situacións da vida cotiá.	Interesase pola relación ds forzas co comportamento dos obxectos. Describe con precisión a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a presión resultante.	Describe con precisión a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a presión resultante.	Describe con certa precisión a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.	Non distingue perfectamente entre a presión e a forza aplicada.
B4-12.2.	Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto en distintas situacións.	Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto en distintas situacións. É quen de realizar o cálculo con variacións; compara os resultados e extrae conclusións correctas. É quen de explicar como o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade senon tamén da superficie sobre a que actúa.	Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto en distintas situacións. É quen de realizar o cálculo con variacións; compara os resultados e extrae conclusións correctas.	Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto en distintas situacións.	Amosa dificultades para calcular a presión.
B4-13.2.	Explica o porque do deseño dun encoro.	Buscar información sobre a orixe e a evolución dos encoros. Relaciona os encoros co principio fundamental da hidrostática. Explica porque do deseño dun encoro cun alto grao de detalle e cunha linguaxe adecuada. Pon exemplos de outros usos da vida cotiá co mesmo principio.	Relaciona os encoros co principio fundamental da hidrostática. Explica porque do deseño dun encoro cun alto grao de detalle e cunha linguaxe adecuada..	Relaciona os encoros co principio fundamental da hidrostática.	Explica o porque do deseño dun encoro de forma pouco precisa.

B4-13.4.	Analiza aplicaciónns prácticas baseadas no principio de Pascal.	Analiza aplicaciónns prácticas baseadas no principio de Pascal e aplica a expresión matemática do principio á resolución de problemas prácticos. Busca información sobre aplicaciónns prácticas.	Analiza aplicaciónns prácticas baseadas no principio de Pascal e aplica a expresión matemática do principio á resolución de problemas prácticos.	Analiza aplicaciónns prácticas baseadas no principio de Pascal.	Require axuda para analizar o principio de Pascal.
B4-13.5.	Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos empregando a expresión matemática do principio de Arquímedes.	Recoñece a maior ou menor flotabilidade dos obxectos aplicando o principio de Arquímedes e emprega a súa expresión matemática. Explica o principio con precisión e cunha linguaxe adecuada. Identifica as aplicaciónns prácticas deste principio correctamente.	Recoñece a maior ou menor flotabilidade dos obxectos aplicando o principio de Arquímedes e emprega a súa expresión matemática. Explica o principio con precisión e cunha linguaxe adecuada.	Recoñece a maior ou menor flotabilidade dos obxectos aplicando o principio de Arquímedes. Explica o principio con precisión e cunha linguaxe adecuada.	Recoñece a maior ou menor flotabilidade dos obxectos aplicando o principio de Arquímedes apoiándose no libro.
B4-14.1.	Busca información sobre o paradoxo hidrostático. Comproba experimentalmente o principio de Arquímedes.	Planifica de forma autónoma a experiencia para comprobar o principio de Arquímedes. Define que é o paradoxo hidrostático e cal é a súa aplicación práctica. Describe cunha linguaxe precisa e de forma ordenada o procedemento seguido no laboratorio. Pon de manifesto os coñecementos adquiridos así como a iniciativa e a imaxinación.	Planifica de forma autónoma a experiencia para comprobar o principio de Arquímedes. Define que é o paradoxo hidrostático e cal é a súa aplicación práctica. Describe cunha linguaxe precisa e de forma ordenada o procedemento seguido no laboratorio.	Planifica a experiencia para comprobar o principio de Arquímedes. Define que é o paradoxo hidrostático e cal é a súa aplicación práctica.	Realiza a experiencia mais cústalle planificar os pasos a seguir.
B4-14.2.	Recoñece o papel da tensión atmosférica no experimento de Torricelli e os hemisferios de Magdeburgo.	Busca información sobre experimentos relacionados coa presión atmosférica e polas súas aplicaciónns prácticas. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como a de Torricelli ou Magdeburgo.	Amosa interese polos experimentos relacionados coa presión atmosférica. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como a de Torricelli ou Magdeburgo.	Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como a de Torricelli ou Magdeburgo.	Recoñece o papel da presión atmosférica mais explica con pouca precisión.
B4-15.2.	Interpreta un mapa de isobaras identificando o anticiclón e a borrasca.	Busca información en diversas fontes para aplicar os coñecementos adquiridos sobre presión atmosférica na descrición de fenómenos meteorolóxicos e interpretación de mapas do tempo. Emprega a linguaxe técnica correcta.	Interpreta correctamente un mapa de isobaras identificando o anticiclón e a borrasca e emprega a linguaxe técnica adecuada.	Interpreta correctamente un mapa de isobaras coa linguaxe adecuada.	Interpreta un mapa de isobaras identificando A e B con certo grao de imprecisión.



### 5.5.7. UNIDADE 7. TRABALLO E ENERXÍA.

#### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 7	- Traballo e enerxía.	- 9 sesións

#### 5.5.7.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
<p>B5-1. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza o rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación da mesma debido ao rozamento.</p> <p>B5-2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, identificando as situacións nas que se producen.</p> <p>B5-3. Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do S.I. así como outras de uso común.</p>

#### 5.5.7.2 Obxectivos específicos e xerais da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Competencias básicas
1 Recoñecer a importancia da enerxía como magnitude física, e as diferentes formas nas que se presenta. Apróximarse, desta forma, á importancia social que as formas de emprego da enerxía ten ao longo da historia da Humanidade.	CMCCT, CCL,CAA
2 Analizar as propiedades da enerxía cinética e da enerxía potencial como formas de enerxía mecánica dun corpo.	CMCCT, CAA

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
3	Explicar e predicir fenómenos naturais do contorno, empregando as formas da enerxía mecánica.	CMCCT
4	Valorar a importancia histórica e social do aproveitamento enerxético dos ríos en Galicia, mediante o coñecemento dos enxeños hidráulicos empregados.	CSC, CMCCT
5	Comprender a definición de traballo como unha medida da enerxía que gaña ou cede un corpo cando actúan sobre el forzas exteriores.	CMCCT
6	Comprender o concepto de potencia e a súa aplicación na medida do rendemento de máquinas e procesos. Interpretar un recibo da compañía eléctrica.	CSC, CAA, CMCCT
7	Explicar situacións e resolver exercicios empregando o principio de conservación da enerxía mecánica, mediante a realización de balances enerxéticos.	
<b>Obxectivos curriculares xerais:</b> O2, O5, O6, O7, O8 e O10		

### 5.5.7.3. Concreción curricular da Unidade.

Código etapa	Criterios de avaliación curriculares	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
B5-1.	Analizar as transformación entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o PCEM cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía, cando existe disipación da mesma debido ao rozamento.	B5-1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o PCEM.	Páx. 235. Acts. 8,9 e 10. Páx. 240. Act. 39. Páx. 245. Act. 61 a 64.	S	CCMCT CAA
		B5-1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.	Páx. 240. Act. 36. Páx. 245. Act. 61.	S	

B5-2.	Recoñecer que o calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, identificando as situacións nas que se producen.	B5-2.1. Identifica o calor e o traballo como forma de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do significado científico dos mesmos.	Páx. 231. Act. 4. Páx. 236. Act. 11. Páx. 238. Act. 13. Páx. 241. Act. 44.	S	CCMCT CAA
		B5-2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía, en forma de calor ou en forma de traballo.	Páx. 242. Saber hacer.	S	
B5-3.	Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do S.I. así como noutras de uso común.	B5-3.1. Calcula o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións nas que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, expresando o resultado nas unidades do S.I. u outras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	Páx. 237. Act. 12. Páx. 241. Act. 43 e 45.	S	CCMCT

LA: Libro do alumno; AF: Exercicios, actividades e tarefas; LeCC: Lee e comprende a ciencia; TI: Tarefas de investigación; TteE: Técnicas de traballo e experimentación. Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

#### 5.5.7.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe.

Estándar de aprendizaxe avaliable		Excelente 3	Satisfactorio 2	Adquirido 1	Non logrado 0
Código etapa	Indicadores de logro				
B5-1.1..	Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o PCEM.	Analiza as transformacións entre enerxía cinética e potencial, aplicando o PCEM, cando se desprezan os rozamentos, e o PXCE cando existe disipación da mesma.	Amosa interese pola análise das transformacións enerxéticas. É quen de resolver problemas aplicando o PCEM; e identifica a enerxía cinética e a enerxía potencial.	Resolve problemas aplicando o PCEM e explica os pasos dados.	Resolve algúns problemas aplicando o PCEM mais precisa axuda.

B5-1.2.	Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.	Busca información de forma autónoma e en diversas fontes sobre as transformacións enerxéticas e valora a súa importancia. Determina a enerxía disipada en forma de calor. Explica o proceso seguido e o relaciona cos coñecementos previos.	Amosa interes pola análise das transformacións enerxéticas. Determina a enerxía disipada en forma de calor. Explica o proceso seguido e o relaciona cos coñecementos previos.	Determina a enerxía disipada en forma de calor.	Recoñece circunstancias en que diminúe a enerxía disipada.
B5-2.1.	Identifica o calor e o traballo como forma de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do significado científico dos mesmos.	Identifica o calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, explicando como funcionan os proceso cunha linguaxe apropiada, achegando exemplos.	Identifica o calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, explicando como funcionan os procesos de forma correcta..	Recoñece o calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía.	Recoñece que en ocasións un sistema intercambia enerxía pero precisa axuda para identificar as condicións.
B5-2.2.	Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía, en forma de calor ou en forma de traballo.	Documentase ao través de distintos medios para coñecer diversos exemplos de sistemas nos que se intercambia enerxía. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía e identifica se é en forma de calor ou de traballo. Explica o proceso para identificalos de forma clara e precisa.	Interesase polos cambios de enerxía. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía e identifica se é en forma de calor ou de traballo.	Identifica as condicións en que un sistema cambia enerxía.	Recoñece que en ocasións un sistema intercambia enerxía pero necesita axuda para identificar as condicións.
B5-3.1.	Calcula o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións nas que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, expresando o resultado nas unidades do S.I. u outras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	Calcula o traballo e a potencia asociada a unha forza e inclúe de forma autónoma situacións nas que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento. Expresa o resultado correctamente en diversas unidades.	Calcula o traballo e a potencia asociada a unha forza e expresa o resultado correctamente en diversas unidades. É quen de relacionar os conceptos de traballo e potencia.	Calcula o traballo e a potencia asociada a unha forza e expresa o resultado correctamente en diversas unidades.	Calcula o traballo e a potencia con axuda.

## 5.5.8. UNIDADE 8. ENERXÍA E CALOR.

### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 8	– Enerxía e calor.	– 9 sesións

### 5.5.8.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
<p>B5-4.. Relacionar cualitativa e cuantitativamente o calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación.</p> <p>B5-5. Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeantes da revolución industrial, así como a súa importancia actual na industria e no transporte.</p> <p>B5-6. Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación e a innovación.</p>

### 5.5.8.2 Obxectivos específicos e xerais da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Competencias básicas
1 Reflexionar sobre os problemas que a obtención de enerxía útil ocasiona no mundo.	CMCCT, CCL,CAA
2 Resolver cálculos de enerxía empregando calores específicos e calores latentes de cambio de estado.	CMCCT
3 Relacionar a temperatura co movemento das partículas.	CMCCT

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
4	Explicar a natureza da calor e diversos fenómenos relacionados coa mesma.	CSC, CMCCT
5	Cofecer os mecanismos de transmisión da enerxía térmica.	CMCCT
6	Valorar a conveniencia do aforro enerxético e a diversificación das fontes de enerxía.	CSC, CAA, CMCCT
7	Avaliar os custos e beneficios do uso de distintas fontes enerxéticas.	CMCCT CSC, CAA
<b>Obxectivos curriculares xerais:</b> O2, O5, O6, O7, O8 e O10		

### 5.5.8.3. Concreción curricular da Unidade.

Código etapa	Criterios de avaliación curriculares	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
B5-4.	Relacionar cualitativa e cuantitativamente o calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación.	B5-4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinando a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, representando graficamente estas transformacións.	Páx. 259. Acts. 23 e 24.	S	CCMCT CAA CCIE CCL
		B5-4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura empregando o coeficiente de dilatación lineal.	Páx. 259. Act. 25.		
		B5-4.4. Determina experimentalmente calores específicas e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.	Páx. 251. Saber hacer. Páx. 260. Acts. 38 e 39. Páx. 261. Act.s 45.	S	

B5-5.	Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeantes da revolución industrial, así como a súa importancia actual na industria e no transporte.	B5-5.1. Explica ou interpreta, mediante ou, a partir, de ilustracións, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.	Páx. 261. Act. 52.	S	CCMCT CAA CCIE CCL
		B5-5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e o presenta empregando as TIC.	Páx. 261. Act. 49.	S	
B5-6.	Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación e a innovación.	B5-6.1. Emprega o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.	Páx. 261. Act. 49.	S	CCL CCMCT CD CAA CSC CSIEE

LA: Libro do alumno; AF: Exercicios, actividades e tarefas; LeCC: Lee e comprende a ciencia; TI: Tarefas de investigación; TteE: Técnicas de traballo e experimentación. Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CCMCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

#### 5.5.8.4. Rúbricas dos estándares de aprendizaxe.

Estándar de aprendizaxe avaliable		Excelente 3	Satisfactorio 2	Adquirido 1	Non logrado 0
Código etapa	Indicadores de logro				
B5-4.1.	Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía.	Describe de forma autónoma as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía; determina a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura ou para un cambio de estado; representa graficamente estas transformacións. Explica o proceso seguido cunha linguaxe clara e precisa.	Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía; determina a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura ou para un cambio de estado;	Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía; determina a calor necesaria para que se produza unha variación de	Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía.

			representa graficamente estas transformaci3ns.	temperatura ou para un cambio de estado.	
B5-4.3.	Emprega o coeficiente de dilataci3n lineal correspondente.	Busca informaci3n sobre o coeficiente de dilataci3n e da utilidade dese c3lculo para custi3ns da vida coti3. Emprega o coeficiente para relacionar a variaci3n da lonxitude dun corpo coa variaci3n de temperatura.	Emprega o coeficiente de dilataci3n lineal para relacionar a variaci3n da lonxitude coa variaci3n de temperatura.	Emprega correctamente o coeficiente de dilataci3n lineal correspondente.	Emprega o coeficiente con axuda.
B5-4.4.	Determina experimentalmente calores especifcas e calores latentes de substancias mediante un calor3metro.  Mide o equivalente en auga dun calor3metro.	Planifica de forma aut3noma a experiencia para determinar as calores especifcas e as calores latentes de substancias mediante un calor3metro e mide o equivalente en auga dun calor3metro. Describe cunha linguaxe precisa e ordenada os procesos.	Planifica de forma aut3noma a experiencia para determinar as calores especifcas e as calores latentes de substancias mediante un calor3metro e mide o equivalente en auga dun calor3metro.	Determina ao traves dun experimento as calores especifcas e as calores latentes de substancias mediante un calor3metro. Mide o equivalente en auga do mesmo.	Determina ao traves dun experimento as calores especifcas ou as calores latentes de substancias mediante un calor3metro.
B5-5.1.	Explica o fundamento do funcionamento do motor de explosi3n.	Explica de forma precisa cal 3 o funcionamento do motor de explosi3n e para isto emprega unha linguaxe t3cnica adecuada. 3 quen de explicar as partes e o funcionamento do motor de explosi3n a partir de ilustraci3ns. E pon exemplos establecendo realci3ns cos coñecementos previos.	Explica de forma precisa cal 3 o funcionamento do motor de explosi3n e para isto emprega unha linguaxe t3cnica adecuada. 3 quen de explicar as partes e o funcionamento do motor de explosi3n a partir de ilustraci3ns.	Explica de forma precisa cal 3 o funcionamento do motor de explosi3n e para isto emprega unha linguaxe t3cnica adecuada.	Explica o fundamento do funcionamento do motor de explosi3n.
B5-5.2.	Realiza un traballo sobre a importancia hist3rica do motor de explosi3n no mundo do transporte.	Busca informaci3n sobre a invenci3n do motor de explosi3n e a s3a evoluci3n. Realiza un traballo sobre a importancia hist3rica do motor de explosi3n e o presenta empregando as TIC; acompa3a o texto con informaci3n gr3fica e cuidando a presentaci3n e a ortograf3a. Valora a relevancia das m3quinas t3rmicas como	Realiza un traballo sobre a importancia hist3rica do motor de explosi3n e o presenta empregando as TIC; acompa3a o texto con informaci3n gr3fica e cuidando a presentaci3n e a ortograf3a. Valora a relevancia das m3quinas t3rmicas como	Realiza un traballo sobre a importancia hist3rica do motor de explosi3n e o presenta empregando as TIC; acompa3a o texto con informaci3n gr3fica e cuidando a	Realiza un traballo sobre a importancia hist3rica do motor de explosi3n e o presenta empregando as TIC.



		desencadeantes da revolución industrial. Elabora hipóteses sobre o futuro do motor de explosión.	desencadeantes da revolución industrial. Elabora hipóteses sobre o futuro do motor de explosión.	presentación e a ortografía.	
--	--	--	--	------------------------------	--

### 5.5.9. UNIDADE 9. ÁTOMOS E SISTEMA PERIÓDICO.

#### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 9	– Átomos e sistema periódico.	– 5 sesións

#### 5.5.9.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
<p>B2-1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia, empregando aplicacións virtuais interactivas para a súa representación e identificación.</p> <p>B2-2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.</p> <p>B2-3. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da IUPAC.</p>

#### 5.5.9.2 Obxectivos específicos e xerais da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Competencias básicas
1 Coñecer os diferentes modelos atómicos da historia.	CMCCT, CCL,CAA

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
2	Asociar as propiedades dos elementos coa estrutura electrónica.	CMCCT
3	Explicar o criterio de clasificación dos elementos na táboa periódica.	CMCCT
4	Diferenciar entre elementos metálicos e non metálicos.	CMCCT
5	Identificar algúns elementos representativos.	CCL, CMCCT
<b>Obxectivos curriculares xerais:</b> O2, O5, O6, O7, O8 e O10		

### 5.5.9.3. Concreción curricular da Unidade.

Código etapa	Criterios de avaliación curriculares	Estándares de aprendizaxe	Actividades do libro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
B2-1.	Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia empregando aplicacións virtuais interactivas para a súa representación e identificación.	Compara os diferentes modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución dos mesmos.	Páx. 33. Act. 5. Páx. 35. Acts. 6 e 7. Páx. 44. Acts. 21 e 25.	S	CMCCT CAA CSC
B2-2.	Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na Táboa Periódica e a súa configuración electrónica.	B2-2.1. Estabelece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na Táboa Periódica, os seus electróns de valencia a o seu comportamento químico.	Páx. 38. Acts. 8 e 9. Páx. 44. Acts. 26 e 28. Páx. 45. Acts. 29 a 31.	S	CMCCT CAA

		B2-2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobles, xustificando esta clasificación en función da súa configuración electrónica.	Páx. 41. Act. 10. Páx. 42. Act. 11. Páx. 45. Acts. 32 a 36.		
As explicacións do profesor serán complementadas con diferentes medios audiovisuais (vídeos, DVD, diapositivas, animacións informáticas, internet... ), empregados segundo os casos.

O obxectivo para este curso centrarase, entre outros, en seguir fomentando o interese do alumnado por esta materia que, agora, xa é unha optativa, pero aprofundar, así mesmo, nos diversos temas que a programación deste curso contén. Para isto, tratarase de complementar a súa aprendizaxe na aula mediante a comprobación dalgunha lei estudada teoricamente ou provocar un conflito entre as ideas previas dos/as alumnos/as e determinados feitos experimentais (nun plano máis construtivista). Neste sentido se mandarán facer as chamadas "prácticas caseiras" que con material dispoñible na casa o alumno estuda e analiza comportamento da materia.

Neste sentido, empregáranse algúns dos materiais complementarios que acompañan ao libro de texto, tales como

- presentacións-esquemas.
- animacións en formato dixital.
- fichas de comprensión lectora.
- enlaces a vídeos.
- enlaces a páxinas web.
- actividades interactivas dixitais.

No caso de que o cumprimento dos obxectivos e o número de alumnos por grupo o permita, sería recomendable facer no laboratorio as seguintes actividades prácticas como mínimo:

- Estudo cinemático dunha bóla rodando por un plano inclinado.

- Estudo da caída de corpos baixo á acción da gravidade.
- Medida da forza de rozamento entre un bloque e a mesa por diferentes métodos.
- Estudo da presión hidrostática e atmosférica.
- Medida do equivalente en auga dun calorímetro.
- Determinación da calor específica dunha peza metálica.
- Realización de varios tipos de reaccións químicas.
- Visionado e estudo dalgunhas das simulacións da Universidade de Colorado, relacionadas coa Física e Química.

### 5.11.- Actividades complementaris e extraescolares.

Neste curso, 2016-17, comézase coa Física e Química de 4º da ESO, da LOMCE, e, polo tanto, hai temas correspondentes á FQ de 3º ESO que non deron os alumnos polo carácter provisional que tivo o pasado curso (ao ter que impartir, a súa vez, contidos que hoxe en día, xa son de 2º curso). En definitiva, o nivel de esixencia en canto ao esforzo e grao de concentración require centrarse no que é fundamental para a aprendizaxe do alumnado deste nivel neste curso e prescindir de elementos non relevantes. O carácter motivador que poidera ter a realización de visitas guiadas a museos e/ou exposicións itinerantes ou fábricas relacionadas coa FQ, intentarase explotar coa axuda dos medios dos que hoxe en día se dispón na aula e no laboratorio.

Así, pois, para este curso, programanse as seguintes actividades complementarias:

- 1) Participación no Proxecto Eratóstenes. Coordinado pola 'Facultad de Física da Universidad de Buenos Aires', trátase de medir o raio da Terra en colaboración con diversos Centros de ensino de América, África e Europa, empregando material sinxelo no patio para obter as medidas e recursos TIC para o intercambio de datos e cálculos.
- 2) Visita a Sotavento, planta experimental de xeneradores eólicos (mes de Novembro), en colaboración co Departamento de Tecnoloxía.
- 3) Visita virtual a un museo da ciencia de América ou Europa, baixo determinados parámetros de busca subministrados polo profesor da materia.

A estas actividades puntuais, obviamente, cabe engadir, diversas actividades caseiras e/ou de laboratorio, que, dado o carácter non sistemático, por falta de material, tempo, disponibilidad horaria do profesorado, etc, cabe considerar como actividades complementarias.

## **5.12.- PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DA F.Q. DE 3º DA ESO PENDENTE PARA O ALUMNADO DE 4º CURSO.**

@ alumn@s de 4º da ESO coa FQ de 3º pendente poderán superar esta materia seguindo o plan de recuperación que a continuación se detalla, cos contidos esixíbeis aquí descritos. No entanto, dacordo co disposto polo Departamento e a CCP do Centro, tamén poderase considerar superada esa materia, FQ de 3º da ESO, se superan a correspondente materia de FQ de 4º da ESO e seguiron, durante o curso, este plan de traballo proposto polo Departamento para a recuperación da mesma.

### **5.12.1.- Contidos esixíbeis**

Divídense en dúas partes, cos contidos que, efectivamente, foron vistos no pasado curso:

#### **Bloque 1:**

- Introdución ao método científico. Representacións gráficas. Sistema Internacional de Unidades. Cambios de unidades. Notación científica.
- A materia: estados físicos. Os estados da materia e a teoría cinético-molecular (TCM). Cambios de estado. Aplicación do método científico ao estudo dos gases. Aplicación da TCM á interpretación do comportamento da materia.
- Substancias puras e mesturas. Disolucións. Separación de mesturas.

#### **Bloque 2:**

- A natureza eléctrica da materia. Incorporación da carga eléctrica á estrutura atómica. Modelos atómicos. Caracterización dos elementos químicos. Número atómico e número másico. Isótopos e ións.
- Táboa periódica.
- Radioactividade.
- Formulación inorgánica.
- Reaccións químicas. Concepto de mol e axustes.

### **5.12.2.- Programa de reforzo para a recuperación da materia.**

Este curso non se dispón, dunha hora específica para o alumnado con materias pendentes. En calquera caso, ambos os dous profesores do Departamento, ben o profesor propio de 3º e 4º curso ben o xefe do Departamento, poderá atender ao alumnado coa materia pendente, aclarando as súas dúbidas sobre os diferentes temas. Dito o anterior, e atendendo ás disposicións legais vixentes, aquel alumnado que ten a F.Q. de 3º pendente e ten a F.Q como opción en 4º da ESO, será valorado polo profesor do grupo correspondente. Aquel alumnado que non teña a F.Q. en 4º da ESO, será atendido preferentemente polo xefe do Departamento.

En calquera caso, para superar a Física e Química de 3º da ESO pendente, haberá as habituais probas de avaliación, cos contidos correspondentes, descritos no apartado 5.17.1, mais diferentes traballos de exercicios e cuestións que serán distribuídos polo Departamento para todo o alumnado coa F.Q. de 3º pendente, con carácter opcional e, cuxa presentación será valorada cunha puntuación máxima de 2 puntos a engadir á cualificación obtida na correspondente proba presencial.

No entanto, tal como se comenta máis arriba, aqueles alumnos que non superen as probas específicas pero que si participaron activamente nas actividades e se teñen presentado ás probas específicas convocadas para tal fin, si consiguen superar a materia de Física e Química de 4º da ESO no seu curso, considerarase como superada a materia de Física e Química de 3º, dado que os contidos desta última forman parte, tamén, do currículo da FQ de 4º.

### **5.12.3.- Actividades de avaliación.**

Realizáranse probas antes das avaliacións, unha no mes de Novembro na que serán examinados do Bloque 1, indicado no apartado 2.5.1, e outra no mes de Febreiro cos contidos do Bloque 2.

Así mesmo, o día de cada unha desas probas, poderanse entregar, opcionalmente, as actividades encargadas previamente polo Departamento de FQ. Tales probas poderán supoñer ata un 20% da cualificación da correspondente avaliación.

Para que non supere esas dúas probas haberá un terceiro exame no terceiro trimestre, debéndose examinar dos contidos non superados ata entón. Só con posterioridade a estas probas de recuperación, durante as avaliacións ordinarias do mes de Xuño ou, no seu caso, as avaliacións extraordinarias de Setembro, poderase aplicar o criterio de superación da FQ de 3º ao ter aprobada a FQ de 4º da ESO.

## **6.- CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL DE 4º DA ESO**

Aínda que na Orde que regula a asignación de materias da ESO por Departamentos, a materia de Ciencias Aplicadas á Actividade profesional, de 4º da ESO, é asignada ao Departamento de Física e Química, neste curso, 2016-17, esta materia será impartida por membros do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, atendendo ás necesidades horarias do Centro. Atendendo a esta circunstancia e ao feito de que é a primeira vez que se impartirá tal materia, a programación figura, por acordo entre Departamentos, na programación de Bioloxía e Xeoloxía para este curso.

## **7.- FÍSICA E QUÍMICA NO 1º CURSO DE BACHARELATO**

### **7.1. Introducción e contextualización**

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño e publicado no DOG do 1 de xullo, establece o currículo do Bacharelato para todas as materias (troncais, específicas e de libre configuración autonómica) e, en concreto, para a Física e Química. O presente documento refírese á programación do primeiro curso de Bacharelato desta materia.

O currículo de Física e Química en Bacharelato vén enmarcado polo referente que supoñen os obxectivos xerais da etapa, que deben alcanzarse como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe deseñadas para tal fin.

A materia de Física e Química neste curso de primeiro de Bacharelato continua desenvolvendo no alumnado as competencias que facilitan a súa integración na sociedade dunha forma activa, dotándoo de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade.

Polo tanto, o desenvolvemento da materia presta atención ás relacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e medio ambiente e contribúe, en particular, a que os alumnos e ás alumnas coñezan aqueles problemas, as súas causas e medidas necesarias para facerlles fronte e avanzar, deste xeito, cara un futuro sostible.

Os contidos da materia organízanse en dous grandes bloques, o estudo da Química e o estudo da Física, mais alá do obxectivo xeral e de carácter transversal, que se centra nunha aproximación á actividade científica e que impregna toda a materia.

No bloque da Química, desenvólvense os aspectos cuantitativos da química, reaccións químicas, transformacións enerxéticas e química do carbono, mais un estudo sobre o átomo. Como en cursos anteriores, comezaremos polo estudo cualitativo da estrutura atómica (un breve repaso do 4º curso da ESO) para comprender os fundamentos da espectroscopia e ver algunhas aplicacións da mesma, tal como indica o novo currículo da Lomce para esta materia. Posteriormente, pasaremos ao estudo da química do carbono dada o carácter instrumental que este tema adquire para o alumnado que estuda, neste mesmo curso, Bioloxía e Xeoloxía, particularmente, a parte de bioquímica. A continuación, abordaremos os cálculos en química (determinación de fórmulas moleculares, disolucións, propiedades coligativas e reaccións químicas), para rematar co estudo da termodinámica.

No bloque de Física, a comezar no mes de febreiro, reiníciase o estudo da cinemática (pero introdución o cálculo de derivadas no mesmo), para continuar co estudo da dinámica e o estudo da enerxía e o traballo mecánico; rematando co estudo da electrostática.

Dito o anterior, a concreción curricular da materia neste curso cómpose de contidos, criterios de avaliación, competencias básicas e estándares de aprendizaxe que, para unha mellor organización da materia, se organizan e secuencian en unidades didácticas, tal como se presenta máis adiante, no apartado 7.6.

### **7.1.1. Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado neste curso.**

Atendendo a o exposto no anterior apartado, a modo de introdución, hai que resaltar que, dado que continua o carácter excepcional no curso 2016-17, neste nivel de Física e Química de 1º de Bacharelato, no Departamento considérase conveniente reforzar certos contidos que, en próximos cursos, é de supoñer que se poiderán e deberán impartir no novo currículo de Física e Química de 4º da ESO, mais non foi este o caso, atendendo aos obxectivos do anterior plan de estudo.

Neste sentido, o que no novo plan supón abordar o estudo das aplicacións de certas técnicas espectroscópicas directamente, vaise reforzar cun estudo previo e rápido da estrutura atómica (que no futuro será obviada, xa, neste nivel), mais que, neste curso 2016-17, permitirá abordar ese estudo do novo currículo con maiores garantías de éxito, ao menos provisionalmente. Igualmente ocorre coa especial atención á nova nomenclatura de oxiácidos, proposta pola IUPAC, xa no 2005, e que neste curso se inicia, atendendo ás novas adaptacións do currículo.

## **7.2. Obxectivos xerais do Bacharelato.**

Tal como se recolle no artigo 26 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño do 2015, publicado no DOG, o pasado 1 de xullo, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan alcanzar os seguintes obxectivos xerais:

<b>Obxectivos</b>	<b>Númeración</b>
Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto	O1



de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.	
Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.	O2
Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.	O3
Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	O4
Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.	O5
Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.	O6
Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.	O7
Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.	O8
Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.	O9
Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.	O10

Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.	O11
Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.	O12
Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.	O13
o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.	O14
Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.	O15

### **7.3.- Obxectivos específicos da Física e Química de 1º de Bacharelato:**

A procura da consecución dos obxectivos xerais da área de Física e Química supón aínda outro nivel de concreción, que se ve recollido nas diferentes unidades didácticas do curso:

- Identificar algunhas características do coñecemento científico e, especificamente as relacionadas coa Física e a Química.
- Desenvolver unha actitude crítica ante as formulacións científicas, recoñecendo tanto o carácter provisional do coñecemento científico como a súa contribución ao avance da Humanidade. Aproximarse aos sistemas de avaliación na Ciencia.
- Recoñecer a importancia de expresar correctamente, segundo as normas establecidas, os resultados das medidas e cálculos como parte da expresión correcta das linguaxes científicas.
- Determinar a imprecisión dunha medida, tanto directa como indirecta, interpretando, consecuentemente, a calidade da mesma.
- Exercitarse na construción de gráficas e na análise dimensional das ecuacións empregadas na Física e Química.
- Interpretar os cambios que se producen no contorno empregando as magnitudes cinemáticas, as leis de forza e as leis de Newton.
- Comprender a necesidade de introducir os vectores no estudo do movemento, identificando o carácter vectorial das magnitudes que caracterizan o movemento, como a velocidade e a aceleración.

- Empregar as expresións matemáticas e traballar coas gráficas correspondentes ás ecuacións do movemento en xeral, así como a súa aplicación a movementos particulares como é o dos movementos rectilíneos uniformemente variado, o circular uniforme e o harmónico simple.
- Identificar as forzas actuantes sobre un móbil en diferentes casos sinxelos e saber aplicar as leis de Newton á resolución de problemas para algúns destas situacións, especialmente, no caso de corpos en ascensores, corpos arrastrados por planos inclinados, suxeitos con cordas tensas e poleas, etc.
- Identificar as forzas elásticas como provocadoras do movemento harmónico simple.
- Identificar a conservación do momento lineal, ser capaz de analizar situacións nas que se poña de manifesto e valorar as repercusións das aplicacións tecnolóxicas derivadas deste principio de conservación no progreso da humanidade.
- Recoñecer a importancia da enerxía como magnitude física, e as diferentes formas nas que se presenta. Aproximarse, deste xeito, á importancia social que as formas de emprego da enerxía ten ao longo da historia da Humanidade.
- Analizar as propiedades da enerxía cinética e da enerxía potencial como formas da enerxía mecánica dun corpo.
- Explicar e predicir fenómenos naturais do contorno, empregando as formas da enerxía mecánica.
- Comprender a definición de traballo como unha medida da enerxía que gaña ou cede un corpo cando actúan sobre o forzas exteriores. Comprender o concepto de potencia e a súa aplicación na medida do rendemento de máquinas e procesos.
- Comezar a distinguir, entre as forzas que actúan sobre un corpo, as forzas conservativas das non conservativas.
- Explicar situacións e resolver exercicios empregando o principio de conservación da enerxía mecánica, mediante a realización de balances enerxéticos e empregando axeitadamente diagramas e esquemas do proceso, así como as magnitudes do S.I.
- Estudiar e comprender a aplicación do principio de conservación da enerxía mecánica ao caso de corpos que se moven con movemento harmónico simple.
- Poder distinguir os diferentes tipos de choques entre corpos, en función da enerxía cinética transformada nos mesmos, así como resolver algúns casos sinxelos de choques elásticos e choques plásticos.
- Coñecer as formas de enerxía interna como propias de corpos multiparticulados.
- Identificar o concepto de calor como outro xeito de transferencia de enerxía entre corpos, diferenciándoo do de temperatura, do de traballo e, tamén, do de enerxía térmica dun corpo.
- Analizar e comprender os diferentes conceptos que, ao longo da historia, se deu a calor e a temperatura, así como as dificultades na súa diferenciación ata dispor dun modelo corpuscular da materia e as aportacións de Thomson e Joule, establecendo o equivalente mecánico da unidade de calor.
- Traballar con conceptos relacionados coa calor, tales como equilibrio térmico e calor específica, para poder explicar e resolver analiticamente situacións e exercicios, tomados da vida cotián, de tipo calorimétrico.

- Entender o Primeiro Principio da Termodinámica como consecuencia do Principio de Conservación da Enerxía.
- Coñecer o Segundo Principio da Termodinámica e algunhas aplicacións sinxelas do mesmo, así como algúns conceptos relacionados co mesmo, tales como a variación de entropía e a espontaneidade dunha reacción química.
- Adquisición, e/ou revisión, de técnicas básicas no laboratorio de química.
- Aplicar o modelo corpuscular da materia para explicar e predicir algúns comportamentos dos estados de agregación líquido e gasoso.
- Interpretar as leis dos gases para explicar fenómenos cotiáns e calcular cambios de presión, volume e temperatura nos sistemas gasosos, así como determinar masas moleculares.
- Comprender a importancia que teñen as propiedades físicas e químicas na identificación dunha substancia. Saber contrastar experimentalmente algunhas destas propiedades.
- Completar a comprensión de conceptos químicos fundamentais como os de molécula, mol, unidade de masa atómica, que permiten interpretar a natureza corpuscular da materia.
- Estimar as relacións estequiométricas en reaccións químicas sinxelas, aplicando o concepto de mol para a cuantificación ponderal de reactivos e produtos.
- Interpretar correctamente a fórmula de compostos inorgánicos sinxelos, e polo tanto, interpretar en toda a súa extensión as ecuacións químicas: símbolos, coeficientes, etc.
- Comprender a natureza eléctrica da materia e valorar a importancia do estudo da electricidade e das súas aplicacións.
- Recoñecer a validez universal do principio de conservación da carga eléctrica e usalo na explicación de fenómenos electrostáticos.
- Comprender o significado da interacción eléctrica: a lei de Coulomb e as semellanzas e diferenzas coa lei de Newton.
- Identificar o carácter vectorial das interaccións entre cargas puntuais e aplicar o principio de superposición á resolución de problemas en dúas dimensións.
- Coñecer e explicar a interacción eléctrica a través do concepto de campo eléctrico. Saber interpretar a intensidade de campo e a visualización do mesmo por medio de liñas de forza.
- Comprender os aspectos enerxéticos da interacción eléctrica, en particular a enerxía potencial e o potencial.
- Asumir que a carga eléctrica é unha propiedade fundamental da materia, e daquela, fundamental na explicación da diversidade das substancias: existencia de diferentes átomos, diferentes unións entre os átomos, etc.
- Recoñecer a función que teñen os modelos científicos nunha teoría científica e a súa provisionalidade, tomando como exemplo a evolución dos modelos atómicos.

- Xustificar a teoría atómica de Dalton partindo das leis ponderais básicas e lembrar a sucesión dos diferentes modelos atómicos ata chegar ao modelo de Bohr.
- Reforzar o coñecemento sobre o modelo de Bohr e o actual modelo cuántico.
- Coñecer algunhas técnicas modernas de identificación de substancias baseadas na espectroscopia e espectrometría, particularmente, as espectroscopias de absorción atómica e de infravermellos e a espectrometría de masas, relacionando esta última coa determinación de masas atómicas e moleculares de compostos químicos.
- Reforzar o coñecemento sobre a táboa periódica dos elementos e a xustificación das propiedades das substancias en función do tipo de enlace predominante nelas, así como a relación entre a configuración electrónica dos elementos químicos e o tipo de enlace ao que poden dar lugar as súas combinacións.
- Nomear e formular compostos químicos segundo as regras da IUPAC actualmente recomendadas, e asumir esta aprendizaxe como o mellor método para a identificación inequívoca das substancias.
- Coñecer as forzas intermoleculares e comprender a súa importancia nas substancias moleculares e, tamén, na explicación das forzas de cohesión en sólidos e líquidos.
- Interpretar a variación na química orgánica empregando as características do carbono, as fórmulas estruturais e os conceptos de serie homóloga e grupo funcional.
- Comprender a importancia dalgúns procesos no desenvolvemento da química orgánica e valorar o seu papel na calidade de vida.
- Predicir a reactividade e o xeito de obtención de compostos orgánicos sinxelos a partir da súa estrutura.
- Entender o mecanismo de actividade dalgúns produtos orgánicos no organismo dos seres vivos.
- Valorar a utilización axeitada dos recursos naturais.
- Coñecer os mecanismos de obtención dalgúns produtos orgánicos, mediante procesos tradicionais e/ou industriais.
- Apreciar a importancia da reciclaxe e reutilización de materias como medida de aforro enerxético e contribución ao control da contaminación.

#### 7.4. Relación de unidades didácticas, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.

U.D.	Título	Descrición	Duración
			Nº sesións
0	A actividade científica	Repaso sobre: A medida e o método científico.	3

▪ 1	– Estrutura da materia	– Repaso das leis dos gases, das leis ponderais, da teoría atómica de Dalton e modelos atómicos. Métodos de análise químico: Espectroscopia e espectrometría. O enlace químico. Formulación inorgánica IUPAC. Repaso do concepto de mol e determinación da composición centesimal ou da fórmula molecular dun composto.	24
▪ 2	– Química do carbono	– Introducción á química do carbono.	16
▪ 3	– Cálculos en química. Disolucións e reaccións químicas.	– Disolucións. Propiedades coligativas. – Reaccións químicas.	20
▪ 4	– Introducción á termoquímica	– Introducción ao estudo das transformacións enerxéticas e espontaneidade das reaccións químicas.	6
▪ 5	– Cinemática	– Estudo dos movementos en 1 e 2 dimensións; incluído o M.H.S.	18
▪ 6	– Dinámica	– Estudo das leis de Newton e a súa aplicación na dinámica; incluído o estudo do péndulo simple. Leis de Kepler e lei da gravitación universal. Momento lineal e momento angular.	25
▪ 7	– Enerxía e traballo	– Estudo da enerxía mecánica dunha partícula. Traballo e potencia. Forzas conservativas.	14
▪ 8	– Electrostática	– Estudo do campo electrostático. Potencial electrostático.	10
▪	– <b>TOTAL</b>		136

## **7.5.- Secuenciacións e Metodoloxía xeral**

### 7.5.1. Secuencias de contidos por Unidade didáctica

– Contidos	UNIDADE
▪ 0.1.- Estratexias necesarias na actividade científica. A medida. Imprecisións nas medidas.	Unidade 0

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 1.1. Revisión da teoría atómica de Dalton.</li><li>▪ 1.2. Leis dos gases. Ecuación de estado dos gases ideais.</li><li>▪ 1.3. Estrutura atómica. Modelos atómicos.</li><li>▪ 1.4. Sistema periódico dos elementos e configuración electrónica.</li><li>▪ 1.5. Enlace químico (repaso).</li><li>▪ 1.6. Forzas intermoleculares.</li><li>▪ 1.7. Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC.</li><li>▪ 1.8. Métodos actuais para a análise de substancias: espectroscopia e espectrometría.</li><li>▪ 1.9. Determinación de fórmulas empíricas e moleculares.</li></ul>	Unidade 1
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 2.1. Enlaces do átomo de carbono.</li><li>▪ 2.2. Compostos de carbono: hidrocarburos.</li><li>▪ 2.3. Formulación e nomenclatura IUPAC dos hidrocarburos.</li><li>▪ 2.4. Formulación e nomenclatura IUPAC dos compostos osixenados.</li><li>▪ 2.5. Formulación e nomenclatura IUPAC dos compostos nitroxenados.</li><li>▪ 2.6. Isomería estrutural.</li><li>▪ 2.7. Petróleo e novos materiais.</li><li>▪ 2.8. Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono.</li><li>▪ 2.9. Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono.</li></ul>	Unidade 2
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 3.1. Disolucións: formas de expresar a concentración.</li><li>▪ 3.2. Disolucións: preparación e propiedades coligativas.</li><li>▪ 3.3. Estequiometría das reaccións. Reactivo limitante, rendemento dunha reacción e impurezas dos reactivos.</li></ul>	Unidade 3

– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 4.1. Sistemas termodinámicos.</li><li>▪ 4.2. Primeiro principio da termodinámica. Enerxía interna.</li><li>▪ 4.3. Entalpía. Ecuacions termoquímicas.</li><li>▪ 4.4. Lei de Hess.</li><li>▪ 4.5. Segundo principio da termodinámica. Entropía.</li><li>▪ 4.6. Factores que interveñen na espontaneidade dunha reacción química. Enerxía de Gibbs.</li></ul>	Unidade 4
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 5.1. Estudo do movemento dun punto material.</li><li>▪ 5.2. Movimentos rectilíneo e circular.</li><li>▪ 5.3. Composición de movementos. Tiro parabólico.</li><li>▪ 5.4. Descrición do movemento harmónico simple (MHS).</li></ul>	Unidade 5
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 6.1. A forza como interacción física.</li><li>▪ 6.2.. Leis de Newton.</li><li>▪ 6.3. Dinámica do movemento circular.</li><li>▪ 6.4. Leis de Kepler.</li><li>▪ 6.5. Sistemas de referencia inerciais. Principio de Relatividade de Galileo.</li><li>▪ 6.6. Sistemas de dúas partículas.</li><li>▪ 6.7. Conservación do momento lineal e impulso mecánico.</li><li>▪ 6.8. Forzas centrais. Momento dunha forza e momento angular. Principio de conservación do momento angular.</li><li>▪ 6.9. Lei da gravitación universal.</li></ul>	Unidade 6



– Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 7.1. Enerxía mecánica e traballo. Principio de conservación da enerxía mecánica.</li><li>▪ 7.2. Teorema das forzas vivas.</li><li>▪ 7.3. Sistemas conservativos.</li><li>▪ 7.4. Estudo enerxético do MHS</li></ul>	Unidade 7
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ 8.1. Interacción electrostática. Lei de Coulomb.</li><li>▪ 8.3. Diferenza de potencial eléctrico.</li></ul>	Unidade 8

### 7.5.2. Metodoloxía xeral na Física e Química de 1º de Bacharelato

A materia de Física e Química de 1º de Bacharelato ten destinadas catro horas semanais. Dedicaranse ás explicacións teóricas pertinentes e á resolución de cuestións prácticas e de exercicios numéricos, que aclaren e permitan afondar en cada un dos temas a estudo. Na medida do posíbel, se ben o programa é extenso, procurarase a realización de experiencias de cátedra na aula e actividades de laboratorio, que axuden a consolidar os coñecementos adquiridos ou a crear o conflito necesario nos alumnos para axudarlle a desprenderse de anteriores conceptos previos, facilitando a comprensión dos novos coñecementos presentados neste curso. Así mesmo, ao longo do curso, serán propostas actividades caseiras, pequenos traballos de investigación, que permitan desenvolver no alumnado a súa iniciativa e a súa capacidade de execución e análise deste tipo de traballos como mostra da actividade científica.

En calquera caso, considérase básico para o desenvolvemento do programa os seguintes puntos:

A ensinanza da Física e da Química deberá ser activa e motivadora, procurando poñer aos alumnos en relacións cos problemas do mundo que nos rodea e, intentando a súa participación activa nas clases. O verdadeiramente importante é o desenvolvemento das capacidades e actitudes do/a alumno/a, que lle permitan interpretar, comprender e xulgar o Universo e o contorno máis próximo.

Farase uso preferente do Sistema Internacional de sete Unidades e seguiranse as normas da IUPAC que, no caso da formulación de compostos inorgánicos, ve incorporadas as normas aprobadas no 2005, se ben, tamén se recomenda o estudo dos nomes tradicionais de diversos compostos como oxiácidos e oxisais.

Aínda que se traten de forma separada, a Física e a Química, debe manifestarse a relación existente entre elas e as demais ciencias experimentais, feito que xa se advirte, por exemplo, no primeiro tema cando, no estudo da espectroscopia, o alumnado se atopa co uso dos seus coñecementos sobre as ondas, para o que se efectuará un breve repaso dunha xornada.

## **7.6. CONCRECIÓN CURRICULAR EN UNIDADES DIDÁCTICAS DA FÍSICA E QUÍMICA DE 1º DE BACHARELATO**

Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
UD. 0	- A ACTIVIDADE CIENTÍFICA	- 3 sesións

7.6.0.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
0.1.- Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica: formular problemas e emitir hipóteses, propor modelos, elaborar estratexias de resolución de problemas e deseños experimentais. Analizar resultados. Cálculo de erros, cifras significativas. 0.2.- Análise dimensional dunha ecuación.

7.6.0.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Competencias básicas
- Identificar algunhas características do coñecemento científico e, especificamente as relacionadas coa Física e a Química.	CMCCT, CAA

▪ Obxectivos específicos		▪ Competencias básicas	
–	Desenvolver unha actitude crítica ante as formulacións científicas, recoñecendo tanto o carácter provisional do coñecemento científico como a súa contribución ao avance da Humanidade. Aproximarse aos sistemas de avaliación na Ciencia.	CSC, CCL, SIEE	
–	Valorar a importancia da existencia de unidades para efectuar medidas, presentando algunhas medidas tradicionais e, comprendendo a importancia da existencia do Sistema Internacional de Unidades, polo que supón de acordo internacional.	CMCCT	
–	Recoñecer a importancia de expresar correctamente, segundo as normas establecidas, os resultados das medidas e cálculos como parte da expresión correcta das linguaxes científicas	CMCCT	
	Determinar a imprecisión dunha medida, tanto directa como indirecta, interpretando, consecuentemente, a calidade da mesma.	CMCCT,	
	Facer a análise dimensional dunha ecuación e valorar a súa viabilidade.	CMCCT	

### 7.6.0.3. Concreción curricular da Unidade.

▪ Contidos curriculares	▪ Criterios de avaliación	▪ Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro (comúns para cada curso por materia)	▪ Mínimos esixibles ▪ (S/N)	▪ Competencias básicas
▪ 0.1. Estratexias necesarias na actividade científica.	0.1.- Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica: formular problemas e emitir hipóteses, propor modelos, elaborar estratexias de resolución de problemas e deseños experimentais. Analizar resultados.	0.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica: facer preguntas, identifica problemas, recolle datos, realiza experiencias, diseña e argumenta estratexias de resolución, empregando modelos e leis científicas.	Xustifica as teorías científicas e analiza o significado das probas experimentais nas que se basean as leis científicas.	▪ S	▪ CAA CCL CMCCT CSIEE
		0.2. Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo e contextualiza os datos.	Resolve exercicios numéricos e expresa, corretamente os resultados, atendendo ás cifras significativas, unidades	▪ S	▪ CAA CMCCT CSIEE

Contidos curriculares	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro (comúns para cada curso por materia)	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias básicas
			correspondentes e notación científica.		
		0.3. Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico ou químico.	Identifica a relación entre as magnitudes física nunha ecuación e as magnitudes físicas fundamentais.	S	CMCCT
		0.4. A partir dun texto científico, extrae e interpreta a información, e argumenta con rigor e precisión, utilizando a terminoloxía adecuada	Comprende a lectura dun texto científico e argumenta correctamente, empregando a terminoloxía correspondente.	S	CAA CCL CMCCT

Unidade didáctica .....1.....

7.6.1. Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
UD. 1	- ESTRUTURA DA MATERIA	22 sesións

7.6.1.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
1.1. Explicar a teoría atómica de Dalton e as leis básicas asociadas ao seu establecemento.
1.2. Utilizar a ecuación de estado dos gases ideais para establecer relacións entre a presión, o volume e a temperatura.
1.3. Recoñecer a necesidade de modelos para interpretar a estrutura da materia.

1.4. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.
1.5. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos químicos.
1.6. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.
1.7..Nomear e formular compostos inorgánicos.
1.8.. Utilizar os datos obtidos mediante técnicas espectrométricas para calcular masas atómicas.
1.9. Recoñecer a importancia das técnicas espectroscópicas que permiten a análise de substancias e as súas aplicacións para a detección destas en cantidades moi pequenas de mostras.
1.10. Aplicar a ecuación dos gases ideais para calcular masas moleculares e determinar fórmulas moleculares.

#### 7.6.1.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

	▪ Obxectivos específicos	▪ Competencias básicas
O1	Adquisición, e/ou revisión, de técnicas básicas no laboratorio de química.	CMCCT
O2	Aplicar o modelo corpuscular da materia para explicar e predicir algúns comportamentos dos estados de agregación líquido e gasoso.	CMCCT
O3	Interpretar las leis dos gases para explicar fenómenos cotiáns e calcular cambios de presión, volume e temperatura nos sistemas gasosos, así como determinar masas moleculares.	CMCCT
O4	Comprender a importancia que teñen as propiedades físicas e químicas na identificación dunha sustancia. Saber contrastar experimentalmente algunhas destas propiedades.	CMCCT, CAA
O5	Completar a comprensión de conceptos químicos fundamentais como os de molécula, mol, unidade de masa atómica, que permiten interpretar a natureza corpuscular da materia.	CMCCT
O6	Valorar a gran utilidade da táboa periódica como medio para obter abundante información sobre as propiedades dos elementos químicos, e como un soporte básico na construción do coñecemento científico.	CMCCT, SIEE
O7	Relacionar configuración electrónica dos elementos químicos co tipo de enlace ao que darán lugar.	CMCCT
O8	Xustificar propiedades das substancias en función do tipo de enlace predominante nelas.	CMCCT

▪ Obxectivos específicos		▪ Competencias básicas
09	Comprender a importancia das forzas intermoleculares nas sustancias moleculares, e tamén na explicación das forzas de cohesión en sólidos e líquidos.	CMCCT
10	Nomear e formular compostos químicos segundo as regras da IUPAC, e asumir esta aprendizaxe como o mellor método para a identificación inequívoca das sustancias.	CMCCT, CCL
11	Saber determinar algunhas fórmulas moleculares a partir de datos cuantitativos como a composición centesimal dun composto.	CMCCT

### 7.6.1.3. Concreción curricular da Unidade.

▪ Contidos curriculares	▪ Criterios de avaliación	▪ Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro (comúns para cada curso por materia)	Mínimos esixibles (S/N)	▪ Competencias básicas
▪ 1.1. Revisión da teoría atómica de Dalton.	1.1. Explicar a teoría atómica de Dalton e as leis básicas asociadas ao seu establecemento.	1.1.- Xustifica a teoría atómica de Dalton e a discontinuidade da materia a partir das leis fundamentais da química.	Coñece as leis ponderais básicas e xustifica a teoría atómica con estas leis.	▪ S	CMCCT
▪ 1.2. Leis dos gases. Ecuación de estado dos gases ideais.	1.2. Utilizar a ecuación de estado dos gases ideais para establecer relacións entre a presión, o volume e a temperatura.	1.2.1.- Determina as magnitudes que definen o estado dun gas aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.	Coñece as leis dos gases ideais e emprega correctamente as ecuacións e unidades relacionadas.	▪ S	CMCCT
		1.2.2.- Explica razoadamente a utilidade e as limitacións da hipótese do gas ideal.	Explica razoadamente o concepto de gas ideal e recoñece os límites deste concepto.	▪ N	CMCCT CCL
▪ 1.3. Estrutura atómica. Modelos atómicos.	1.3. Recoñecer a necesidade de modelos para interpretar a estrutura da materia.	1.3.- Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia.	Distingue os sucesivos modelos atómicos ao longo da historia.	▪ N	CMCCT

Contidos curriculares	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro (comúns para cada curso por materia)	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias básicas
<ul style="list-style-type: none"> <li>1.4. Sistema periódico dos elementos e configuración electrónica.</li> </ul>	1.4.1. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.	1.4.1.- Estabelecer a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.	Sabe facer a configuración electrónica dun elemento a partir do seu número atómico e o relaciona coa posición na táboa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>N</li> </ul>	CMCCT
	1.4.2. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos químicos.	1.4.2.- Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.	Distingue os tres tipos básicos de enlace químico e sabe explicar o enlace que se forma entre dous elementos a partir da súa configuración electrónica ou da súa posición na táboa periódica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>N</li> </ul>	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>1.5. Enlace químico (repaso).</li> <li>1.6. Forzas intermoleculares.</li> </ul>	1.5. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.	1.5.- Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.	Coñece as propiedades dos compostos químicos en función do tipo de enlace que conteñen.	<ul style="list-style-type: none"> <li>N</li> </ul>	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>1.7. Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC.</li> </ul>	1.7. Nomear e formular compostos inorg	1.7.- Nomea e formula compostos inorgánicos ternários, seguindo as normas da IUPAC.	Sabe formular e/ou nomear compostos inorgánicos, seguindo as normas IUPAC (tradicional e as propostas do 2005).	<ul style="list-style-type: none"> <li>S</li> </ul>	CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>1.8. Métodos actuais para</li> </ul>	1.8.1. Utilizar os datos obtidos mediante técnicas	1.8.1- Calcula a masa atómica dun elemento a partir dos datos	Sabe calcular a masa atómica dun elemento ou a masa molecular dun	<ul style="list-style-type: none"> <li>N</li> </ul>	CMCCT

Contidos curriculares	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro (comúns para cada curso por materia)	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias básicas
a análise de substancias: espectroscopia e espectrometría.	espectrométricas para calcular masas atómicas.	espectrométricos obtidos para os diferentes isótopos deste.	composto, a partir de espectrometría de masas.		
	1.8.2. Recoñecer a importancia das técnicas espectroscópicas que permiten a análise de substancias e as súas aplicacións para a detección destas en cantidades moi pequenas de mostras.	1.8.2.- Describe as aplicacións da espectroscopia na identificación de elementos e compostos.	Recoñece espectros de absorción atómica e de infravermello, describindo algunha aplicación destas técnicas na análise química.	N	CMCCT
1.9.Determinación de fórmulas empíricas e moleculares.	1.9. Aplicar a ecuación dos gases ideais para calcular masas moleculares e determinar fórmulas moleculares.	1.9.- Relaciona a fórmula empírica e molecular dun composto coa súa composición centesimal, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.	Determina a composición centesimal dun composto a partir da súa fórmula e determina a fórmula molecular a partir de datos de abundancia e a ecuación dos gases.	S	CMCCT

Unidade didáctica .....2.....

### 7.6.2. Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
UD. 2	- QUÍMICA DO CARBONO	16 sesións



## 7.6.2.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

■ Criterios de avaliación
2.1. Recoñecer hidrocarburos saturados e insaturados e aromáticos, relacionándoos con compostos de interese biolóxico, industrial e social.
2.2. Identificar compostos orgánicos que conteñan osíxeno ou nitróxeno.
2.3. Representar os tipos de isomería básicos.
2.4. Explicar os fundamentos químicos relacionados coa industria do petróleo e do gas natural.
2.5. Diferenciar as estruturas que presenta o carbono no grafito, no diamante, no grafeno, nos fullerenos e nanotubos e relacionar tales estruturas coas súas aplicacións.
2.6. Valorar o papel da química do carbono nas nosas vidas e recoñecer a necesidade de adoptar actitudes e medidas ambientais sustentábeis.

## 7.6.2.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
O1	Interpretar a variación na química orgánica empregando as características do carbono, as fórmulas estruturais e os conceptos de serie homóloga e grupo funcional.	CMCCT, CCL
O2	Comprender a importancia dalgúns procesos no desenvolvemento da química orgánica e valorar o seu papel na calidade de vida.	CAA, CMCCT, CSC
O3	Predicir a reactividade e o xeito de obtención de compostos orgánicos sinxelos a partir da súa estrutura.	CMCCT
O4	Entender o mecanismo de actividade dalgúns produtos orgánicos no organismo dos seres vivos.	CMCCT, CAA
O5	Valorar a utilización axeitada dos recursos naturais.	CMCCT, CSC

▪ Obxectivos específicos		▪ Competencias básicas
06	Coñecer os mecanismos de obtención dalgúns produtos orgánicos, mediante procesos tradicionais e/ou industriais.	CMCCT, CSC
07	Apreciar a importancia da reciclaxe e reutilización de materias como medida de aforro enerxético e contribución ao control da contaminación.	CSC, SIEE, CMCCT

### 7.6.2.3. Concreción curricular da Unidade.

▪ Contidos curriculares	▪ Criterios de avaliación	▪ Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro (comúns para cada curso por materia)	Mínimos esixibles (S/N)	▪ Competencias básicas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2.1. Enlaces do átomo de carbono.</li> <li>▪ 2.2. Compostos de carbono: hidrocarburos.</li> <li>▪ 2.3. Formulación e nomenclatura IUPAC dos hidrocarburos.</li> </ul>	2.4. Recoñecer hidrocarburos saturados e insaturados e aromáticos, relacionándoos con compostos de interese biolóxico, industrial e social.	2.1.- Formula e nomea, segundo as normas IUPAC, hidrocarburos de cadea aberta e pechada, e derivados aromáticos.	Formula e/ou nome, correctamente, hidrocarburos sinxelos, empregando as normas IUPAC.	▪ S	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2.4. Formulación e nomenclatura IUPAC dos compostos osixenados.</li> <li>▪ 2.5. Formulación e nomenclatura IUPAC dos compostos nitroxenados.</li> </ul>	2.5. Identificar compostos orgánicos que conteñan osixeno ou nitróxeno.	2.2.1.- Formula e nomea, segundo as normas IUPAC, compostos do carbono con funcións osixenadas: alcois, éteres, cetonas, aldehidos, ácidos e derivados.	Formula e/ou nomea, correctamente, compostos osixenados orgánicos, empregando as normas IUPAC:	▪ S	CMCCT
		2.2.2.- Formula e nomea, segundo as normas IUPAC, compostos do carbono con funcións nitroxenadas: aminas e amidas.	Formula e/ou nomea, correctamente, compostos nitroxenados orgánicos, empregando as normas IUPAC.	▪ S	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2.6. Isomería estrutural.</li> </ul>	2.6. Representar os tipos de isomería básicos.	2.4.-Identifica e representa os isómeros dun composto orgánico, estruturais e xeométricos.	Identifica, correctamente, os diferentes tipos de isomería posibles para un determinado composto do carbono.	▪ S	CMCCT

Contidos curriculares	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro (comúns para cada curso por materia)	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias básicas
2.7. Petróleo e novos materiais.	2.4. Explicar os fundamentos químicos relacionados coa industria do petróleo e do gas natural.	2.5.1.- Describe o proceso de obtención do gas natural e dos derivados do petróleo a nivel industrial, e a súa repercusión ambiental.	Coñece e explica correctamente como se forman e se obteñen o gas natural e os derivados do petróleo.	N	CMCCT CSC
		2.5.2.- Explica a utilidade das fraccións do petróleo.	Identifica os diferentes produtos da destilación fraccionada do petróleo e recoñece a súa utilidade nalgúns campos.	N	CMCCT
2.8. Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono.	2.5. Diferenciar as estruturas que presenta o carbono no grafito, no diamante, no grafeno, nos fullerenos e nanotubos e relacionar tales estruturas coas súas aplicacións.	2.6.- Identifica as formas alotrópicas do carbono, relacionándoas coas propiedades físicoquímicas e as súas posibles aplicacións.	Identifica as formas alotrópicas do carbono e algunhas propiedades das mesmas que as fan características e diferentes das outras.	N	CMCCT
Na vida diaria estamos en continuo contacto con situacións que nos afectan directamente, como as enfermidades, a manipulación e produción de alimentos ou o cambio climático, situacións que os cidadáns do século XXI debemos ser capaces de entender. Repetidas veces os medios de comunicación informan sobre alimentos transxénicos, clonacións, fecundación in vitro, terapia xénica, trasplantes, investigación con embrións conxelados, terremotos, erupcións volcánicas, problemas de sequía, inundacións, plans hidrolóxicos, animais en perigo de extinción, e outras cuestións a cuxa comprensión contribúe a materia de Cultura Científica. Outro motivo polo que a materia Cultura Científica é de interese é a importancia do coñecemento e utilización do método científico, útil non só no ámbito da investigación senón, en xeral, en todas as disciplinas e actividades. Polo tanto, requírese que a sociedade adquira unha cultura científica básica que lle permita entender o mundo actual; é dicir, conseguir a alfabetización científica dos cidadáns. Por isto, esta materia véncellase tanto á etapa da ESO como ao Bacharelato. Atendendo ao Decreto que establece os currícula para esta materia, en 1º de Bacharelato, trátanse os temas dedicados á formación da Terra e á orixe da vida, á xenética, aos avances biomédicos e, por último, un bloque dedicado ao relacionado coas TICs. Provisionalmente, este curso 2016-17, dado que o alumnado non tivo ocasión de estudar a Cultura Científica de 4º da ESO, mantense o establecido o pasado curso, por acordo dos Departamentos de Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía do Centro, sobre a inclusión dunhas nocións complementarias sobre a orixe do Universo na primeira unidade do curso, como extensión do estudo do planeta Terra.

## **8.2. Obxectivos xerais do Bacharelato**

Ver apartado 7.2.

## **8.3. Obxectivos específicos da Cultura Científica de 1º de bacharelato**

A procura da consecución dos obxectivos xerais do curso e etapa supón un novo nivel de concreción, en cada materia; neste caso, recollido nos diferentes contidos e criterios de avaliación descritos para cada unidade didáctica do curso, e atendendo aos obxectivos específicos indicados, tamén, en cada unidade. Hai que indicar, sen embargo, que así como os obxectivos xerais son comúns a todo o alumnado, independentemente dos seus coñecementos previos e formación, algúns destes obxectivos específicos é probábel que non se chegaran a acadar nos grupos que non tiveron unha formación previa, feito que non debe significar que non se intente cumprir. Tales obxectivos específicos pódense concretar en:

- Identificar algunhas características básicas do coñecemento científico, particularmente o carácter colectivo e non dogmático do coñecemento, vinculado á evolución histórica e cun método propio, o método científico.
- Desenvolver unha actitude crítica ante as formulacións científicas, recoñecendo tanto o carácter provisional do coñecemento científico como a súa contribución ao avance da Humanidade. Aproximarse aos sistemas de avaliación na Ciencia.
- Achegarse á evolución histórica das ideas da humanidade sobre o Universo e comprender o actual modelo cosmolóxico do Universo en expansión.
- Aplicar o modelo da tectónica de placas na explicación de diferentes tipos de fenómenos naturais.
- Achegarse ás principais hipóteses sobre a orixe da vida na Terra no marco da evolución, química e biolóxica.
- Dar lugar á reflexión sobre as ideas da selección natural darwiniana e a súa explicación dende a xenética, contrastándoas con teorías pseudocientíficas como a do deseño intelixente.
- Achegarse aos últimos coñecementos sobre a orixe da especie humana.
- Comprender a importancia de manter hábitos saudábeis na vida cotiá e súa identificación á luz dos actuais coñecementos científicos.
- Achegarse ao coñecemento dos condicionamentos da investigación médica e reflexionar sobre a súa importancia social.

- Achegarse aos últimos coñecementos no campo da biotecnoloxía, avaliando tanto as importantes consecuencias beneficiosas como os riscos deste campo, particularmente en aspectos concretos desta revolución como os transplantes, a reprodución asistida, a clonación, as células troncais e a bioética.
  - Achegarse ao coñecemento dos actuais riscos e impactos, tanto naturais como androxénicos, aos que se enfronta a biosfera tanto no seu conxunto como a nivel local.
  - Coñecer os principios xerais da xestión sustentábel, tanto a nivel global como en particular en Galicia. Achegarse aos principios básicos da ordenación territorial.
  - Achegarse ao coñecemento e avaliación do uso social de diferentes materiais, tanto dos de uso xa tradicional, como dos novos materiais, derivados das últimas revolucións tecnolóxicas derivadas de diferentes campos da ciencia como a nanotecnoloxía ou os novos materiais.
  - Promover a reflexión sobre o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a sociedade de consumo, particularmente en temas de interese xeral como o esgotamento de materiais e o deterioro do medio ambiente, así como a demanda enerxética e a aparición de novas necesidades.
  
- Valorar a dimensión da revolución tecnolóxica que supuxo o salto do analóxico ao dixital na sociedade contemporánea e as súas consecuencias no mundo da comunicación e da información así como as súas implicacións en aspectos de interese social.

#### **8.4. Relación de unidades didácticas, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.**

U.D.	▪ Título	▪ Descrición	– Duración
			– Nº sesións
1	– O NOSO PLANETA: A TERRA	– Fontes de información relacionadas coa ciencia. Ciencia e pseudociencia. Estudo da Terra. A deriva dos continentes; ondas sísmicas. Hidrosfera e atmosfera. A medición da Terra: Proxecto Eratóstenes. Orixe do Universo. Formación das estrelas.	13 sesións
2	– A ORIXE DA VIDA E A ORIXE DO SER HUMANO	– Orixe da vida e evolución biolóxica. Probas e explicación. Extincións. A orixe do ser humano.	8 sesións



3	- VIVIR MÁIS, VIVIR MELLOR	- Historia da medicina. Diagnóstico e tratamento de enfermidades. Transplantes, As medicinas alternativas. A medicina en países de desenrolo.	8 sesións
4	- A REVOLUCIÓN XENÉTICA: O SECRETO DA VIDA	- ADN. Xenética. O xenoma humano. Epixenética.	8 sesións
5	- BIOTECNOLOXÍA	- Manipulación de xens. Transxénicos. Terapia xénica, Células nai e clonación.	8 sesións
6	- UN MUNDO DIXITAL	- A informática o os ordenadores. Procesamento, almacenamento e intercambio de información. Multimedia.	8 sesións
7	- FUNCIONAMENTO DE INTERNET	- Internet. HTML. Problemas de internet. Redes sociais. Privacidade e seguridade na rede.	8 sesións
	- NONVAS TECNOLOXÍAS	- Fibra óptica. Telefonía móbil. Sistemas de posicionamento por satélite. Tecnoloxía LED.	5 sesións
	- TOTAL		66 sesións

## 8.5.- Secuenciación e Metodoloxía xeral da Cultura Científica de 1º de Bacharelato

### 8.5.1. Secuencias de contidos por Unidade didáctica

Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.1.- A comunicación da ciencia e tecnoloxía. Fontes de divulgación científica. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Perspectiva histórica.</li> <li>▪ 1.2.- As fontes de información, relacionadas co estudo da Terra. Análise de documentos.</li> <li>▪ 1.3.- Historias do planeta Terra.</li> </ul>	Unidade 1

Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.4.- A rede sísmica mundial,</li> <li>▪ 1.5. A deriva dos continentes. A tectónica de placas. Wegener: os continentes en movemento. Cración e destrución do relevo.</li> <li>▪ 1.6. A Terra:un planeta dinámico; os cambios na atmosfera.</li> <li>▪ Os océanos, a erosión e a sedimentación.</li> <li>▪ 1.7. O interior da Terra; a enerxía interna da Terra. Ondas sísmicas.</li> <li>▪ 1.8.-Orixe do Universo: o Sistema Solar e a Terra.</li> <li>▪ 1.9. Orixe, formación e estrutura do Universo</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2.1. A organización interna dos seres vivos.</li> <li>▪ Definición de vida.</li> <li>▪ 2.2. A orixe da vida. De onde provén o carbono. De onde provén a auga. O escenario no que xurde a vida na Terra.</li> <li>▪ 2.3. A evolución biolóxica e as súas probas: Probas biolóxicas, paleontolóxicas e moleculares.</li> <li>▪ 2.4. Extincións.</li> <li>▪ 2.5. A orixe do ser humano</li> </ul>	Unidade 2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3.1. Procedementos de traballo:</li> <li>▪ Historia da medicina. Diagnóstico e tratamento de enfermidades.</li> <li>▪ 3.2. Historia da medicina.</li> <li>▪ Diagnóstico e tratamento de enfermidades.</li> <li>▪ 3.3. Os trasplantes.</li> <li>▪ 3.4. Os biomateriais.</li> <li>▪ 3.5. As medicinas alternativas. Son eficaces?</li> <li>▪ 3.6. A medicina en países en vías de desenvolto.</li> </ul>	Unidade 3

Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4.1. Procedementos de traballo. A materia inerte e a materia viva. Xens. O ADN. O xenoma humano. A epixenética.</li> <li>▪ 4.2. A materia inerte e a materia viva. Os xens. Teoría cromosómica da herencia.</li> <li>▪ 4.3. O ADN. Os xens, dogma central da bioloxía molecular; a síntese de proteínas e o código xenético.</li> <li>▪ 4.4. O xenoma humano: secuenciación e codificación do ADN. Xenoma e complexidade.</li> <li>▪ 4.5. Epixenética.</li> </ul>	Unidade 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 5.1. Procedementos de traballo. A biotecnoloxía. Os transxénicos. A terapia xénica. Células nai e clonación.</li> <li>▪ 5.2. Manipulación de xens. A biotecnoloxía. A fabricación de proteínas. A reacción en cadea da polimerasa (PCR).</li> <li>▪ 5.3. Terapia xénica.</li> <li>▪ 5.4. Os transxénicos.</li> <li>▪ 5.5. Células nai e clonación.</li> <li>▪ 5.6. Identificación xenética.</li> </ul>	Unidade 5
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 6.1. Procedementos de traballo. A informática e os ordenadores. Procesamento, almacenamento e intercambio de información. Multimedia.</li> <li>▪ 6.2. Informática e ordenadores. Compoñentes dun ordenador; hardware e software.</li> <li>▪ 6.3. Comunicación entre ordenador e os periféricos: os portos.</li> <li>▪ 6.4. Procesamento, almacenamento e intercambio da información. Conversións analóxico-dixital e viceversa.</li> <li>▪ 6.5. Multimedia. Tratamento numérico do sinal; traballo con son; traballo con imaxes fixas; arquivos de vídeo.</li> </ul>	Unidade 6
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 7.1. Procedementos de traballo. Internet. HTML. Direccións URL e IP. Os problemas de Internet. As redes sociais. Privacidade e seguridade na rede.</li> </ul>	Unidade 7

Contidos	UNIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 7.2. Internet: o mundo interconectado.</li> <li>▪ 7.3. HTML.</li> <li>▪ 7.4. Direccións URL e IP.</li> <li>▪ 7.5. Os problemas de Internet.</li> <li>▪ 7.6. As redes sociais.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 8.1. Procedementos de traballo. A fibra óptica. A tecnoloxía LED. Sistemas de posicionamento por satélite. Telefonía móbil.</li> <li>▪ 8.2. A fibra óptica.</li> <li>▪ 8.3. A tecnoloxía LED.</li> <li>▪ 8.4. Sistemas de posicionamento por satélite.</li> <li>▪ 8.5. Telefonía móbil.</li> <li>▪ 8.6. Teléfonos intelixentes ou smartphones. Televisores intelixentes.</li> </ul>	Unidade 8

### **8.5.2. Metodoloxía xeral**

O enfoque metodolóxico debe contribuír a desenvolver o currículo desde a perspectiva da finalidade e características da materia, así como asegurar a coherencia entre os valores que promove e os que se poñan en práctica no proceso educativo.

Atendendo ao ordenamento legal vixente referido a esta materia e as actuais condicións, cómpre destacar algunhas propostas metodolóxicas que se consideran relevantes para desenvolver o currículo desta materia:

-Tomar a aprendizaxe como referente para a intervención educativa e atender á diversidade presentando problemas e cuestións susceptibles de ser abordadas partindo de distintos niveis. Xerar, tamén, un clima de aula que lle dea ao alumnado a oportunidade de participar e de elaborar as súas propias posturas sobre os dilemas sociais que teñen relación coa ciencia e a tecnoloxía.

-Crear contextos de aprendizaxe e avaliación que impliquen o alumnado e o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

-Favorecer situacións de aprendizaxe contextualizadas e abertas que permitan achegarse á complexidade das problemáticas actuais. Contextualizadas, na medida en que se traten cuestións de actualidade relacionadas co contorno do alumnado ou presentes nos medios de comunicación. Abertas, porque a posíbel solución ou solucións non están definidas de antemán.

-Presentar propostas de traballo integradoras que transcendan os ámbitos disciplinares e teñan en conta as distintas dimensións das controversias de actualidade, relacionando os contidos científicos e tecnolóxicos cos problemas sociais, políticos e éticos en que están inmersos.

-Fomentar o tratamento como investigacións de problemas importantes do contexto vivencial do alumnado, facendo explícita a interacción entre a acción, o marco teórico de referencia e a discusión en equipo. Incitar a facerse preguntas e formular hipóteses para orientar o proceso, así como a interpretar os resultados empíricos e extraer conclusións, debater e argumentar, para buscar solucións axeitadas aos problemas propostos.

-Promover a participación do alumnado en contextos de auténtica indagación e a realización de informes que documenten as súas investigacións, e proporcionarlles a orientación precisa para acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.

-Seleccionar e organizar os contidos en función da súa utilidade para facilitar a análise de situacións e a busca de solucións dos problemas que son obxecto de estudo. Utilizar as actitudes e procedementos tecnocientíficos como eixe aglutinador e, en todo caso, asegurar un tratamento integrado de coñecementos, procedementos, emocións, actitudes e valores.

-Propiciar unha aprendizaxe significativa que reconstrúa os modelos e esquemas de pensamento do alumnado, coa axuda dos procedementos da ciencia involucrada, e que permita realizar a transferencia de coñecemento para interpretar ou aplicar a outras situacións ou contextos da vida real.

-Promover a lectura e a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e mais utilizar, como recurso na aula, materiais procedentes dos diversos medios de comunicación para analizar con sentido crítico, ético e estético a súa influencia na visión do mundo, os nosos gustos, valores e personalidade.

-Crear espazos de interacción continua entre o alumnado e o profesorado e de cooperación entre iguais, como requisito necesario para poñer en marcha a maior parte das estratexias metodolóxicas orientadas á aprendizaxe da participación en procesos de negociación e toma de decisións, á construción do coñecemento e á familiarización e simulación da práctica científica.

-En resumo, do que se trata é de axudar a que a cidadanía desenvolva aquelas competencias que a encamiñen á adquisición da autonomía e da autoaprendizaxe en diferentes contextos da vida, contribuíndo deste xeito á súa capacidade de tomar decisións libres, responsables e ben fundamentadas sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento tecnocientífico.

Non obstante, non se pode esquecer que esta materia ten dúas horas semanais nada máis e, que nalgúns grupos, o alumnado carece de moitos incluídores que permitirían acadar unha aprendizaxe verdadeiramente significativa. En calquera caso, considérase básico para o desenvolvemento do programa unha metodoloxía activa e motivadora que procure poñer aos alumnos en relación cos problemas do mundo que nos rodea e, buscando a súa participación activa nas clases. Non esquecendo que o importante é o desenvolvemento das capacidades e actitudes do/a alumno/a, que lle permitan interpretar, comprender e xulgar o Universo e o contorno máis próximo, propoñéranse traballos de investigación bibliográfica, debates e a aplicación de certos xogos de rol a determinados supostos abertos.

Atendendo ás anteriores reflexións, aos obxectivos específicos desta materia e á disponibilidad, ao menos unha das horas semanais da aula de informática, inténtase, na medida do posible, incluír certos elementos construtivistas e de descubrimento, tales como a indagación das ideas previas dos alumnos; así, mesmo inténtase minimizar as habituais clases de transmisión-recepción, potenciando os contidos procedementais e actitudinais, nunha metodoloxía activa, co traballo de laboratorio, traballo de campo, utilización de material audiovisual dispoñible no Centro, pero, fundamentalmente, co uso de programas informáticos de uso común e traballo en rede, con diversas propostas de proxectos de investigación, xogos de rol, webquest, etc.

Ante a natureza desta materia inténtase realizar diferentes estudos de campo que permitan espertar as consciencias e potenciar actitudes positivas dos alumnos cara aos temas en cuestión e ao desenvolvemento dunha visión que responda a unha verdadeira cultura científica.

## **8.6. CONCRECIÓN CURRICULAR POR UNIDADES DIDÁCTICAS**

### **8.6.1. UNIDADE 1. O NOSO PLANETA: A TERRA.**

#### **Identificación da unidade didáctica e temporalización**

▪ Nº	▪ Título da UD	▪ Duración
UD. 1	– O NOSO PLANETA: A TERRA	– 13 sesións

#### **8.6.1.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan**

▪ Criterios de avaliación
<p>1.1.1.-Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas con temas científicos de actualidade.</p> <p>1.1.2.-Participar nun proxecto colectivo de obtencións de datos e na elaboración dos mesmos.</p> <p>1.2.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.</p> <p>1.3.-Comunicar conclusións e ideas en soportes públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e comunicación para transmitir opinións propias argumentadas.</p> <p>1.4.-Xustificar a teoría da deriva continental en función das evidencias experimentais que a apoian.</p> <p>1.5.-Explicar a tectónica de placas e os fenómenos a que dá lugar.</p> <p>1.6.-Determinar as consecuencias do estudo da propagación das ondas sísmicas P e S, respecto das capas internas da Terra.</p> <p>1.7. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o Sistema Solar e a Terra, daquelas baseadas en opinións ou crenzas.</p> <p>1.8. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo e, en particular, a teoría do Big Bang.</p> <p>1.9. Distinguir as fases da evolución das estrelas e relacionalas coa xénese de elementos químicos.</p>

**8.6.1.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica**

▪ Obxectivos específicos		▪ Competencias básicas
1	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais. Aproximarse ao coñecemento do mundo físico no planeta Terra e, por extensión, no Universo.	CMCCT, CAA, CSC
2	Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente (j).	CSC, SIEE
3	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal (d).	CCL, CAA, CSC
4	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellor do seu contorno social (h).	CAA, CSC, SIEE
5	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación (g)	CD, CSC
6	Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá (e).	CCL, CAA



**8.6.1.3. Concreción curricular da Unidade.**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro	Instrumentos de avaliación (Actividades numeradas do libro da ed. Santillana)	Competencias clave
1.1.- A comunicación da ciencia e tecnoloxía. Fontes de divulgación científica. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Perspectiva histórica.	1.1.1.-Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas con temas científicos de actualidade. 1.1.2.-Participar nun proxecto colectivo de obtencións de datos e na elaboración dos mesmos.	1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido. 1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico e medidas concretas relacionadas co tema.	Analiza un texto e comprende a información presente no mesmo, sendo quen de elaborar un informe das medicións realizadas en grupo, así como no intercambio de datos cos socios do proxecto Eratostenes.	Participación no Proxecto Eratóstenes, coordinado pola Universidade de Buenos Aires.	CMCCT CSC CAA CD CCL
1.2.- As fontes de información, relacionadas co estudo da Terra. Análise de documentos. 1.3.- Historias do planeta Terra. 1.4.- A rede sísmica mundial,	1.2.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.	1.2. Busca, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e a tecnoloxía, utilizando tanto os soportes tradicionais como Internet.	Obtén, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e a tecnoloxía; redacta resúmenes e escolle títulos adecuados.	Páxina 29 (Acts. 11 e 12)  Visita virtual a museos de ciencia relacionados.	CCL CSC CMCCT
	1.3.-Comunicar conclusións e ideas en soportes públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e comunicación para transmitir opinións propias argumentadas.	1.3. Realiza comentarios analíticos de artigos divulgativos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía, valorando criticamente o impacto na sociedade dos textos e/ou fontes científico-gráficas analizadas e defende en público as súas conclusións.	Comunica conclusións e realiza comentarios analíticos de artigos divulgativos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía, valorando criticamente o impacto na sociedade dos textos e/ou fontes científico-gráficas analizadas e defende en público as súas conclusións.	Páxina 29 (Acts. 13 e 16)	CCL CMCCT CD CAA CSC

1.5. A deriva dos continentes. A tectónica de placas. Wegener: os continentes en movemento. Cración e destrución do relevo. 1.6. A Terra: un planeta dinámico; os cambios na atmosfera. Os océanos, a erosión e a sedimentación. 1.7. O interior da Terra; a enerxía interna da Terra. Ondas sísmicas.	1.4.-Xustificar a teoría da deriva continental en función das evidencias experimentais que a apoian.	1.4. Xustifica a teoría da deriva continental a partir das probas xeográficas, palentolóxicas, xeolóxicas e paleoclimáticas.	Xustifica as teorías científica, analizando o significado das probas nas que se basean.	Páx. 23. Act. 5 Páx. 28. Act. 10 Páxi. 30. Act. 19 Páxi. 31. Act. 25, 29 e 30	CCL CMCCT CD CAA CSC
	1.5.-Explicar a tectónica de placas e os fenómenos a que dá lugar.	1.5. Utiliza a tectónica de placas para explicar a expansión do fondo oceánico e a actividade sísmica e volcánica nos bordos das placas.	Analiza documentos e utilizaos para explicar os fenómenos que orixinan grandes cambios e feitos importantes.	Páx. 24. Imaxe. Páx. 29. Act. 13 e 17 Páx. 31. Act. 26 e 28	CCL CMCCT CSC
	1.6.-Determinar as consecuencias do estudo da propagación das ondas sísmicas P e S, respecto das capas internas da Terra.	1.6. Relaciona a existencia de diferentes capas terrestres coa propagación das ondas sísmicas a través delas.	Determina as consecuencias do estudo da propagación das ondas sísmicas e relaciónas coa existencia de diferentes capas terrestres.	Páx. 28. Act. 9 Páx. 30. Act. 21 e 22 Páx. 31. Act. 24 e 25	CCL CMCCT CAA CSC
1.8.-Orixe do Universo: o Sistema Solar e a Terra.	1.7. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o Sistema Solar e a Terra, daquelas baseadas en opinións ou crenzas.	1.7. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establecer os argumentos que as sustentan.	Describe, nun informe as diferencias entre teorías científicas relacionadas coa orixe do Sistema Solar e crenzas.	Activ. Libro 'Otra Luna Azul'.	CMCCT
1.9. Orixe, formación e estrutura do Universo	1.8. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo e, en particular, a teoría do Big Bang.	1.8.1.Recoñece a teoría do Big Bang como explicación da orixe do Universo.	Comprende e elabora unha presentación, en formato dixital, sobre as principais etapas da formación do Universo primixenio.	Act. Libro 'Otra Luna Azul'.	CMCCT CD CSC CAA
		1.8.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo.			
	1.9. Distinguir as fases da evolución das estrelas e relacionalas coa xénese de elementos químicos.	1.9. Coñece as fases da evolución estelar e describir en cal delas se atopa o noso Sol.	Comprende esquemas, resume e elabora información sobre as sucesivas fases dunha estrela e os 'cadáveres estelares' formados ao rematar os seus combustíbeis.	Act. Libro 'Otra Luna Azul'.	CMCCT CD CSC CAA

## 8.6.2. UNIDADE 2. O NOSO PLANETA: A TERRA.

### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 2	- A ORIXE DA VIDA E A ORIXE DO SER HUMANO	- 8 sesións

### 8.6.2.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
2.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información. 2.2.- Enunciar as diferentes teorías científicas que explican a orixe da vida na Terra. 2.3. Estabelecer as probas que apoian a teoría da selección natural de Darwin e utilízala para explicar a evolución dos seres vivos na Terra. 2.4.- Recoñecer a evolución desde os primeiros homínidos ata o Homo actual e establecer as adaptacións que moveron a evolución. 2.5.- Coñecer os últimos avances científicos no estudo da vida na Terra.

### 8.6.2.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

	Obxectivos específicos	Competencias básicas
1	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais. Aproximarse ao coñecemento do mundo físico no planeta Terra.	CMCCT, CSC
2	Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente (j).	CMCCT, CAA, SIEE

▪ Obxectivos específicos		▪ Competencias básicas
3	Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar criticamente as desigualdades e discriminación existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade (c)	CSC, CAA
4	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa (a).	CSC, CAA
5	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación (g)	CD, CCL
6	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenrolo persoal (d).	CCL

### 8.6.2.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro	Instrumentos de avaliación (Actividades numeradas do libro da ed. Santillana)	Competencias clave

<p>2.1. A organización interna dos seres vivos. Definición de vida.</p> <p>2.2. A orixe da vida. De onde provén o carbono. De onde provén a auga. O escenario no que xurde a vida na Terra.</p> <p>2.3. A evolución biolóxica e as súas probas: Probas biolóxicas, paleontolóxicas e moleculares.</p> <p>2.4. Extincións.</p>	2.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.	2.1. Busca, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e a tecnoloxía, utilizando tanto os soportes tradicionais como Internet.	Busca información en diferentes medios, analiza, explica o que sucedeu e fai hipóteses, xustificando as súas suposicións.	Páx. 27 (Act. 1 e 3) Páx. 43 (Act. 9 e 10)	CCL CMCCT CD CAA CSC
	2.2.- Enunciar as diferentes teorías científicas que explican a orixe da vida na Terra.	2.2. Coñece e explica as diferentes teorías sobre a orixe da vida na Terra.	Describe as distintas hipóteses sobre a orixe da vida na Terra, sinalando os puntos a favor e en contra de cada unha delas.	Páx. 29 (Act. 4) Páx. 48 (Act. 25) Páx. 49 (Act. 35) Xogo de rol sobre unha Webquest: A orixe da vida.	CCL CMCCT CSC CAA
	2.3. Estabelecer as probas que apoian a teoría da selección natural de Darwin e utilízala para explicar a evolución dos seres vivos na Terra.	2.3.1. Describe as probas biolóxicas, paleontolóxicas e moleculares que apoian a teoría da evolución das especies.	Explica a teoría da evolución das especies, describindo como se asigna unha idade a cada descubrimento paleoantropolóxico.	Páx. 45 (Act. 14) Páx. 47 (Act. 18)	CCL CMCCT CAA
		2.3.2. Enfronta as teorías de Darwin e Lamarck para explicar a selección natural.	Analiza as teorías da evolución e da selección natural das especies, baseándose en exemplos concretos e explicando as súas conclusións de forma coherente.	Páx. 39 (Act. 6 e 7)  Participación nun debate na aula.	CCL CMCCT CSC
2.5. A orixe do ser humano	2.4.- Recoñecer a evolución desde os primeiros homínidos ata o <i>Homo actual</i> e establecer as adaptacións que moveron a evolución.	2.4.1. Estabelece as diferentes etapas evolutivas dos homínidos ata chegar ao <i>Homo sapiens</i> , establecendo as súas características fundamentais, tales como capacidade craneal e altura.	Identifica e describe as distintas etapas da evolución desde os primeiros homínidos ata o <i>Homo actual</i> , indicando as características de cada un deles nas diferentes etapas e xustificando a súa capacidade de supervivencia.	Páx 45 (Act. 11, 12 e 13) Páx. 47 (Act. 17, 19 e 21) Páx. 49 (Act. 29)	CCL CMCCT CAA CSC
		2.4.2. Valora de forma crítica, as informacións asociadas ao Universo, a Terra e á orixe das especies, distinguindo	Comprende e valora distintas informacións asociadas á orixe e evolución das especies,	Páx. 48 (Act. 22, 23, 26 e 27)	CCL CMCCT CAA CSC

		entre información científica real, opinión e ideoloxía.	relacionándoa coa historia da Terra e con diferentes opinións.		
	2.5.- Coñecer os últimos avances científicos no estudo da vida na Terra.	2.5. Describe as últimas investigacións científicas sobre o coñecemento da orixe e desenrolo da vida na Terra.	Describe distintas investigacións científicas asociadas á historia da Terra e ao desenrolo da vida nela.	Páx. 41 (Act. 8) Páx. 48 (Acct. 24) Páx. 49 (Act. 32, 33 e 36)	CCL CMCCT

### 8.6.3. UNIDADE 3. VIVIR MÁIS, VIVIR MELLOR.

#### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 3	– VIVIR MÁIS, VIVIR MELLOR	– 8 sesións

#### 8.6.3.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
3.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información. 3.2.- Analizar a evolución histórica na consideración e tratamento das enfermidades. 3.3.- Valorar as vantaxes que supón a realización dun trasplante e as súas consecuencias. 3.4.- Tomar conciencia da importancia da investigación médico-farmacéutica. 3.5.- Facer un uso responsable do sistema sanitario e dos medicamentos.

**8.6.3.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica**

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
1	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais. Aproximarse ao coñecemento do mundo físico (l).	CMCCT, CSC
2	Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente (j).	CMCCT, CSC, CAA, SIEE
3	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación (g)	CD, CCL
4	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellor do seu contorno social (h).	CSC, CAA
5	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores dos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa (a).	CSC, CAA
6	Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar criticamente as desigualdades e discriminación existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade (c)	CSC, SIEE

**8.6.3.3. Concreción curricular da Unidade.**

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro	Instrumentos de avaliación (Actividades numeradas do libro da ed. Santillana)	Competencias clave
3.1. Procedementos de traballo: Historia da medicina. Diagnóstico e tratamento de enfermidades.	3.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.	3.1.1. Analiza un texto científico ou unha fonte científico-gráfica, valorando de forma crítica, tanto o seu rigor e fiabilidade, como o seu contido.	Comprende un texto científico, valórao e expón a súa opinión sobre o rigor, a fiabilidade e o contido do texto.	Páx. 63 (Act. 7, 8 e 9).	CCL CMCCT CAA CSC
		3.1.2. Busca, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e a tecnoloxía, utilizando tanto os soportes tradicionais como Internet.	Obtén, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e a tecnoloxía.	Páx. 55 (Act. 4) Páx. 74 (Act. 26) Páx. 75 (Act. 39 e 54)	CCL CMCCT CD CAA
3.2. Historia da medicina. Diagnóstico e tratamento de enfermidades.	3.2.- Analizar a evolución histórica na consideración e tratamento das enfermidades.	3.2. Coñece a evolución histórica dos métodos de diagnóstico e tratamento das enfermidades.	Identifica e describe as teorías relacionadas coa medicina e a evolución histórica dos métodos de diagnóstico e tratamento das enfermidades, valorando as súas achegas, explicando as súas limitacións e expresando as súas opinións sobre os problemas de tipo ético que implican.	Páx. 55 (Act. 1, 2 3) Páx. 56 (Act. 5) Páx. 4 (Act. 20, 21, 22, 23 28)	CCL CMCCT CD CAA CSC



3.3. Os trasplantes. 3.4. Os biomateriais.	3.3.- Valorar as vantaxes que supón a realización dun trasplante e as súas consecuencias.	3.3. Comprende a proposta dos trasplantes como alternativa no tratamento de certas enfermidades, valorando as súas vantaxes e inconvenientes.	Explica en que consisten os trasplantes e a súa relación coas enfermidades e accidentes, valorando as súas vantaxes e inconvenientes e analizando datos estatísticos sobre os mesmos.	Páx. 67 (Act. 10 e 11) Páx. 68 (Act. 12 e 13) Páx. 73 (Act. 16 e 17) Páx. 75 (Act. 50, 51 e 52)	CCL CMCCT CD CAA CSC
	3.4.- Tomar conciencia da importancia da investigación médico-farmacéutica.	3.4. Describe o proceso que segue a industria farmacéutica para descubrir, desenrolar, ensaiar e comercializar os fármacos.	Identifica e describe os compoñentes dalgúns medicamentos de uso frecuente, analizando o proceso que segue a industria farmacéutica.	Páx. 63 (Act. 7, 8 e 9) Páx. 75 (Act. 40, 41 e 46)	CCL CMCCT CSC
3.5. As medicinas alternativas. Son eficaces? 3.6. A medicina en países en vías de desenvolto.	3.5.- Facer un uso responsable do sistema sanitario e dos medicamentos.	3.5. Xustifica a necesidade de facer un uso racional da sanidade e dos medicamentos.	Analiza algunhas consecuencias do consumo de medicamentos, xustificando a necesidade de facer un uso responsable deles.	Páx. 74 (Act. 25)  Páx. 75 (Act. 43 e 44)	CCL CMCCT CSC

#### 8.6.4. UNIDADE 4. A REVOLUCIÓN XENÉTICA. O SEGREDO DA VIDA.

##### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 4	A REVOLUCIÓN XENÉTICA. O SEGREDO DA VIDA.	8 sesións

### 8.6.4.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

■ Criterios de avaliación
4.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información. 4.2.- Recoñecer os feitos históricos máis relevantes para o estudo da xenética. 4.3.- Obter, seleccionar e valorar informacións sobre o ADN, o código xenético, a enxeñería xenética e as súas aplicacións médicas. 4.4.- Coñecer os proxectos que se desenvolven actualmente como consecuencia de descifrar o xenoma humano, tales como HapMap e Encode.

### 8.6.4.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
1	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais. Aproximarse ao coñecemento do mundo físico (l).	CMCCT
2	Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente (j).	CMCCT, CSC
3	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación (g)	CD, CCL
4	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellor do seu contorno social (h).	CSC, SIEE
5	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal (d).	CCL, CAA

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
6	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores dos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa (a).	CSC, CAA
7	Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar criticamente as desigualdades e discriminación existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade (c)	CSC, SIEE, CAA

#### 8.6.4.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro	Instrumentos de avaliación (Actividades numeradas do libro da ed. Santillana)	Competencias clave
4.1. Procedementos de traballo. A materia inerte e a materia viva. Xens. O ADN. O xenoma humano. A epixenética.	4.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.	4.1. Busca, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e a tecnoloxía, utilizando tanto os soprtres tradicionais como Internet.	Busca información en diferentes medios, analiza, explica o que sucedeu e fai hipóteses, xustificando as súas suposicións.	Páx. 95 Act. 36	CCL CMCCT CD CAA CSC
4.2. A materia inerte e a materia viva. Os xens. Teoría cromosómica da herencia.	4.2.- Recoñecer os feitos históricos máis relevantes para o estudo da xenética.	4.2. Coñece e explica o desenrolo histórico dos estudos levados a cabo dentro do campo da xenética.	Coñece o desenrolo histórico dos estudos realizados no campo da xenética; explcia o concepto de xen e de xen dominante, usando o experimentos de Mendel.	Páx. 80 (Act. 1) Páx. 92 (Acct. 7 e 8) Páx. 94 (Acct. 17)	CCL CMCCT

4.3. O ADN. Os xens, dogma central da bioloxía molecular; a síntese de proteínas e o código xenético.	4.3.- Obter, seleccionar e valorar informacións sobre o ADN, o código xenético, a enxeñería xenética e as súas aplicacións médicas.	4.3. Sabe ubicar a información xenética que posúe todo ser vivo, establecendo a relación xerárquica entre as distintas estruturas, desde o nucleótido ata os xens responsables da herdanza.	Selecciona e valora a información xenética que posúen os seres vivos, ubicándoa e establecendo a relación xerárquica entre as distintas estruturas, explicando o seu significado.	Páx. 82 (Act. 2) Páx. 87 (Act. 4) Páx. 92 (Act. 11 e 12) Páx. 95 (Act. 31 e 33) Páx. 94 (Act. 19 e 21)	CCL CMCCT CSC
4.4. O xenoma humano: secuenciación e codificación do ADN. Xenoma e complexidade.  4.5. Epixenética.	4.4.- Coñecer os proxectos que se desenvolven actualmente como consecuencia de descifrar o xenoma humano, tales como <i>HapMap</i> e <i>Encode</i> .	4.4. Coñece e explica a forma en que se codifica a información xenética no ADN, xustificando a necesidade de obter o xenoma completo dun individuo e descifrar o seu significado.	Identifica e explica o significado de codificación do ADN e de que forma se codifica nel a información, indicando o significado do ADN lixo e xustificando a importancia de obter o xenoma completo dun individuo.	Páx. 84 (Act. 3) Páx. 88 (Act. 5 e 6) Páx. 92 (Act. 10, 13 e 14) Páx. 94 (Act. 25) Páx. 95 (Act. 28 e 32)	CCI CMCCT CAA CSC

## 8.6.5. UNIDADE 5. BIOTECNOLOXÍA.

### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 5	- BIOTECNOLOXÍA	- 8 sesións

### 8.6.5.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
5.1.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información. 5.1.2.- Comunicar conclusións e ideas en soportes públicos diversos, empregando as tecnoloxías da información e comunicación para transmitir opinións propias argumentadas.

- 5.2.- Avaliar as aplicacións da enxeñería xenética na obtención de fármacos e terapias xénicas e transxénicos.
- 5.3.- Identificar algúns problemas sociais e dilemas éticos e/ou morales, debidos á aplicación da xenética: obtencións de transxénicos, reprodución asistida e clonación.
- 5.4.- Analizar os posibles usos da clonación.
- 5.5.- Estabelecer o método de obtención dos distintos tipos de células nai, así como a súa potencialidade para xerar tecidos, órganos e incluso organismos completos.

### 8.6.5.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
1	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores dos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa (a).	CSC, CAA
2	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais (l).	CMCCT, CSC
3	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación (g)	CD, CCL
4	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellor do seu contorno social (h).	CSC, CAA, SIEE
5	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal (d).	CCL
6	Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente (j).	CMCCT, CSC, SIEE

▪ Obxectivos específicos		▪ Competencias básicas
7	Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar criticamente as desigualdades e discriminación existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade (c)	CSC, CAA

### 8.6.5.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro	Instrumentos de avaliación (Actividades numeradas do libro da ed. Santillana)	Competencias clave
5.1. Procedementos de traballo. A biotecnoloxía. Os transxénicos. A terapia xénica. Células nai e clonación.	5.1.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.	5.1.1. Busca, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e a tecnoloxía, utilizando tanto os soportes tradicionais como Internet.	Busca información en diferentes medios, analiza, explica o que sucedu e fai hipóteses, xustificando as súas suposicións.	Páx. 108 (Act. 25)  Páx. 109 (Act. 29 e 33)	CCL CMCCT CD CAA CSC
	5.1.2.- Comunicar conclusións e ideas en soportes públicos diversos, empregando as tecnoloxías da información e comunicación para transmitir opinións propias argumentadas.	5.1.2. Realiza comentarios analíticos de artigos divulgativos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía, valorando criticamente o impacto na sociedade dos textos e/ou fontes científico-gráficas analizadas e defender en público as súas conclusións.	Analiza documentos científicos e divulgativos: explica o seu contido, aclarando o significado dos conceptos fundamentais; achega as súas opinións e debate sobre eles.	Páx.107 (Act.16)	CCL CMCCT CAA CSC
5.2. Manipulación de xens. A biotecnoloxía. A fabricación de proteínas. A reacción en cadea da polimerasa (PCR).	5.2.- Avaliar as aplicacións da enxeñería xenética na obtención de fármacos e terapias xénicas e transxénicos.	5.2. Analiza as aplicacións da enxeñería xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas.	Coñece e describe casos concretos nos que as células son modificadas xeneticamente, analiza e explica as aplicacións da enxeñería xenética na obtención de fármacos.	Páx. 99 (Act. 1 e 2) Páx. 104 (Act. 4) Páx. 106 (Act. 10) Páx. 108 (Act. 17, 19 e 27) Páx. 109 (Act. 30)	CCL CMCCT CD CAA CSC

5.3. Terapia xenética.	5.3.- Identificar algúns problemas sociais e dilemas éticos e/ou morales, debidos á aplicación da xenética: obtencións de transxénicos, reprodución asistida e clonación.	5.3.1. Valora, de forma crítica, os avances científicos relacionados coa xenética, os seus usos e consecuencias médicas e sociais.	Investiga sobre a lexislación actual en España e menciona as principais liñas de investigación na actualidade, reflexiona e expón, de forma crítica, os avances científicos relacionados coa xenética.	Páx. 106 (Act. 11) Páx. 107 (Act. 15) Páx. 109 (Act. 29, 32 e 33)	CCL CMCCT CD CAA CSC SIEE
5.4. Os transxénicos.		5.3.2. Explica as vantaxes e inconvenientes dos alimentos transxénicos, razoando a conveniencia ou non do seus uso.	Relaciona enxeñería xenética e alimentos transxénicos, explicando en que se diferencian os cultivos transxénicos dos cultivos obtidos por selección artificial e razonando sobre as súas vantaxes e inconvenientes.	Páx. 106 (Act. 8) Páx. 108 (Act. 22 e 25)	CCL CMCCT CD CAA CSC
5.5. Células nai e clonación.		5.4.- Analizar os posibles usos da clonación.	5.4. Describe e analiza as posibilidades que ofrece a clonación en diferentes campos.	Coñece e explica o significado de clón e de que modos poden obterse clóns, respondendo a hipóteses sobre clonacións.	Páx. 108 (Act. 21 e 23)
5.6. Identificación xenética.	5.5.- Estabelecer o método de obtención dos distintos tipos de células nai, así como a súa potencialidade para xerar tecidos, órganos e incluso organismos completos.	5.5. Recoñece os diferentes tipos de células nai en función da súa procedencia e capacidade xenerativa, establecendo, en cada caso, as aplicacións principais.	Explica que son as células nai e en que se diferencian uns tipos de células nai doutras, recoñecendo as principais aplicacións no tratamento de enfermidades.	Páx. 102 (Act. 3) Páx. 106 (Act. 9) Páx. 107 (Act. 12 e 13)	CCL CMCCT CD CAA CSC SIEE

## 8.6.6. UNIDADE 6. UN MUNDO DIXITAL

### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 6	– UN MUNDO DIXITAL	– 8 sesións

### 8.6.6.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
<p>6.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.</p> <p>6.2.- Coñecer a evolución que experimentou a informática, desde os primeiros prototipos ata os modelos máis actuais, sendo consciente do avance logrado en parámetros tales como tamaño, capacidade de proceso, almacenamento, conectividade, portabilidade, etc.</p> <p>6.3.- Determinar o fundamento dalgúns dos avances máis significativos da tecnoloxía actual.</p> <p>6.4.- Tomar conciencia dos beneficios e problemas que pode orixinar o constante avance tecnolóxico.</p>

### 8.6.6.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

	Obxectivos específicos	Competencias básicas
1	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores dos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa (a).	CSC, CAA
2	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación (g)	CD, CCL
3	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais. Aproximarse ao coñecemento do mundo físico (l).	CMCC, CSC



■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
4	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellor do seu contorno social (h).	CSC, CAA, SIEE
5	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal (d).	CCL
6	Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente (j).	CMCCT, CSC
7	Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar criticamente as desigualdades e discriminación existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade (c)	CSC, CAA

### 8.6.6.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro	Instrumentos de avaliación (Actividades numeradas do libro da ed. Santillana)	Competencias clave
6.1. Procedementos de traballo. A informática e os ordenadores. Procesamento, almacenamento e intercambio de información. Multimedia.	6.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.	6.1. Busca, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e coa tecnoloxía, utilizando tanto os soportes tradicionais como Internet.	Busca, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e coa tecnoloxía, como as memorias USB, ferramentas web para visualizar, organizar e editar a información, e as imaxes, anuncios sobre venta de ordenadores, presupostos e comparativa de venta de produtos	Páx. 122 (Act. 7) Páx. 125 (Act. 9) Páx. 134 (Act. 25)	CCL CMCCT CD CAA CSC

			informáticos, segundo as súas características, etc.		
6.2. Informática e ordenadores. Compoñentes dun ordenador; hardware e software.	6.2.- Coñecer a evolución que experimentou a informática, desde os primeiros prototipos ata os modelos máis actuais, sendo consciente do avance logrado en parámetros tales como tamaño, capacidade de proceso, almacenamento, conectividade, portabilidade, etc.	6.2.1. Recoñece a evolución histórica do ordenador en termos de tamaño e capacidade do proceso.	Recoñece e explica as diferenzas entre ordenadores antigos e modernos, apreciando a evolución histórica do ordenador.	Páx. 112 (Interpretar a imaxe) Páx. 115 (Act. 3) Páx. 134 (Act. 21 e 22)	CCL CMCCT CD CAA
6.3. Comunicación entre ordenador e os periféricos: os portos.		6.2.2. Explica como se almace a información en diferentes formatos físicos, tales como discos duros, discos ópticos e memorias, valorando as vantaxes e inconvenientes de cada un deles.	Interpreta e describe cal é a misión que desempeñan os distintos compoñentes e formatos físicos de almacenamento de información, valorando a optimización dos recursos e a capacidade de almacenamento de cada un deles.	Páx. 113 (Act. 1 e 2) Páx. 125 (Act 8 e 10)  Páx. 132 (Act. 14) Páx. 134 (Act 24 e 25)	CCL CMCCT CD CAA CSC SIEE
		6.2.3. Utiliza con propiedade conceptos especificamente asociados ao uso de Internet.	Interpreta e explica os conceptos asociados ao uso de Internet, aplicándoos de forma correcta.	Páx. 129 (Act 11 e 12) Páx. 132 (Resume; Act. 15)	CCL CMCCT CD
6.4. Procesamento, almacenamento e intercambio da información. Conversións analóxico-dixital e viceversa.	6.3.- Determinar o fundamento dalgúns dos avances máis significativos da tecnoloxía actual.	6.3.1. Compara as prestacións de dous dispositivos dados do mesmo tipo, un baseado na tecnoloxía analóxica e outro na dixital.	Compara e explica as diferenzas entre as características da información dixital e a analóxica, argumentando a súa exposición con exemplos concretos.	Páx. 122 (Act. 6 e 7) Páx. 132 (Act. 13) Páx. 134 (Act. 28) Páx. 135 (Act. 30, 32 e 34)	CCL CMCCT CD CAA CSC
6.5. Multimedia. Tratamento numérico do sinal; traballo con son; traballo con imaxes fixas; arquivos de vídeo.		6.3.2. Coñece e describe as especificacións dos últimos dispositivos, valorando as posibilidades que poden ofrecer ao usuario.	Busca e describe as especificacións dos últimos dispositivos e compoñentes de ordenadores de diferentes modelos, valorando as características de cada un, comparándoas e extraendo conclusións sobre as posibilidades máis convenientes en función dos intereses.	Páx. 132 (Act. 15) Páx. 134 (Act. 25)  Páx. 135 (Act. 41)	CCL CMCCT CD CAA CSC SIEE

	6.4.- Tomar conciencia dos beneficios e problemas que pode orixinar o constante avance tecnolóxico.	6.4. Valora de forma crítica a constante evolución tecnolóxica e o consumismo que orixina na sociedade.	Analiza documentos informativos sobre a evolución tecnolóxica e valora de forma crítica os avances, as melloras e o consumismo que ocasiona.	Páx. 133 (Act. 16, 17, 18, 19 e 20)	CCL CMCCT CD CAA CSC SIEE
--	---	---	--	-------------------------------------	--

## 8.6.7. UNIDADE 7. FUNCIONAMENTO DE INTERNET

### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 7	– FUNCIONAMENTO DE INTERNET	– 8 sesións

### 8.6.7.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
<p>7.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.</p> <p>7.2.- Coñecer a evolución que experimentou a informática, desde os primeiros prototipos ata os modelos máis actuais, sendo conscientes do avance logrado en parámetros tales como o tamaño, a capacidade de proceso, o almacenamento, a conectividade, a portabilidade, etc.</p> <p>7.3.- Tomar conciencia dos beneficios e problemas que pode orixinar o constante avance tecnolóxico.</p> <p>7.4.- Valorar, de forma crítica e fundamentada, os cambios que Internet está provocando na sociedade.</p> <p>7.5.- Efectuar valoracións críticas, mediante exposicións e debates, sobre problemas relacionados cos delitos informáticos, o acceso a datos persoais, os problemas de socialización ou de excesiva dependencia que pode causar o seu uso.</p>

**8.6.7.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica**

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
1	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores dos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa (a).	CSC, CAA
2	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación (g)	CD, CCL
3	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais. Aproximarse ao coñecemento do mundo físico (l).	CMCCT, CSC
4	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellor do seu contorno social (h).	CSC, CAA
5	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal (d).	CCL
6	Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente (j).	CMCCT, CSC
7	Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar criticamente as desigualdades e discriminación existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade (c)	CSC, CAA, SIEE

**8.6.7.3. Concreción curricular da Unidade.**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro	Instrumentos de avaliación (Actividades numeradas do libro da ed. Santillana)	Competencias clave
7.1. Procedementos de traballo. Internet. HTML. Direccións URL e IP. Os problemas de Internet. As redes sociais. Privacidade e seguridade na rede.	7.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.	7.1. Busca, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e a tecnoloxía, utilizando tanto os soportes tradicionais como Internet.	Obtén, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia, a tecnoloxía e o funcionamento de Internet.	Páx. 145. (Act. 8) Páx. 148 (Act. 11)  Páx. 149 (Act. 15) Páx. 152 (Act. 27) Páx. 153 (Act. 29)	CCL CMCCT CD CAA CSC
7.2. Internet: o mundo interconectado.  7.3. HTML. 7.4. Direccións URL e IP.  7.5. Os problemas de Internet.	7.2.- Coñecer a evolución que experimentou a informática, desde os primeiros prototipos ata os modelos máis actuais, sendo conscientes do avance logrado en parámetros tales como o tamaño, a capacidade de proceso, o almacenamento, a conectividade, a portabilidade, etc.	7.2. Utiliza con propiedade conceptos especificamente asociados ao uso de Internet.	Interpreta e explica os conceptos asociados ao uso de Internet, aplicándoos de forma correcta.	Páx. 141 (Act. 1) Páx. 142 (Act. 2 e 3)  Páx. 149 (Act. 14) Páx. 152 (Act. 23 e 24) Páx. 153 (Act. 34)	CCL CMCCT CD CAA CSC
7.6. As redes sociais.	7.3.- Tomar conciencia dos beneficios e problemas que pode orixinar o constante avance tecnolóxico.	7.3. Valora de forma crítica a constante evolución tecnolóxica e o consumismo que orixina na sociedade.	Analiza gráficos e documentos informativos sobre o uso de Internet, valorando de forma crítica os avances, as melloras e o consumismo que se ocasiona.	Páx. 148 (Act. 12 e 13) Páx. 150 (Act. 17 e 18) Páx. 152 (Act. 28)	CCL CMCCT CD CAA CSC SIEE
	7.4.- Valorar, de forma crítica e fundamentada, os cambios que Internet está provocando na sociedade.	7.4.1. Xustifica o uso de redes sociais, sinalando as vantaxes que ofrecen e os riscos que supoñen.	Busca información sobre o uso das redes sociais, xustificando o seu uso, sinalando as vantaxes que ofrecen e consellos útiles para evitar os	Páx. 145 (Act. 6, 7, 8 e 9) Páx. 151 (Act. 21) Páx. 152 (Act. 26)	CCL CMCCT CD CAA CSC

			riscos que supón o uso incontrolado das redes sociais.		
		7.4.2. Determina os problemas aos que se enfrenta Internet e as solucións que se barallan.	Identifica e explica os servicios que proporciona Internet, os problemas aos que se enfrenta e as posibles formas de evitalos e/ou soluciónalos.	Páx. 143 (Act. 4 e 5) Páx. 149 (Resume, Act. 14, 15 e 16) Páx. 152 (Act. 25) Páx. 153 (Act. 33)	CCL CMCCT CD CSC
	7.5.- Efectuar valoracións críticas, mediante exposicións e debates, sobre problemas relacionados cos delitos informáticos, o acceso a datos persoais, os problemas de socialización ou de excesiva dependencia que pode causar o seu uso.	7.5.- Describe en que consisten os delitos informáticos máis habituais.	Observa e describe en que consisten as transaccións entre internautas e a importancia da seguridade en Internet, coñecendo os delitos informáticos máis habituais.	Páx. 147 (Act. 10)	CCL CMCCT CD CAA CSC SIEE

## 8.6.8. UNIDADE 8. NOVAS TECNOLOXÍAS

### Identificación da unidade didáctica e temporalización

Nº	Título da UD	Duración
UD. 8	- NOVAS TECNOLOXÍAS	- 5 sesións

### 8.6.8.1. Criterios de avaliación do currículo que se tratan

Criterios de avaliación
8.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.

- 8.2.- Coñecer a evolución que experimentou a informática, desde os primeiros prototipos ata os modelos máis actuais, sendo consciente do avance logrado en parámetros tales como tamaño, capacidade de proceso, almacenamento, conectividade, portabilidade, etc.
- 8.3.- Determinar o fundamento dalgúns dos avances máis significativos da tecnoloxía actual.
- 8.4.- Tomar conciencia dos beneficios e problemas que pode orixinar o constante avance tecnolóxico.

### 8.6.8.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

▪ Obxectivos específicos		▪ Competencias básicas
1	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores dos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa (a).	CSC, CAA
2	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación (g)	CD, CCL
3	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais. Aproximarse ao coñecemento do mundo físico (l).	CMCCT, CSC
4	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellor do seu contorno social (h).	CSC, CAA
5	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal (d).	CCL
6	Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente (j).	CMCCT, CSC

■ Obxectivos específicos		■ Competencias básicas
7	Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar criticamente as desigualdades e discriminación existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade (c)	CSC, CAA, SIEE

### 8.6.8.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro	Instrumentos de avaliación (Actividades do libro da ed. Santillana)	Competencias clave
8.1. Procedementos de traballo. A fibra óptica. A tecnoloxía LED. Sistemas de posicionamento por satélite. Telefonía móbil.	8.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.	8.1. Busca, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre un tema relacionado coa ciencia e a tecnoloxía, utilizando tanto os soportes tradicionais como Internet.	Obtén, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta información sobre temas relacionados coas novas tecnoloxías.	Páx. 165 (Act. 12) Páx. 167 (Act. 14 e 15) Páx. 172 (Act. 39 e 40) Páx. 173 (Act. 42 e 46)	CCL CMCCT CD CAA CSC
8.2. A fibra óptica. 8.3. A tecnoloxía LED. 8.4. Sistemas de posicionamento por satélite. 8.5. Telefonía móbil.	8.2.- Coñecer a evolución que experimentou a informática, desde os primeiros prototipos ata os modelos máis actuais, sendo consciente do avance logrado en parámetros tales como tamaño, capacidade de proceso, almacenamento, conectividade, portabilidade, etc.	8.2. Utiliza con propiedade conceptos especificamente asociados ao uso de Internet.	Interpreta e explica os conceptos asociados ao uso de Internet e as novas tecnoloxías, aplicándoos de forma correcta.	Páx. 170 (Act. 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23 e 24)	CCL CMCCT CD CAA CSC
	8.3.- Determinar o fundamento dalgúns dos avances máis	8.3.1. Explica como se establece a posición sobre a superficie terrestre coa información recibida	Elabora e explica diferentese aplicacións dos sistemas de posicionamento como GPS, GALILEO ou GLONASS.	Páx. 161 (Act. 4, 5 e 6) Páx. 170 (Act. 17 e 21) Páx. 172 (Act. 37 e 38)	CCL CMCCT CD



8.6. Teléfonos intelixentes ou smartphones. Televisores intelixentes.	significativos da tecnoloxía actual.	dos sistemas GPS, GALILEO ou GLONASS.			CAA CSC
		8.3.2. Estabelece e describe a infraestrutura básica que require o uso da telefonía móbil.	Busca información sobre usos do teléfono móbil existentes na actualidade, opinando sobre as súas vantaxes, os seus inconvenientes e os seus posibles problemas de seguridade.	Páx. 163 (Act. 7 e 8) Páx. 173 (Act. 42)	CCL CMCCT CD CAA CSC SIEE
		8.3.3. Explica o fundamento físico da tecnoloxía LED e as vantaxes que supón a súa aplicación en pantallas planas e iluminación.	Busca información sobre as lámparas LED, explica o seu funcionamento e as súas vantaxe sobre outros dispositivos empregados en iluminación.	Páx. 159 (Act. 3) Páx. 170 (Act. 16) Páx. 172 (Act. 33, 34, 35 e 36)	CCL CMCCT CD CAA CSC
		8.3.4. Coñece e describe as especificacións dos últimos dispositivos, valorando as posibilidades que poden ofrecer aos usuarios.	Busca e describe as especificacións dos últimos dispositivos e compoñentes relacionados coas novas tecnoloxías.	Páx. 157 (Act. 1 e 2) Páx. 165 (Act. 9, 1 e 11) Páx. 167 (Act. 13) Páx. 170 (Act. 19)	CCL CMCCT CD CAA CSC
	8.4.- Tomar conciencia dos beneficios e problemas que pode orixinar o constante avance tecnolóxico.	8.4. Valora de forma crítica a constante evolución tecnolóxicas e o consumismo que orixina na sociedade.	Interpreta gráficos e analiza documentos informativos sobre a evolución tecnolóxica e valora de forma crítica os avances.	Páx. 170 (Act. 20 e 24) Páx. 171 (Act. 25, 26, 27, 28 e 30) Páx. 172 (Act. 31, 32, 39 e 40) Páx. 173 (Act. 43, 44, 45, 46, 47 e 48)	CCL CMCCT CD CSC

## **8.7.- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO.**

### **8.7.1.- Contidos mínimos esixíbeis na Cultura Científica de 1º de Bacharelato**

Dado o carácter especificamente formativo desta materia, cunha forte carga procedemental, os mínimos esixíbeis veñen indicados por determinados mellor por criterios de avaliación que se relacionan cos obxectivos específicos desta materia. Para este curso se consideran como mínimos esixíbeis, por unidades didácticas, os seguintes:

#### **Unidade 1:**

- 1.1.1.-Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas con temas científicos de actualidade.
- 1.1.2.-Participar nun proxecto colectivo de obtencións de datos e na elaboración dos mesmos.
- 1.2.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.
- 1.3.-Comunicar conclusións e ideas en soportes públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e comunicación para transmitir opinións propias argumentadas.
- 1.4.-Xustificar a teoría da deriva continental en función das evidencias experimentais que a apoian.
- 1.5.-Explicar a tectónica de placas e os fenómenos a que dá lugar.

#### **Unidade 2:**

- 2.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.
- 2.2.- Enunciar as diferentes teorías científicas que explican a orixe da vida na Terra.
- 2.3. Estabelecer as probas que apoian a teoría da selección natural de Darwin e utilízala para explicar a evolución dos seres vivos na Terra.
- 2.4.- Recoñecer a evolución desde os primeiros homínidos ata o Homo actual e establecer as adaptacións que moveron a evolución.

#### **Unidade 3:**

- 3.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.
- 3.2.- Analizar a evolución histórica na consideración e tratamento das enfermidades.
- 3.4.- Tomar conciencia da importancia da investigación médico-farmacéutica.

#### **Unidade 4:**

- 4.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.
- 4.2.- Recoñecer os feitos históricos máis relevantes para o estudo da xenética.
- 4.3.- Obter, seleccionar e valorar informacións sobre o ADN, o código xenético, a enxeñería xenética e as súas aplicacións médicas.

#### **Unidade 5:**

- 5.1.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.
- 5.1.2.- Comunicar conclusións e ideas en soportes públicos diversos, empregando as tecnoloxías da información e comunicación para transmitir opinións propias argumentadas.
- 5.2.- Avaliar as aplicacións da enxeñería xenética na obtención de fármacos e terapias xénicas e transxénicas.
- 5.3.- Identificar algúns problemas sociais e dilemas éticos e/ou morales, debidos á aplicación da xenética: obtencións de transxénicos, reprodución asistida e clonación.
- 5.4.- Analizar os posibles usos da clonación.

#### **Unidade 6:**

- 6.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.
- 6.2.- Coñecer a evolución que experimentou a informática, desde os primeiros prototipos ata os modelos máis actuais, sendo consciente do avance logrado en parámetros tales como tamaño, capacidade de proceso, almacenamento, conectividade, portabilidade, etc.
- 6.4.- Tomar conciencia dos beneficios e problemas que pode orixinar o constante avance tecnolóxico.

#### **Unidade 7:**

- 7.1.- Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía a partir de distintas fontes de información.
- 7.4.- Valorar, de forma crítica e fundamentada, os cambios que Internet está provocando na sociedade.
- 7.5.- Efectuar valoracións críticas, mediante exposicións e debates, sobre problemas relacionados cos delitos informáticos, o acceso a datos persoais, os problemas de socialización ou de excesiva dependencia que pode causar o seu uso.

En calquera caso, quedarán excluídos como contidos mínimos esixibles aqueles que non dera tempo a ver na clase.

### **8.7.2.- Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación na Cultura Científica.**

O curso académico vén dividido, segundo as disposicións oportunas, en trimestres.

Dado o carácter específico dos obxectivos desta materia, especialmente interdisciplinar e formativa, e dado que o que se trata é de motivar ao alumnado cara a concienciarse sobre os problemas medioambientais e de saúde que nos ameazan e adoptar hábitos saudábeis neste sentido, a avaliación sumativa baseárase, fundamentalmente en:

- no traballo e participación na clase (toma de apuntes, presentación de traballos, preguntas e achegas ao tema que es estea a tratar, participación activa na clase.
- realización e presentación de proxectos de investigación propostos (traballos coas tecnoloxía TIC, presentacións nos diversos formatos TICs., dado que este curso se ten acceso á aula de informática.
- contido e deseño da libreta, que se revisará ao longo do curso.
- actitude na aula e en xeral, fronte aos temas tratados. Trátase de que se tome conciencia da importancia dos temas estudados e se actúe en consecuencia.

En principio non se farán exames se se traballa adecuadamente e cos criterios anteriormente citados. En calquera caso, aqueles alumnos que non superen de forma ordinaria unha avaliación terán dereito á realización dun exame de recuperación. Así mesmo, quen non supere algunha das avaliacións terá dereito a un exame final no mes de Xuño e, por suposto, de ser o caso, ao exame extraordinario de Setembro.

De chegarse ao caso de facer exames, a cualificación será obtida, en calquera caso, considerando cun peso ponderado do 60% das probas escritas e un 40% restante correspondente ás cualificacións obtidas nas clases diarias, nos traballos prácticos que, relacionados cos temas de cada trimestre, encargue o profesor da materia, etc. Se nunha proba escrita o profesor se decata de que un alumno está copiando empregando calquera procedemento, se lle poderá retirar a proba e poderá ser cualificado cun cero nesa proba.

Así mesmo, indicárase o valor de cada pregunta da proba. Caso de que non se indique, se suporá que todas as preguntas teñen o mesmo valor.

Atendendo a unha idea de formación integral do alumnado, na corrección dos exames o profesor do curso poderá rebaixar a cualificación final ata un máximo de 1 punto ao considerar unha presentación manifestamente indebida e/ou unha desmesurada existencia de faltas de ortografía.

En calquera caso, á hora de cualificar, cada profesor terá en conta os criterios de obxectividade, igualdade e xustiza oportunos, respectando en todo momento os dereitos dos alumnos e atendendo ao mellor cumprimento dos deberes que lles corresponden.

### **8.7.3.-Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

Os alumnos que non superen unha determinada avaliación terán dereito a unha proba de recuperación desa materia durante o seguinte trimestre. Efectuadas as recuperacións, se un alumno ou alumna non superou as tres avaliacións, ao final de curso poderá aínda realizar unha proba de recuperación e, en casos debidamente xustificadas, optar pola realización dun determinado traballo de campo ou de investigación. Por suposto, en caso de non superar a materia, terá a proba extraordinaria de setembro.

#### **8.7.3.1. Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Como primeira medida de recuperación, establécense actividades de reforzo (ver atención á diversidade) para cada unidade.

No entanto, os contidos non superados poderán ser recuperados en probas específicas para tal fin. Tales probas de recuperación poderán ser parciais (partes dun determinado exame ou dun tema) ou dunha avaliación concreta, segundo as circunstancias específicas de cada curso ou grupo; en calquera caso, tales condicións de recuperación deberán ser especificadas polo profesor correspondente de forma clara e, sempre previamente, á realización de cada avaliación.

En calquera caso, ao final de curso, todo o alumnado que non superase algunha desas actividades terá dereito a unha proba de recuperación final en Xuño. A esta proba final, que puntuará de 0 a 10 puntos, poderán optar todos aqueles alumnos que teñan avaliacións por recuperar. Para aquel alumnado que, nesa proba, tivese unha única avaliación pendente de recuperación, chegará con superar esa proba para superar a materia; no caso de chegar a esa proba con máis dunha avaliación pendente, a cualificación obtida nesa proba fará media aritmética coa media obtida nas tres avaliacións do curso cara á obtención da parte de avaliación cuantitativa á que se refire o apartado 5, sobre criterios de cualificación.

Naturalmente, seguindo a lexislación vixente, haberá un exame extraordinario en Setembro para quen non supere a materia correspondente durante o curso. Nesa convocatoria de Setembro só se terá en conta a cualificación obtida nesta proba extraordinaria.

#### **8.7.3.2. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Para aquel alumnado que perda o dereito de avaliación continua desenvoverase unha proba específica que inclúa aqueles contidos e criterios de avaliación indicados, no correspondente apartado, como mínimos esixíbeis e que se correspondan coas unidades didácticas que o alumno ou a alumna, en concreto, non desenvolveu na aula.

Así, mesmo, haberá a posibilidade de que, como complemento, se encarguen actividades caseiras específicas, por parte do profesor do curso

correspondente, dadas as circunstancias desa perda do dereito á avaliación continua; pois, obviamente, cabe distinguir entre situacións de reorientacións de conduta ou faltas xustificadas pero excesivas debidas ao caso de enfermidade prolongada e, neste caso, situacións que inhabiliten, ou non, para unha única proba de avaliación extraordinaria sen máis. Nestes casos, establececerase o procedemento concreto e personalizado en reunión de Departamento, considerando toda a información pertinente.

### **8.7.3.3. Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A avaliación inicial terá dúas fontes básicas de información:

-Por unha banda, nos primeiros días do curso realizarase unha proba de diagnóstico básica, na que se valorarán as habilidades de cada alumn@ en cuestións instrumentais como, por exemplo, cálculo aritmético sinxelo, operacións con potencias de dez e algunha conversión simple de unidades, no que aos aspectos matemáticos se refire, e cuestións como faltas de ortografía, presentación básica, actitude ante o traballo, etc, de carácter máis xeral.

- En todo o tempo previo á sesión de avaliación inicial do profesorado do grupo, será fundamental a observación, por parte do profesor, da actitude en clase, das habilidades sociais e calquera outra circunstancia que permita unha valoración personalizada de cada alumn@, cara a unha optimización do enfoque posterior de todo o curso.

### **8.7.4. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Dado que o seguimento das programacións, en todos os cursos e grupos, e a avaliación da práctica docente se fará cos mesmos criterios e indicadores de logro para todas as materias do Departamento, o procedemento figura, con carácter xeral, no apartado 12 desta programación.

### **8.7.5. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.7.5.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Dado que o alumnado non está dotado das mesmas capacidades, non se parte dos mesmos coñecementos iniciais, poden posuír diferentes estratexias de aprendizaxe, os seus intereses son distintos e non teñen a mesma motivación nin posúen o mesmo ritmo de aprendizaxe, tratarase de asegurarlles unha igualdade

de oportunidades para conseguir que todos eles/as sexan capaces de establecer relacións entre o que xa saben (inclusores) e os novos coñecementos que están adquirindo.

A metodoloxía proposta neste curso de Cultura científica implica a realización de diferentes actividades e pequenos proxectos de investigación, o que garante unha certa diversificación que, cada alumn@ pode aproveitar para desenvolver os seus coñecementos e acadar os obxectivos xerais da materia.

Nos casos necesarios, sempre que se trate de necesidades de reforzo que axuden a unha mellora na comprensión de conceptos ou de asimilación da información empregada, serán propostas actividades de reforzo. En calquera caso, a quen non participe activamente na realización das actividades propostas habitualmente, se lle plantexará a realización dunha proba na que poda acreditar uns coñecementos mínimos relacionados cos contidos e criterios de avaliación correspondentes, tal como se describen no apartado 8.7.1.

## **8.7.6. Aspectos transversais**

### **8.7.6.1. Programación da educación en valores**

#### **Unidades 0 e 1. A actividade científica e a Terra:**

Comprensión lectora: a) “Ayuda masiva para las víctimas del Tsunami”, El País (pág. 29 do libro Santillana).

b) Interpretación dalgúns ‘chistes científicos’.

c) Busca de novas de ciencia na rede.

Expresión oral e escrita: A actividade científica: Estudo dalgunhas pseudociencias e argumentación.

Comunicación audiovisual. Visita virtual a museos da ciencia ao través da páxina web ‘ramontic.net’.

O tratamento das TIC: Visita virtual a museos da ciencia ao través da páxina web ‘ramontic.net’.

Busca de información sobre os terremotos (páxinas 30 e 31 libro).

Emprendemento: ¿Qué nos falta por descubrir? (páxina 32 do libro).

#### **Unidade 2. A orixe da vida:**

Comprensión lectora. Textos da unidade. Información clave (páxinas 26, 28, 31, 35, 40 y 42).

Expresión oral e escrita. Xogo de rol: a orixe da vida. Traballo en grupo.

Comunicación audiovisual. Interpretación de imaxes, táboas e gráficas da unidade do libro.

O tratamento das TIC. Detección e desvío de asteroides (páxina 50 do libro).

Traballo en grupo sobre o cambio climático. Webquest.

#### **Unidade 3, 4 e 5. Vivir máis, vivir mellor, A revolución xenética e A biotecnoloxía:**

Comprensión lectora. Textos das unidades no libro. Información clave. Compoñentes principais da historia clínica (páxinas 56, 79, 80 e 103 libro).

Expresión oral e escrita. Textos e actividades da unidade. Principais parámetros dun análise de sangue (páxina 57 do libro).

Definir termos médicos e análises do significado de expresión relacionados coa medicina (páx. 75 libro).  
 Que nos falta por descubrir (páx. 96 e 110 do libro).  
 Xogo de rol. Actuación nun andacio.  
 Elaboración dunha pequena revista científica.

Comunicación audiovisual. Interpretación de imaxes, táboas e gráficos da unidade (libro).  
 O tratamento das TIC. Consulta de técnicas de diagnóstico por imaxe na páxina 58 do libro e na páxina web do profesor (ramontic.net).  
 Difracción de raios X (páx. 84 libro).  
 Busca de información na prensa sobre novas relacionadas co uso terapéutico de células nai e/ou trasplantes.  
 Elaboración dunha presentación multimedia (páxina 109 libro).

Emprendemento. Problemas sanitarios en países en vías de desenvolvemento (páxina 71, libro).

Educación cívica e constitucional. As donacións de órganos, as transfusións de sangue e os trasplantes (libro, páxinas 66 e 67).  
 Charla da organización de trasplantes.  
 Debate sobre o uso de células nai para curar enfermidades (páxina 107).

Valores persoais. O proxecto Genoma Humano (páxina 55 libro).

### **Unidades 6 e 7. Un mundo dixital e Internet:**

Expresión oral e escrita. Textos e actividades da unidade. Analizar documentos. Consumismo tecnolóxico (páxina 133, libro).  
 Que nos falta por descubrir? (páxina 136 libro).

Comunicación audiovisual. Interpretación de imaxes, táboas e gráficos da unidade (libro).  
 O tratamento das TIC. Busca e elección do orzamento dun ordenador (páxina 134 libro)..

Emprendemento. Almacenamiento da información (páxina 125, libro).  
 Formatos de imaxes e aforro de espazo na memoria (páxina 135 libro).

Educación cívica y constitucional. Consumismo tecnolóxico (páxina 133, libro).

### **8.7.6.2. Actividades complementarias e extraescolares**

Tal como se comenta no anterior apartado, entre as actividades complementarias a desenvolver no presente curso de Cultura Científica, inclúense:

- Charla sobre trasplantes de órganos.
- Realización de varios xogos de rol, elaborados polo profesorado e a desenvolver en grupos, alternando a hora semanal con dispoñibilidade de ordenadores para buscar e completar información e a hora de non dispoñibilidade para debates e posta a punto.
- Elaboración dunha revista de divulgación científica por parte dos grupos de alumn@s que, nos xogos de rol, asuman o papel de 'periodistas'.



-Visitas a varios museos virtuais de ciencia tanto en Europa como en América.

## **9.- FÍSICA DE 2º CURSO DE BACHARELATO.**

### **9.1. Introducción e contextualización**

A física está presente en todas as nosas actividades diarias; é parte de todos os sucesos naturais e daqueles inventos que axudaron ás persoas a conseguiren progreso tecnolóxico e a melloraren as súas condicións de vida. Aproveitando os coñecementos físicos modernos facilitouse a elaboración dos produtos necesarios para humanidade; chegouse á Lúa, colocáronse satélites de comunicacións en órbita, mellorouse o desenvolvemento dos automóbiles, coñécese con anticipación a formación de furacáns e, en xeral, o estado do tempo, fábrícanse mellores electrodomésticos, barcos, avións, maquinarias pesadas e todos aqueles artefactos que as persoas puxeron ao seu servizo na industria.

Polo seu carácter altamente formal, a materia de Física proporciónalle ao alumnado unha eficaz ferramenta de análise e recoñecemento, cuxo ámbito de aplicación transcende os seus obxectivos. Física no segundo curso de bacharelato é esencialmente educativa e debe abranguer todo o espectro de coñecemento da física con rigor, de forma que se asenten as bases metodolóxicas introducidas nos cursos anteriores. Á súa vez, debe dotar @ alumn@ de novas aptitudes que o capaciten para a súa seguinte etapa de formación, con independencia da relación que esta poida ter coa física.

A materia estrutúrase en seis bloques de contidos nos que aparecen interrelacionados todos os elementos do currículo. O primeiro bloque está dedicado á actividade científica e constitúe o eixe metodolóxico da área, e é necesario que se traballe de forma simultánea con cada un dos bloques restantes. O ensino e a aprendizaxe da física implica a identificación e a análise de problemas, emitindo hipóteses fundamentadas, recollendo datos que inclúan a elaboración e a interpretación de representacións gráficas a partir de datos experimentais e relacionándoas coas ecuacións matemáticas que representan as leis e os principios físicos subxacentes, así como a procura, a análise e a elaboración de información, polo que é de interese o emprego das TIC tanto como ferramenta para a obtención de datos, o tratamento da información, a análise dos resultados e a presentación de conclusións, como para o emprego de aplicacións informáticas de simulación de experimentos físicos que sería difícil desenvolver no laboratorio real.

O segundo bloque trata a interacción gravitatoria, facendo especial énfase no concepto de campo, co fin de poder desenvolver no bloque 3 os campos eléctrico e magnético.

O bloque 4 céntrase no estudo dos fenómenos ondulatorios. O concepto de onda non se estuda en cursos anteriores

e necesita, xa que logo, un enfoque secuencial. En primeiro lugar, trátase desde un punto de vista descritivo e, a continuación, desde un punto de vista funcional. Como casos prácticos concretos estúdanse o son e, de xeito máis amplo, a luz como onda electromagnética.

No bloque 5 trátase a óptica xeométrica, restrinxida ao marco da aproximación paraxial. As ecuacións dos sistemas ópticos preséntanse desde un punto de vista operativo, con obxecto de proporcionarlles aos alumnos e ás alumnas unha ferramenta de análise de sistemas ópticos complexos.

A secuencia de bloques anterior permite introducir a gran unificación da física do século XIX e xustificar a denominación de ondas electromagnéticas.

O derradeiro bloque dedícase á física do século XX. Os principais conceptos introdúcense empiricamente, propondo situacións que requiren unicamente as ferramentas matemáticas básicas, sen perder por iso rigor. A teoría especial da relatividade e a física cuántica preséntanse como alternativas necesarias á insuficiencia da denominada física clásica para resolver determinados feitos experimentais. Neste apartado introdúcense, tamén, os rudimentos do láser, unha ferramenta cotiá na actualidade.

En todos os bloques, a complexidade matemática de determinados aspectos non debe ser obstáculo para a comprensión conceptual de postulados e leis que xa pertencen ao século pasado. Por outro lado, o uso de aplicacións virtuais interactivas suple satisfactoriamente a posibilidade de comprobar experimentalmente os fenómenos físicos estudados.

Os estándares de aprendizaxe avaliados desta materia deseñáronse de xeito que a resolución dos supostos propostos require o coñecemento dos contidos avaliados, así como un emprego consciente, controlado e eficaz das capacidades adquiridas nos cursos anteriores.

A pesar de que a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía están presentes en todos os estándares, esta materia tamén contribúe, de xeito importante, ao desenvolvemento do resto das competencias clave. Daquela, o traballo en equipo para a realización das experiencias axudará o alumnado a alcanzar as competencias sociais e cívicas; a análise dos textos científicos, a argumentación e a defensa de proxectos, ou a interpretación da información afianzarán os hábitos de lectura; o deseño de experiencias e pequenas investigacións fomentará a autonomía na aprendizaxe, aprender a aprender, e o espírito crítico; a herdanza histórica (a ciencia na cultura europea) ou a estética nas presentacións contribuirán á competencia de conciencia e expresións culturais; o emprego de aplicacións interactivas axudará ao desenvolvemento da competencia dixital; a aplicación do método científico e a avaliación de resultados axudarán á organización da propia aprendizaxe; e, por suposto, a argumentación, a interpretación da información e a exposición de resultados desenvolven a competencia de comunicación lingüística.

### **9.1.1. Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado neste curso.**

Este curso, 2016-17, será o primeiro de Física de 2º bacharelato ordenado pola LOMCE. En calquera caso, hai que indicar que se continúa coa mesma dedicación horaria (4 horas semanais), cunha programación ampliada nun tema (Física de partículas) e coa necesidade de realizar un repaso ampliado dos contidos vistos na Física e Química de 1º de Bacharelato, cando menos no que a toda a Mecánica se refire, é dicir: Cinemática, Dinámica e Enerxía, incluído o estudo do movemento harmónico simple. E, tamén, como foi unha constante ata agora, co limitación que supón, máis alá de incluír moitos temas totalmente novos para o alumnado que decide cursar esta materia, co feito de rematar as clases un mes e pico antes que o resto dos cursos.

Así pois, atendendo a todo o indicado anteriormente, resulta difícil favorecer unha aprendizaxe verdadeiramente significativa, e motivada por experiencias, tal como o temario deste curso podería suxerir. Polo tanto, a metodoloxía para o desenvolvemento das clases será a clásica de transmisión-recepción; dedicaranse ás explicacións teóricas pertinentes e á resolución de cuestións prácticas e de exercicios numéricos, que aclaren e permitan afondar en cada un dos temas a estudo. Por suposto, na medida do posible, procurarase a realización de experiencias que axuden a consolidar os coñecementos adquiridos ou a crear o conflito necesario nos alumnos para axudarlles a desprenderse de anteriores conceptos previos, facilitando a comprensión dos novos coñecementos presentados neste curso, que non son poucos. Pero, dado o escaso tempo, a inmesa maioría destas actividades de laboratorio serán, tamén, no formato de clases maxistras, é dicir, experiencias que fai o profesor.

Ademais, máis alá das circunstancias citadas, considerase básico para o desenvolvemento do programa que a ensinanza da Física sexa activa e motivadora, procurando, entón, poñer ao alumnado en relacións cos problemas do mundo que nos rodea e, intentando a súa participación activa nas clases. O verdadeiramente importante é o desenvolvemento das capacidades e actitudes d@ alumn@, que lle permitan interpretar, comprender e xulgar o Universo e o contorno máis próximo.

### **9.2. Obxectivos xerais da Física de 2º de Bacharelato.**

Ver apartado 7.2.

### **9.3.- Obxectivos específicos da Física de 2º de Bacharelato:**

A procura da consecución dos obxectivos xerais da área de Física supón aínda outro nivel de concreción, que se ve recollido nas diferentes unidades didácticas do curso:

- Reforzar os coñecementos adquiridos no pasado curso da Física e Química sobre a mecánica clásica baixo a aproximación do punto material e avanzar na súa aplicación.
- Analizar a evolución da Ciencia na explicación dos fenómenos naturais.
- Comprender a importancia dos modelos na Física, como aproximacións á realidade.
- Interpretar as forzas gravitatorias e a súa consecuencia na orde do Universo.
- Estabelecer os conceptos necesarios para o estudo das interaccións a distancia.
- Coñecer as características e as leis que rexen o movemento xeral dun corpo no campo gravitatorio e relacionalo coa enerxía.
- Relacionar os avances científicos, derivados do estudo das forzas gravitatorias, coa exploración actual do Universo.
- Definir e aplicar o teorema de Gauss ao cálculo do campo de esferas condutoras, planos e fíos infinitos.
- Analizar, resolver e representar: as interaccións entre cargas en movemento e campos magnéticos e entre correntes eléctricas entre si.
- Definir e aplicar a lei de Ampere ao cálculo de campo creado por fíos infinitos, espiras e bobinas.
- Definir a lei de indución de Henry-Faraday e a lei de Lenz.
- Analizar os fundamentos do xerador de corrente alterna: alternador e dínamo.
- Comprender as características xerais do movemento ondulatorio e distinguir entre os diferentes tipos de ondas.
- Identificar as magnitudes que aparecen na ecuación dunha onda harmónica, así como as relacións entre elas. Comprender os conceptos de intensidade e enerxía dunha onda e explicar o fenómeno do amortecemento.
- Explicar de forma cualitativa os fenómenos de reflexión, refracción, difracción, polarización, interferencia e resonancia.
- diferenzas as teorías históricas sobre a natureza da luz.
- Aplicar as leis da reflexión e refracción á luz.
- Estudo das imaxes producidas por espellos e lentes.
- Distinguir as características ondulatorias da luz.
- Identificar os postulados da teoría da Relatividade e as súas consecuencias.

- Coñecer a natureza dos fenómenos cuánticos: dualidade onda-corpúsculo, efecto fotoeléctrico, probabilidade fronte a determinismo, principio de indeterminación etc.
- Describir as características do fenómeno da desintegración radioactiva e as leis que o rexen.
A materia de Química apóiase nas matemáticas e na física e, á súa vez, serve de base para as ciencias da vida. Desde esta posición, esta materia amplía a formación científica do alumnado e proporciona unha ferramenta para a comprensión da natureza das ciencias en xeral, polo que é unha axuda importante na toma de decisións ben fundamentadas e responsables en relación coa súa propia vida e coa comunidade onde vive, co obxectivo final de construír unha sociedade mellor, dada a capacidade da química para resolver problemas humanos e responder a diferentes necesidades sociais.

Esta materia estrutúrase en catro bloques, nos que aparecen interrelacionados todos os elementos do currículo. O primeiro bloque, "A actividade científica", constitúe o eixe metodolóxico da área, e é necesario traballalo de xeito simultáneo con cada un dos tres bloques restantes. O ensino e a aprendizaxe de Química implica a realización de pequenos proxectos de investigación, así como a procura, a análise e a elaboración de información, e é de interese o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación, tanto como ferramenta para a obtención de datos, o

tratamento da información, a análise dos resultados e a presentación de conclusións, como para o emprego de aplicacións informáticas de simulación de prácticas que sería difícil desenvolver no laboratorio real. Tanto os criterios de avaliación como os estándares de aprendizaxe deste bloque cobran sentido ao relacionalos cos doutros bloques.

O segundo bloque, "Orixe e evolución dos compoñentes do Universo", aborda a estrutura atómica dos elementos e a súa repercusión nas propiedades periódicas destes. A visión actual do concepto do átomo e as subpartículas que o conforman contrasta coas nocións da teoría atómico-molecular coñecidas previamente polo alumnado. Entre as características propias de cada elemento destaca a reactividade dos seus átomos e os tipos de enlaces e forzas que aparecen entre eles e, como consecuencia, as propiedades fisicoquímicas dos compostos que poden formar.

No terceiro bloque, "Reaccións químicas", trátanse tanto o aspecto dinámico (cinética) como o estático (equilibrio químico) das reaccións químicas, os factores que modifican a velocidade de reacción, o desprazamento do seu equilibrio, as reaccións ácido-base e de oxidación-redución, e as súas implicacións sociais e industriais.

Finalmente, o derradeiro bloque, "Síntese orgánica e novos materiais", con contidos de química orgánica, está destinado ao estudo dalgunhas funcións orgánicas e aos polímeros, e aborda as súas características, como se producen e a grande importancia que teñen na actualidade por causa das numerosas aplicacións que presentan: química médica, química dos alimentos e química ambiental.

As estratexias metodolóxicas que se propoñen para desenvolver o currículo desta materia son as seguintes:

- Fomentar a competencia de aprender a aprender, e a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, a través da planificación, a realización, a presentación e a avaliación de deseños experimentais por parte do alumnado, incluíndo a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento da competencia dixital, co obxectivo de favorecer unha visión máis actual da actividade tecnolóxica e científica contemporánea.
- Partir, sempre que sexa posible, de enfrontar o alumnado a situacións problemáticas que deba resolver pondo en xogo os saberes dos que dispón.
- Potenciar a dimensión colectiva da actividade científica, organizando equipos de traballo e propiciando o traballo cooperativo na investigación.
- Considerar as implicacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e medio natural dos problemas (posibles aplicacións, repercusións negativas, toma de decisións, ciencia e pseudociencia, etc.), e as posibles relacións con outros campos do coñecemento.

### **10.1.1. Contextualización atendendo ao nivel que, previamente, pode presentar o alumnado neste curso.**

Este curso, 2016-2017, será o primeiro de Química de 2º de Bacharelato ordenado pola LOMCE. A dificultade específica que se nos presenta este ano se debe a que temos non só que revisar contidos traballados o curso anterior de Física e Química de 1º de Bacharelato (cantidades en química/estequiometría, formulación de química inorgánica,...), senón que temos que traballar contidos que foron materialmente imposibles de dar o ano pasado: a Termodinámica Química.

O nivel de madurez e de coñecementos dos alumnos en 1º de Bachelato, o número de unidades a traballar e o número de horas dedicadas á materia, facía un labor ímprobo o poder completar satisfactoriamente os contidos. Pensamos que non se trata de dar unha "lección maxistral" e seguir adiante, senón que os nosos alumnos necesitan un tempo para ir asimilando os novos contidos ao mesmo tempo que van afianzando os anteriores, traballando neles, facendo exercicios numéricos, resolvendo cuestións, buscando solucións a problemas, deseñando experiencias, plantexándose dúbidas e buscando respostas. Unha aprendizaxe real e significativa implica un tempo de elaboración intelectual que moitas veces está en claro conflito coa extensión desmesurada dos contidos conceptuais da materia.

Para engadir máis dificultade ao labor que temos diante, neste curso temos dous temas novos: Cinética das Reaccións e Reaccións dos Compostos Orgánicos. Son contidos engadidos aos do ano pasado, é dicir, que non substitúen a outros. Tendo en conta a dificultade para completar o temario nos cursos anteriores e considerando que temos dous contidos novos engadidos, ademáis de ter que dar a Termodinámica Química que non se puido ver o ano pasado en 1º de Bacharelato, vemos que se presenta un curso complicado. Non poderemos facer os exercicios desexables, plantexar traballos de investigación interesantes, comentar curiosidades e problemas que nos rodean e que acheguen a Química aos nosos alumnos,... A metodoloxía terá que ser "rematar canto antes o tema para poder dar os seguintes".

Ademáis non podemos esquecer que a Química é unha Ciencia empírica. Mais a este nivel necesítase un tempo para adquirir as destrezas experimentais. De novo nos atopamos coa falta de tempo para que os alumnos realicen satisfactoriamente todas as experiencias propostas até agora pola CIUGA.

### **10.2. Obxectivos xerais da Química de 2º de Bacharelato.**

Ver apartado 7.2.

### **10.3.- Obxectivos específicos da Química de 2º de Bacharelato:**

A procura da consecución dos obxectivos xerais da área de Física supón aínda outro nivel de concreción, que se ve recollido nas diferentes unidades didácticas do curso:

- Comprender os conceptos, leis, teorías e modelos máis importantes da química e aplicarlos á interpretación científica de distintos fenómenos da realidade diaria.

- Utilizar as estratexias e procedementos que a Química proporciona para realizar investigacións sinxelas e analizar algunha das súas aplicacións.

- Comprender o carácter integrador da Química a través das súas relacións con outras ciencias, como a Física, a Bioloxía ou a Xeoloxía.

- Comprender que a evolución dos coñecementos químicos está condicionada pola interacción coa tecnoloxía e ligada ás necesidades da sociedade, e cómo a súa aprendizaxe require dunha actitude flexíbel e aberta fronte a distintas opinións.

- Aplicar estratexias propias do método científico para avaliar informacións procedentes de distintas fontes e establecer opinións propias e críticas respecto de problemas científicos e tecnolóxicos actuais relacionados coa química.

- Valorar as contribucións da química ao progreso da tecnoloxía e, polo tanto, á mellora das condicións de vida da humanidade.

- Seleccionar e aplicar os coñecementos apropiados para analizar situacións relacionadas coa química que se presentan na vida cotiá.

### **10.4. Relación de unidades didácticas, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.**

U.D.	TÍTULO	Duración
		Nº sesións.
0	Cálculos de Química	12 sesións
1	Estrutura atómica	12 sesións
2	Sistema periódico dos elementos	7 sesións
3	Enlace químico	16 sesións
4	A velocidade de reacción	7 sesións
5	Equilibrio químico	16 sesións
6	Reaccións ácido-base	12 sesións
7	Reaccións de oxidación-redución	12 sesións
8	Os compostos do carbono	12 sesións
9	Macromoléculas e polímeros	6 sesións

## **10.5.- Secuenciacións e Metodoloxía xeral**

### **10.5.1. Secuencia de contidos por Unidade didáctica.**

– Contidos	UNIDADE
0.1.Cálculos en química. Medida de masa e mol. 0.2.Os gases. 0.3.Mestura de substancias. 0.4.Mesturas de gases. 0.5.Disolucións. 0.6.A reacción química.	Unidade 0
1.1. Primeiros modelos atómicos. 1.2. Antecedentes do modelo atómico de Bohr. 1.3. O modelo atómico de Bohr. 1.4. Limitacións do modelo de Bohr. 1.5. Efectos Zeeman e de spin. 1.6. Os números cuánticos. 1.7. Os modelos mecanocuánticos. 1.8. Principio de dualidade onda-corpúsculo. 1.9. Principio de indeterminación de Heisenberg. 1.10. A ecuación de onda de Schrödinger. 1.11. Orbitais atómicos. 1.12. As partículas elementais da materia: leptóns e quarks. 1.13. As interaccións entre partículas.	Unidade 1

– Contidos	UNIDADE
<p>2.1. A clasificación dos elementos.Primeiros intentos. 2.2. Táboa de Mendeleiev e Meyer. 2.3. A táboa periódica actual. 2.4. Distribución electrónica. 2.5. Principios de exclusión de Pauli, de mínima enerxía de máxima multiplicidade de Hund. 2.6. Configuración electrónica. 2.7. Propiedades periódicas. 2.8. Factores dos que dependen as propiedades periódicas. 2.9. Comportamento químico dos elementos. 2.10. Grupos de elementos e propiedades.</p>	Unidade 2
<p>3.1. Concepto de enlace químico. 3.2. Enerxía e distancia de enlace. 3.3. Electronegatividade e tipo de enlace. 3.4. Teoría de Lewis. 3.5. Enlace iónico. 3.6. Ciclos de Born-Haber. Estrutura dos cristais iónicos. Cálculo da enerxía de rede. 3.7. Enlace covalente. 3.8. Teoría de Lewis aplicada ao enlace covalente. 3.9. Teoría de repulsión dos pares de electróns da capa de valencia (TRPECV). 3.10. Polaridade molecular. 3.11. Teoría de enlace de valencia. 3.12. Hibridación de orbitais atómicos. 3.13. Sólidos covalentes. 3.14. Enlace metálico. Modelo do mar de electróns. Teoría de bandas. 3.15. Forzas intermoleculares.</p>	Unidade 3

– Contidos	UNIDADE
<p>4.1. Velocidade das reaccións químicas. 4.2. Ecuación de velocidade. Lei de velocidades. 4.3. Mecanismo de reacción. 4.4. Velocidade de reacción en varias etapas. 4.5. Teorías sobre as reaccións químicas. 4.6. Teoría das colisións. 4.7. Teoría do complexo activado. 4.8. Estado de transición e intermedio de reacción. 4.9. Enerxía de activación. Diagramas de entalpía. 4.10. Factores que inflúe na velocidade unha reacción. 4.11. Os catalizadores. Tipos. Biocatalizadores.</p>	Unidade 4
<p>5.1. O estado de equilibrio. 5.2. A constante de equilibrio. <math>K_c</math> e <math>K_p</math>. 5.3. Equilibrios homoxéneos e heteroxéneos. 5.4. Equilibrios en varias etapas. 5.5. Estudo cuantitativo do equilibrio. 5.6. Alteración do estado de equilibrio. Principio de Le Chatelier. 5.7. Factores cinéticos e termodinámicos no control das reaccións químicas. 5.8. Equilibrio de solubilidade. 5.9. Produto de solubilidade. 5.10. Desprazamentos de equilibrio de solubilidade. 5.11. Reaccións de precipitación. 5.12. Aplicación analítica das reaccións de precipitación. Análise de cloruros.</p>	Unidade 5



– Contidos	UNIDADE
5.13. Precipitación fraccionada.	
6.1. As primeiras ideas sobre ácidos e bases. 6.2. A teoría de Arrhenius. 6.3. A teoría de Brønsted e Lowry. 6.4. Ácidos e bases conxugados. 6.5. Anfóteros. 6.6. Reaccións en medios acuosos. 6.7. Ionización da auga. O concepto de pH. 6.8. Forza relativa de ácidos e bases. Ácidos polipróticos. 6.9. Cálculo do pH dunha disolución. 6.10. Hidrólise. 6.11. Disolucións reguladoras. 6.12. Indicadores e medidores de pH. 6.13. Valoracións ácido-base. Curva de valoración. 6.14. Ácidos e bases de especial interese. O problema da chuiva ácida.	Unidade 6
7.1. Conceptos de oxidación e redución. 7.2. O número de oxidación. Oxidantes e redutores. 7.3. Axuste das ecuacións redox. 7.4. Valoracións redox. 7.5. A enerxía eléctrica e os procesos químicos. 7.6. Celdas electroquímicas. 7.7. Notación estándar das pilas. 7.8. Tipos de electrodos. 7.9. Potenciais estándar de electrodo.	Unidade 7

– Contidos	UNIDADE
7.10. Predición de reaccións redox espontáneas. 7.11. A corrosión. 7.12. Pilas e baterías. 7.13. A electrolise. 7.14. Leis de Faraday da electrolise. 7.15. Procesos redox de importancia industrial.	
8.1. Química orgánica ou do carbono. 8.2. As fórmulas en química orgánica. 8.3. Grupo funcional e serie homóloga. 8.4. Formulación e nomenclatura dos compostos orgánicos. 8.5. Hidrocarburos. 8.6. Compostos haloxenados. 8.7. Compostos osixenados. 8.8. Compostos nitroxenados. 8.9. Formulación de compostos multifuncionais. 8.10. A cuestión da isomería. 8.11. Reaccións químicas dos compostos orgánicos.	Unidade 8
9.1. Moléculas orgánicas de importancia biolóxica. 9.2. Polímeros. 9.3. As propiedades físicas dos polímeros e a súa natureza. 9.4. As substancias orgánicas e a sociedade actual.	Unidade 9

### 10.5.2. Metodoloxía xeral na Física e Química de 2º de Bacharelato

A materia de Química de 2º curso de Bacharelato ten destinadas catro horas semanais. Adicaranse ás explicacións teóricas pertinentes e á resolución de cuestións prácticas e de exercicios numéricos, que aclaren e permitan afondar en cada un dos temas a estudo. Así mesmo, se realizarán as prácticas de laboratorio indicadas polo grupo de traballo e recollidas nos contidos procedementais desta mesma programación.

En calquera caso, considérase básico para o desenvolvemento do programa que a ensinanza da Química sexa activa e motivadora, procurando poñer aos alumnos en relacións cos problemas do mundo que nos rodea e, intentando a súa participación activa nas clases.

## **10.6. CONCRECIÓN CURRICULAR EN UNIDADES DIDÁCTICAS DA QUÍMICA DE 2º DE BACHARELATO**

### 10.6.0. Unidade didáctica 0: CÁLCULOS EN QUÍMICA

#### 10.6.0.1. Identificación da unidade didáctica.

3. Nº	4. Título da UD	5. Duración
UD. 0	- CÁLCULOS EN QUÍMICA	12 sesións

#### 10.6.0.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.

6. Obxectivos específicos		7. Competencias básicas
1	Utilizar o mol como unidade de medida da cantidade de substancia. Calcula a cantidade dunha substancia en moles calquera que sexa o seu estado (sólido, líquido ou gas) e estado de pureza.	CMCCT

6. Obxectivos específicos		7. Competencias básicas
2	Determinar a fórmula dun composto a partir da súa composición centesimal e calquer outro modo de expresión da súa composición. Distinguir entre fórmula empírica e fórmula molecular.	CMCCT
3	Facer cálculos con mesturas de gases. Distinguir entre composición porcentual en mas e en volume.	CMCCT
4	Expresar a concentración dunha disolución nas unidades de concentración habituais. Ser capaz de pasar dunha destas unidades a outra calquera.	CMCCT
5	Preparar unha disolución dun soluto sólido ou líquido.	CMCCT
6	Facer cálculos estequiométricos sobre unha reacción química. Traballar con reactivos e produtos en calquera estado físico ou en disolución e con distinto grao de pureza. Estudar procesos que transcorran cun rendemento inferior ao 100% e que presenten un reactivo limitante.	

### 10.6.0.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
Cálculos en química. -A medida da masa. -A masa dun mol.	1.Manexar con soltura o concepto de mol.	1.1.Calcula as partículas (átomos, moléculas, moles) que existen nunha determinada masa de substancia.	Resolve as actividades e exercicios correctamente.	S	CMCCT
A fórmula dun composto. -Comosición centesimal.		2.1.Obtén a composición centesimal a partir dunha fórmula.		S	CMCCT CAA

-Obtención da fórmula dun composto.	2. Interpretar unha análise elemental para obter a fórmula dun composto.	2.2. Obtén unha fórmula a partir de datos que impliquen a proporción en masa dos elementos. 2.3. Distingue entre fórmula empírica e molecular.	Resolve as actividades e exercicios correctamente.		
Os gases.	3. Coñecer as leis dos gases ideais.	3.1. Relaciona operativamente a cantidade dun gas coas magnitudes físicas que o describen.	Resolve as actividades e exercicios correctamente.	S	CMCCT
Medida da cantidade de substancia.	4. Relacionar a cantidade de substancia (moles) dunha substancia coas magnitudes que a describen, en función do seu estado (sólido, líquido, gas, nunha mestura, etc).	4.1. Calcula os moles dunha substancia calquera que sexa a forma na que se atope, empregando as magnitudes que a describen (masa, volumen, concentración, etc).	Resolve as actividades e exercicios correctamente.	S	CMCCT
Mestura de substancias.  -Mesturas de gases. -Disolucións.	5. Coñecer a forma de expresar a proporción dun compoñente dunha mestura en calquera das unidades de concentración.	5.1. Relaciona a concentración dun compoñente nunha mestura coa cantidade do mesmo nunha certa cantidade de mestura. 5.2. Coñecida a concentración dun compoñente nunhas unidades de concentración, pode expresalas en calquera outra.	Resolve as actividades e exercicios correctamente.	S	CMCCT CAA
	6. Coñecer o procedemento práctico para preparar unha disolución.	6.1. Calcula a cantidade dun produto que necesita para preparar unha determinada cantidade de	Desenvolve as actividades correctamente e segue	S	CMCCT CAA

	Aplicar a prevención de riscos no laboratorio de química.	disolución de concentración coñecida. 6.2.Pode preparar unha disolución empregando o material requerido en cada caso. 6.3.Aplica as normas de seguridade ao traballo no laboratorio.	correctamente os procedementos de traballo no laboratorio.		
	7.Elaborar un informe científico sobre a práctica experimental ou unha investigación.	7.1.Realiza e defende un traballo de investigación empregando as TIC.	Manexa de forma adecuada a información obtida nas redes e realiza os traballos e presentacións requeridas.		CCL CD CSC SIEE
A reacción química.	8.Saber representar a ecuación química dun proceso e realizar cálculos estequiométricos relativos a calquera das substancias que participan.	8.1.Escribe a ecuación química dunha reacción e realiza cálculos estequiométricos sobre calquera das substancias. 8.2.Realiza cálculos estequiométricos en procesos con certo rendemento e/ou cun reactivo limitante.	Resolve as actividades e exercicios correctamente.	S	CMCCT CAA
				S	CMCCT

### 10.6.1. Unidade didáctica 1: ESTRUCTURA DA MATERIA.

#### 10.6.1.1. Identificación da unidade didáctica.

8. Nº	9. Título da UD	10. Duración
-------	-----------------	--------------

UD. 1	- ESTRUCTURA DA MATERIA	12 sesións
-------	-------------------------	------------

### 10.6.1.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.

11. Obxectivos específicos		12. Competencias básicas
1	Comprender o avance da ciencia como resultado do método de traballo científico.	CMCCT, CAA
2	Coñecer e cuestionar a validez dos modelos atómicos baseados na Física clásica.	CMCCT, CAA
3	Estudar as bases teóricas e experimentais para o establecemento da teoría cuántica.	CMCCT
4	Analizar o espectro de emisión do átomo de hidróxeno.	CMCCT
5	Estudar e criticar o modelo atómico de Bohr.	CMCCT
6	Analizar e interpretar o espectro dos átomos polielectrónicos.	CMCCT
7	Estudar as bases da mecánica ondulatoria e comprender o alcance dos principios de dualidade onda-corpúsculos e de indeterminación.	CMCCT
8	Construír o modelo atómico de Schrödinger.	CMCCT
9	Comprender o significado dos números cuánticos e manexalos con soltura.	CMCCT
10	Coñecer as partículas fundamentais que forman a materia e a súa presenza nos átomos.	CMCCT
11	Coñecer as interaccións fundamentais da natureza e relacionalas con fenómenos coñecidos.	CMCCT, CAA

### 10.6.1.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
Primeiros modelos atómicos. -Teoría atómica de Dalton. -Modelo atómico de Thomson. -Modelo atómico de Rutherford.	1.Analizar cronoloxicamente os modelos atómicos clásicos discutindo as súas limitación e a necesidade dun novo.	1.1.Explica as limitacións dos distintos modelos atómicos relacionándoos cos distintos feitos experimentais que levan asociados.	Identifica os modelos atómicos coa época na que xurdiron. Coñece a base experimental de cada un deles e as identifica co modelo en cuestión.	S	CMCCT CAA CCL
Antecedentes do modelo atómico de Bohr. -Teoría fotónica de Planck. -O efecto fotoeléctrico. -Os espectros atómicos.	2.Coñecer os principios físicos que deron lugar á física cuántica.	2.1.Analiza de forma crítica a experiencia de Planck. 2.2.Interpreta o efecto fotoeléctrico advirtindo a diferencia entre enerxía e intensidade dunha radiación. 2.3.Identifica regularidades nos espectros atómicos.	Relaciona a idea da cuantización cun novo modelo de átomo e resolve con soltura cálculos relacionados coa experiencia de Planck, o efecto fotoeléctrico ou os espectros atómicos.	S	CMCCT CAA
O modelo atómico de Bohr.  -Postulados da teoría atómica de Bohr. -Estudo das órbitas de Bohr. -Interpretación dos espectros segundo o modelo de Bohr.	3.Coñecer os postulados de Bohr e as súas explicacións cos feitos experimentais que orixinaron a teoría cuántica.	3.1.Calcula o valor enerxético correspondente a unha transición electrónica entre dous niveis dados relacionándoo coa interpretación dos espectros atómicos.	Identifica perfectamente unha transición electrónica nun átomo coa enerxía da radiación que se le nun espectro atómico.	S	CMCCT CAA



<p>Limitacións do modelo de Bohr.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Modelo atómico de Sommerfeld.</li> <li>-Efectos Zeeman e de spin.</li> <li>-Posibles valores dos números cuánticos.</li> </ul>	<p>4. Analizar os novos descubrimentos nos espectros dos átomos polielectrónicos e discute as limitacións do modelo de Bohr.</p>	<p>4.1. Emprega o significado dos números cuánticos segundo Bohr e comproba a súa insuficiencia para explicar o espectro dos átomos polielectrónicos.</p>	<p>Ten en conta as transicións electrónicas entre todos os niveis electrónicos nun átomo. Ten en conta a estrutura hiperfina do espectro.</p>	<p>S</p>	<p>CMCCT</p>
<p>Os modelos mecanocuánticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Principio de dualidade onda-corpúsculo.</li> <li>-Principio de indeterminación de Heisenberg.</li> <li>-A ecuación de onda de Schrödinger.</li> <li>-Significado dos números cuánticos.</li> <li>-Forma espacial dos orbitais.</li> </ul>	<p>5. Recoñecer a importancia da teoría mecanocuántica para o coñecemento do átomo.</p>	<p>5.1. Diferencia o significado dos números cuánticos segundo Bohr e a teoría mecanocuántica que define o modelo atómico actual, relacionándoo co concepto de órbita e orbital.</p>	<p>Identifica perfectamente o orbital no que se atopa un electrón a partir do conxunto de números cuánticos que o definen.</p>	<p>S</p>	<p>CCL CMCCT CAA</p>
	<p>6. Explicar os conceptos básicos da mecánica cuántica: dualidade onda-corpúsculo e incerteza.</p>	<p>6.1. Determina lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento para xustificar o comportamento ondulatorio dos electróns. 6.2. Xustifica o carácter probabilístico do estudo de partículas atómicas a partir do principio de indeterminación de Heisenberg.</p>	<p>É quen de calcular a lonxitude de onda dunha partícula en movemento e a indeterminación da súa posición. Pode interpretar o significado en corpos macroscópicos.</p>	<p>S</p>	<p>CMCCT CAA</p>

As partículas elementais da materia.  -As partículas elementais: leptóns e quarks. -Os hadróns. -As interaccións entre as partículas. -O átomo: partículas elementais e interaccións.	7.Describir as características fundamentais das partículas subatómicas diferenciando os distintos tipos.	7.1.Coñece as partículas subatómicas e os tipos de quarks presentes na natureza íntima da materia e na oixe primixenia do Universo, explicando as características e clasificación dos mesmos. 7.2.Realiza e defende un traballo de investigación empregando as TIC.	Coñece as partículas elementais e as interaccións do Modelo estándar. Distingue as que forman parte da materia de aquelas e sabe como se poden producir as demais. Coñece os procesos de formación dos diferentes átomos.	N	CCL CD CSC SIEE
--	--	--	---	---	--------------------------

## 10.6.2. Unidade didáctica 2: SISTEMA PERIÓDICO DOS ELEMENTOS

### 10.6.2.1. Identificación da unidade didáctica.

13. Nº	14. Título da UD	15. Duración
UD. 2	- SISTEMA PERIÓDICO DOS ELEMENTOS	7 sesións

### 10.6.2.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.

16. Obxectivos específicos		17. Competencias básicas
1	Coñecer o modo no que se teñen organizado os elementos químicos ao longo da historia.	CMCCT, CAA
2	Coñecer o que representa a configuración electrónica dun elemento e os principios nos que se basea.	CMCCT, CAA
3	Ler a táboa periódica en termos de grupos e períodos.	CMCCT
4	Relacionar a configuración electrónica dun elemento coa súa ubicación na táboa periódica.	CMCCT

16. Obxectivos específicos		17. Competencias básicas
5	Coñecer con precisión, a definición das propiedades periódicas: raio atómico, enerxía de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade.	CMCCT
6	Analizar como varían os valores das propiedades periódicas en función da configuración electrónica dos elementos.	CMCCT
7	Predecir o comportamento dos elementos químicos como resultado dos valores das distintas propiedades periódicas: o seu carácter metálico, tipos de óxidos e hidruros que forman os distintos elementos.	CMCCT

### 10.6.2.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
A clasificación dos elementos. -Primeiros intentos. -Táboa de Mendeleiev e Meyer. -A táboa periódica actual.	1.Coñecer e analizar os criterios que se seguiron ao longo da historia para organizar os elementos químicos coñecidos.	1.1.Identificar tríadas de elementos. 1.2.Recoñecer a lei das octavas e as súas limitacións. 1.3.Xustificar irregularidades na táboa de Mendeleiev.	Coñece a evolución histórica da organización periódica dos elementos. Identifica e relaciona os elementos dunha tríada ou coñece o alcance da lei das octavas.	S	CMCCT CAA

<p>Distribución electrónica.</p> <p>-Principio de exclusión de Pauli. -Principio de mínima enerxía. -Prncipio da máxima multiplicidade de Hund. -Modos de representar a configuración electrónica. -Distribucións electrónicas especialmente estables. -Alteracións das distribucións electrónicas.</p>	<p>2.Coñecer e aplicar o principio de construción ou Aufbau.</p>	<p>2.1.Obtén a configuración electrónica dun elemento químico o un dos seus ións. 2.2.Recoñece a configuración electrónica dun átomo en estado excitado. 2.3.Perdí a valencia dalgúns elementos a partir da súa configuración electrónica.</p>	<p>Obtén a configuración electrónica dun átomo interpretando correctamente os principios de construción (Aufbau). Ten en conta as estruturas de capa ou semicapa pechada para interpretar a configuración correcta dalgúns elementos.</p>	S	<p>CMCCT CAA</p>
	<p>3.Identificar os números cuánticos para un electrón segundo no orbital no que se atope.</p>	<p>3.1.Estabelece os números cuánticos que definen a un electrón ou un conxunto de electróns nun átomo.</p>	<p>Asigna correctamente os números cuánticos a un electrón ou a un conxunto de electróns. Pode determinar sen dubidar cantos electróns teñen un determinado número cuántico ou un conxunto deles.</p>	S	
<p>Táboa periódica e configuración electrónica.</p> <p>-Posción na táboa periódica e distribución electrónica.</p>	<p>4.Estabelecer a configuración electrónica dun átomo relacionándoa coa súa posición na táboa periódica.</p>	<p>4.1.Determina a configuración electrónica dun átomo, coñecida a súa posición na táboa periódica e os números cuánticos posibles do electrón diferenciador.</p>	<p>Relaciona a configuración electrónica de calquera elemento coa súa posición na táboa periódica.</p>	S	<p>CCL CMCCT CAA</p>
	<p>5.Coñecer a estrutura básica do sistema periódico actual.</p>	<p>5.1.Recoñece que ten en común a configuración electrónica dos elementos dun mesmo grupo da táboa periódica.</p>	<p>Dada a configuración electrónica dun conxunto de elementos químicos, localízaos no grupo e período adecuado da táboa.</p>		

<p>Propiedades periódicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Factores dos que dependen as propiedades periódicas.</li> <li>-Raio atómico.</li> <li>-Raio iónico.</li> <li>-Enerxía de ionización.</li> <li>-Afinidade electrónica.</li> <li>-Electronegatividade.</li> <li>-Comportamento químico dos elementos.</li> </ul>	<p>6. Definir as propiedades periódicas estudadas e describir a súa variación ao longo dun grupo ou período.</p>	<p>6.1. Argumenta a variación do raio atómico, potencial de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade en grupos e períodos, comparando ditas propiedades para elementos diferentes.</p> <p>6.2. Xustifica a reactividade dun elemento a partir da estrutura electrónica ou a súa posición na táboa periódica.</p>	<p>Argumenta de forma adecuada a ordenación dunha serie de elementos químicos con respecto a unha propiedade periódica. En cada caso ten en conta a carga nuclear, o efecto pantalla e a configuración de valencia.</p>	<p>S</p>	<p>CMCCT CAA SIEE</p>
<p>Grupos de elementos e propiedades.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Os elementos alcalinos.</li> <li>-O hidróxeno.</li> <li>-Os elementos alcalinotérreos.</li> <li>-Os elementos de transición.</li> <li>-Elementos do grupo do boro.</li> <li>-Elementos do grupo do carbono.</li> <li>-Elementos do grupo do nitróxeno.</li> <li>-Elementos do grupo do osíxeno.</li> <li>-Os halóxenos.</li> <li>-Os gases nobles.</li> </ul>	<p>7. Analizar as propiedades físicas e químicas dos elementos dun mesmo grupo.</p>	<p>7.1. Argumenta a variación dalgunha propiedade física ou química dos elementos dun determinado grupo da táboa periódica.</p>	<p>Xustifica de forma solvente unha propiedade física ou química nos elementos dun grupo da táboa periódica ou dalgún dos seus compostos.</p>	<p>N</p>	

**10.6.3. Unidade didáctica 3: ENLACE QUÍMICO****10.6.3.1. Identificación da unidade didáctica.**

18. Nº	19. Título da UD	20. Duración
UD. 3	- ENLACE QUÍMICO	16 sesións

**10.6.3.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.**

21. Obxectivos específicos		22. Competencias básicas
1	Coñecer o que representa o enlace químico e atopar unha xustificación científica para o mesmo.	CMCCT, CAA
2	Analizar os distintos tipos de enlace, en función das características dos átomos que se enlazan.	CMCCT, CAA
3	Estudar o enlace iónico desde o punto de vista enerxético e estrutural.	CMCCT
4	Estudar o enlace covalente e a súa incidencia na estrutura das substancias que resultan.	CMCCT
5	Estudar o enlace metálico e relacionalo con unhas propiedades moi particulares da materia.	CMCCT
6	Comprender os fenómenos de supercondutividade e semicondutividade.	CMCCT, CAA
7	Xustificar a existencia de enlaces intermoleculares e explicar en base a eles os distintos estados de agregación das substancias covalentes.	CMCCT
8	Empegar os enlaces intermoleculares para xustificar a posibilidade de que unhas substancias se disolvan noutras.	CMCCT
9	Predicir as propiedades físicas dos materiais que resulten de cada tipo de enlace.	CMCCT
10	Ter unha idea cuantitativa (da orde de magnitude) da enerxía que comportan os distintos tipos de enlace.	CMCCT

**10.6.3.3. Concreción curricular da Unidade.**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
<p>Concepto de enlace químico.</p> <p>-Energía e distancia de enlace.</p> <p>-Electronegatividade e tipo de enlace.</p> <p>-Teoría de Lewis.</p>	<p>1.Coñecer o concepto de enlace químico e valorar as posibilidades de formación.</p>	<p>1.1.Xustifica o tipo de enlace que se dá entre dous átomos analizando as súas propiedades.</p> <p>1.2.Obtén a fórmula química dun composto a partir da súa representación de Lewis.</p>	<p>Non comete erros ao identificar o tipo de enlace coa electronegatividade dos átomos.</p> <p>Realiza correctamente a estrutura de Lewis dos compostos e ións.</p>	S	CMCCT CAA
<p>Enlace iónico.</p> <p>-Teoría de Lewis aplicada ao enlace iónico.</p> <p>-Estudo enerxético do enlace iónico.</p> <p>-Ciclos de Borh-Haber.</p>	<p>2.Utilizar o modelo de enlace iónico para explicar a formación de cristais e deducir as súas propiedades.</p>	<p>2.1.Xustifica a estabilidade dos compostos iónicos empregando a regra do octeto.</p> <p>2.2.Analiza a estrutura da rede cristalina a partir parámetros iónicos.</p>	<p>Relaciona correctamente a estrutura cristalina dun composto coas características dos seus ións.</p>	S	CMCCT CAA

<p>-Estrutura dos cristais iónicos.</p> <p>-Cálculo da enerxía de rede.</p> <p>-Factores que afectan á fortaleza do enlace iónico.</p> <p>-Propiedades dos compostos iónicos.</p>	<p>3.Construír ciclos enerxéticos do tipo Born-Haber para calcular a enerxía de rede, analizando de forma cualitativa a variación de enerxía de rede en diferentes compostos.</p>	<p>3.1.Aplica o ciclo de Born-Haber para o cálculo da enerxía reticula de cristais iónicos.</p> <p>3.2.Compara a fortaleza do enlace en distintos compostos iónicos aplicando a fórmula de BOrn-Landé para considerar os factores dos que depende a enerxía reticular.</p> <p>3.3.Analiza as propiedades dos compostos iónicos en relación coa súa enerxía de rede.</p>	<p>Resolve o cilco de Born-Haber sen ningunha dúbida e interpreta corecrtamente o valor e o signo das enerxías comprendidas en cada proceso elemental.</p> <p>Coñece os factores dos que depende a enerxía de rede dun composto iónico.</p>		
<p>Enlace covalente.</p> <p>-Teoría de Lewis aplicada ao enlace covalente.</p> <p>-Teoría de repulsión dos pares de electróns da capa de valencia (TRPECV).</p> <p>-Polaridade molecular.</p> <p>-Teoría de enlace de valencia.</p> <p>-Hibridación de orbitais atómicos.</p> <p>-Sólidos covalentes.</p> <p>-Propiedades das substancias covalentes.</p>	<p>4.Describir as características básicas do enlace covalente empregando diagramas de Lewis e empregar a TEV para a súa descrición máis complexa.</p>	<p>4.1.Determina a polaridade dunha molécula empregando o modelo ou teoría máis adecuados para explicar a súa xeometría.</p> <p>4.2.Representa a xeometría molecular de distintas substancias covalentes aplicando a TEV e a TRPECV.</p>	<p>Obtén sen ningunha dúbida a estrutura dunha molécula empregando a TRPECV e interpreta correctamente a polaridade da molécula.</p>	S	CCL CMCCT CAA
<p>5.Empregar a teoría da hibridación para explicar o enlace covalente e a xeometría de distintas moléculas.</p>	<p>5.1.Da sentido aos parámetros moleculares en compostos covalentes empregando a teoría de hibridación para compostos inorgánicos e orgánicos.</p>	<p>É quen de determinar a xeometría de moléculas orgánicas nas que os átomos de C forman diversos tipos de enlace. Analiza tamén os orbitais híbridos que poden</p>			



			formar átomos de O e N presentes.		
Enlace metálico. -Modelo do mar de electróns. -Teoría de bandas. -Propiedades dos metais.	6.Coñecer as propiedades dos metais empregando as diferentes teorías estudadas para a formación do enlace metálico.	6.1.Explica a condutividade eléctrica e térmica mediante o modelo do gas electrónico aplicándoo tamén a substancias semiconductoras e superconductoras. 6.2.Explica as propiedades físicas dos metais en relación co tipo de enlace.	Relaciona sen ningunha dúbida as propiedades dos metais co tipo de enlace entre os átomos. Ten en conta que existen metais semi e supercondutores.	S	CMCCT CAA SIEE
	7.Explicar a posible condutividade eléctrica dun metal empregando a teoría de bandas.	7.1.Describe o comportamento dun elemento como illante, condutor ou semiconductor eléctrico empregando a teoría de bandas.  7.2.Coñece e explica algunhas aplicacións dos semicondutores e supercondutores analizando a súa repercusión no avance tecnolóxico da sociedade.	Coñece a teoría de bandas e emprega para explicar as diferencias entre a condutividade eléctrica de diferentes materiais segundo as circunstancias nas que se atopen.	S	CMCCT CAA
Forzas intermoleculares. -Dipolo-dipolo. -Enlace de hidróxeno. -Ión-dipolo.	8.Recoñecer os diferentes tipos de forzas intermoleculares e explicar como afectan	8.1.Xustifica a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias en función de ditas interaccións.	Identifica perfectamente o estado físico no que se atopa unha substancia e as súas propiedades de	S	CCL CMCCT CAA

-Dipolo-dipolo inducido. -Ión-dipolo inducido. -Dipolo instantáneo-dipolo inducido.	ás propiedades de determinados compostos en casos concretos.		disolución analizando os enlaces intermoleculares entre todas as substancias presentes.		
Cadro sinóptico do enlace químico.	9.Diferenciar as forzas intramoleculares das intermoleculares en compostos iónicos ou covalentes.	9.1.Compara a enerxía dos enlaces intramoleculares en relación coa enerxía correspondente ás forzas intermoleculares xustificando o comportamento fisicoquímico das moléculas.	Coñece o rango da enerxía correspondente ás forzas intermoleculares e ás intramoleculares e aplícao, sen erros, para valorar as propiedades das substancias.	S	CCL CMCCT CAA
Algunhas substancias de interese. -O hidróxeno e os seus compostos. -Compostos do osíxeno.	10.Xustificar as propiedades dos compostos do H e do O.	10.1.Emprega os coñecementos adquiridos para analizar os enlaces inter e intramoleculares nos compostos máis representativos do H e o O.	Identifica perfectamente os enlaces que se dan entre os átomos e as moléculas dos compostos máis comúns de H e O. Especialmente, identifica os enlaces de H e as súas consecuencias no comportamento da substancias.	S	CMCCT

#### 10.6.4. Unidade didáctica 4: A VELOCIDADE DE REACCIÓN

##### 10.6.4.1. Identificación da unidade didáctica.

23. Nº	24. Título da UD	25. Duración
UD.4	- A VELOCIDADE DE REACCIÓN	7 sesións

#### 10.6.4.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.

26. Obxectivos específicos		27. Competencias básicas
1	Coñecer o significado da velocidade dunha reacción e propoñer procedementos para medila.	CMCCT
2	Identificar as ecuacións de velocidade das reaccións de orde cero, un e dous e as súas representacións gráficas da concentración dos reactivos fronte ao tempo.	CMCCT
3	Comprender o significado do mecanismo dunha reacción.	CMCCT
4	Coñecer as teorías que explican como transcorren as reaccións químicas, é dicir, a evolución da enerxía do sistema a medida que se produce a reacción.	CMCCT
5	Entender os factores que influen na velocidade dunha reacción e aprender a modificalos no sentido que permitan acelerar ou retardar os procesos.	CMCCT
6	Valorar a importancia dos catalizadores como modificadores da velocidade dunha reacción.	CMCCT

#### 10.6.4.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave

<p>Velocidade das reaccións químicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Concepto de velocidade de reacción.</li> <li>-Ecuación de velocidade. Lei de velocidades.</li> </ul>	<p>1. Definir velocidade dunha reacción.</p>	<p>1.1. Obtén ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que interveñen.</p>	<p>É quen de obter a ecuación de velocidade dunha reacción analizando a súa velocidade con distintos valores da concentración das substancias participantes.</p>	S	CMCCT CAA
<p>Mecanismo de reacción.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Velocidade de reacción en varias etapas.</li> </ul>	<p>2. Coñecer que a velocidade dunha reacción química depende da etapa limitante segundo o seu mecanismo de reacción establecido.</p>	<p>2.1. Deduce o proceso de control da velocidade dunha reacción química identificando a etapa limitante correspondente ao seu mecanismo de reacción.</p>	<p>Identifica os pasos no mecanismo dunha reacción e deduce a ecuación de velocidade da mesma a partir da ecuación química da etapa lenta.</p>	S	CMCCT
<p>Teorías sobre as reaccións químicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Teoría das colisións.</li> <li>-Teoría do complexo activado.</li> <li>-Estado de transición e intermedio de reacción.</li> <li>-Energía de activación.</li> <li>-Diagramas de entalpía.</li> </ul>	<p>3. Explicar unha reacción química aplicando a teoría das colisións e do estado de transición, empregando o concepto de enerxía de activación.</p>	<p>3.1. Representa sobre un diagrama enerxético, os distintos conceptos relacionados coas teorías das reaccións químicas.</p>	<p>Interpreta correctamente o significado dos valores que se mostran nun diagrama enerxético, tanto para a reacción escrita como para a súa inversa.</p>	S	CMCCT CAA

<p>Factores que inflúen na velocidade dunha reacción.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Efecto da temperatura.</li> <li>-Efecto da concentración e da presión.</li> <li>-Efecto da natureza dos reactivos e da superficie de contacto.</li> </ul>	<p>4.Xustificar como a natureza e concentración dos reactivos a temperatura modifican a velocidade de reacción.</p>	<p>4.1.Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción.</p> <p>4.2.Determina de forma cuantitativa a influencia da temperatura na velocidade dunha reacción.</p>	<p>Utiliza adecuadamente a ecuación de Arrhenius para obter o valor da constante de velocidade dunha reacción a unha temperatura.</p> <p>Avalía con acerto os factores que inflúen na velocidade dun proceso.</p>	S	CMCCT
<p>Os catalizadores.</p> <p>Catálise.</p> <p>Catálise homoxénea.</p> <p>Catálise heteroxénea.</p> <p>Catálise enzimática.</p> <p>Biocatalizadores.</p> <p>Algunhas reacción catalíticas de importancia industrial e medioambiental.</p>	<p>5.Xustificar o papel dos catalizadores na velocidade dunha reacción.</p>	<p>5.1.Explica o funcionamento dos catalizadores relacionándoo cos procesos industriais e a catálise enzimática analizando a súa repercusión no medio ambiente e na saúde.</p>	<p>Coñece con precisión o mecanismo de acción dun catalizador e relaciónao coa enerxía de activación dun proceso.</p>	S	CCL CMCCT CAA

### 10.6.5. Unidade didáctica 5: EQUILIBRIO QUÍMICO

#### 10.6.5.1. Identificación da unidade didáctica.

28. Nº	29. Título da UD	30. Duración
--------	------------------	--------------

UD.5	- EQUILIBRIO QUÍMICO.	16 sesións
------	-----------------------	------------

### 10.6.5.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.

31. Obxectivos específicos		32. Competencias básicas
1	Recoñecer un sistema en estado de equilibrio.	CMCCT
2	Identificar distintos equilibrios (homoxéneos, heteroxéneos ou en diversas etapas).	CMCCT
3	Representar a constante de equilibrio en función de concentracións e de presións parciais para calquera dos equilibrios antes sinalados. Estabelecer a relación entre elas.	CMCCT
4	Realizar cálculos estequiométricos que alcancen a un sistema en equilibrio.	CMCCT
5	Predí a evolución dun sistema en equilibrio que experimenta unha alteración.	CMCCT
6	Analizar as condicións máis adecuadas para lograr que un proceso industrial sexa máis rentable.	CMCCT
7	Coñecer os equilibrios de solubilidade e as súas aplicacións analíticas.	CMCCT

### 10.6.5.3. Concreción curricular da Unidade.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
O estado de equilibrio.	1.Recoñecer o equilibrio químico como algo dinámico.	1.1.Interpreta experiencias de laboratorio que mostran procesos	Recoñece o equilibrio como un estado reversible e dinámico e é quen de	S	CMCCT CAA

-Características do equilibrio químico.		moleculares no estado de equilibrio.	interpretar experiencias que o xustificuen.		
A constante de equilibrio. -Relación en $K_C$ e $K_P$ . -Relación entre a constante de equilibrio e a definición do proceso. -Evolución cara ao equilibrio. -Equilibrios homoxéneos e heteroxéneos. -Equilibrios en varias etapas.	2.Expresar matematicamente a constante de equilibrio dun proceso no que interveñen gases, en función da concentración e das presións parciais.	2.1.Calcula o valor das constantes de equilibrio, $K_C$ e $K_P$ , para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración. 2.2.Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas.	Partindo da composición dun sistema nunhas condicións iniciais e $K_C$ e $K_P$ do proceso, é quen de determinar a composición no equilibrio, con independencia de traballar con moles, concentracións ou presións.	S	CMCCT
	3.Aplicar o concepto de equilibrio químico para predicir a evolución dun sistema.	3.1.Interpreta o valor do cociente de reacción comparándoo coa constante de equilibrio preveendo a evolución dunha reacción para alcanzar o equilibrio.	Calcula o cociente de reacción dun sistema e emprega o resultado para predicir a súa evolución.	S	
Estudo cuantitativo do equilibrio.	4.Relacionar $K_C$ e $K_P$ en equilibrio con gases, interpretando o seu significado.	4.1.Utiliza o grao de disociación aplicándoo ao cálculo de concentracións e constante de equilibrio $K_C$ e $K_P$ .	Emprega correctamente o concepto grao de disociación nos cálculos da composición no equilibrio dun sistema ou as súa $K_C$ ou $K_P$ .	S	CMCCT
	5.Resolver problemas de equilibrios homoxéneos, en particular en reaccións	5.1.Partindo dunhas condicións iniciais, calcula a composición dun sistema no equilibrio (en función de presións ou concentracións) ou	É quen de relacionar e calcular a composición dun sistema no equilibrio e en calquera	S	

	gasosas, e de equilibrios heteroxéneos.	viceversa. Tanto para sistemas homoxéneos como heteroxéneos.	outro estado, tanto para sistemas homoxéneos como heteroxéneos.		
<p>Alteracións do estado de equilibrio. Principio de Le Chatelier.</p> <p>-Cambio na concentración das substancias. -Cambio na presión ou no volume. -Cambio na temperatura. -Enunciado do principio de Le Chatelier. -Factores cinéticos e termodinámicos no control das reaccións químicas.</p>	<p>6. Aplicar o principio de Le Chatelier a distintos tipos de reaccións tendo en conta o efecto da temperatura, a presión, o volume e a concentración das substancias presentes predicindo a evolución do sistema.</p>	<p>6.1. comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico.</p> <p>6.2. Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema no equilibrio ao modificar a temperatura, presión, volume ou concentración que o definen, empregando como exemplo a obtención industrial do amoníaco.</p>	<p>Aplica correctamente o Principio de Le Chatelier para lograr obxectivos concretos de aumentar ou reducir a proporción dunha substancia nun proceso industrial.</p>	S	CMCCT
	<p>7. Valorar a importancia que ten o principio de Le Chatelier en diversos procesos industriais.</p>	<p>7.1. Analiza os factores cinéticos e termodinámicos que inflúen nas velocidades de reacción e na evolución dos equilibrios para optimizar a obtención de compostos de interese industrial, como, por exemplo, o amoníaco.</p>	<p>Distingue perfectamente os factores que aumentan a proporción dunha substancia nun equilibrio de aqueles que consiguen que o mesmo equilibrio se acade máis rapidamente.</p>	S	CMCCT



Equilibrio de solubilidad. -Producto de solubilidad. -Relación entre solubilidad e produto de solubilidad. -Solubilidad en presencia dun ión común. -Desprazamentos de equilibrio de solubilidad.	8.Resolver problemas de equilibrios de disolución-precipitación.	8.1.Relaciona a solubilidad e o produto de solubilidad aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido.	Relaciona perfectamente a solubilidad de substancias pouco solubles coa súa $K_{PS}$ , con independencia das unidades nas que se exprese a solubilidad.	S	CMCCT
	9.Explicar como varía a solubilidad dun sal polo efecto dun ión común.	9.1.Calcula a solubilidad dun sal interpretando como se modifica ao engadir un ión común.	Introduce correctamente a concentración do ión común na expresión do $K_{PS}$ da substancia pouco soluble e calcula sen erros a súa solubilidad, expresada esta en calquera unidade.	S	CMCCT
	10.Aplicar o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema.	10.1.Comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen o desprazamento do equilibrio de solubilidad.	Completada unha reacción de precipitación, é quen de desprazar o equilibrio de solubilidad, tanto para a formación de máis precipitado como para a redisolución do mesmo.	S	CMCCT
Reaccións de precipitación. -Aplicación analítica das reaccións de precipitación. Análise de cloruros. -Precipitación fraccionada.	11.Resolver problemas de equilibrios de disolución-precipitación.	11.1.Emprega o produto de solubilidad de equilibrios heteroxéneos sólido-líquido e aplícao como método de separación e identificación de mesturas de sales disoltos.	Dada unha disolución cunha mestura de aniões ou catións, é quen de predicir cal é o reactivo máis adecuado para obter a separación máis efectiva.	S	CMCCT CAA

**10.6.6. Unidade didáctica 6: REACCIÓNs ÁCIDO-BASE.****10.6.6.1. Identificación da unidade didáctica.**

33. Nº	34. Título da UD	35. Duración
UD.6	- REACCIÓNs ÁCIDO-BASE.	12 sesións

**10.6.6.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.**

36. Obxectivos específicos		37. Competencias básicas
1	Coñecer as teorías de ácido-base, especialmente as de Arrhenius e Brönsted e Lowry.	CMCCT
2	Manexar o concepto de ácido-base conxugado.	CMCCT
3	Identificar a auga como unha substancia ácida e básica.	CMCCT
4	Coñecer e empregar con soltura o concepto de pH, pOH e PK.	CMCCT, CAA
5	Avaliar cualitativamente e cuantitativamente a fortaleza de ácidos e bases.	CMCCT
6	Analizar cualitativamente e cuantitativamente o comportamento ácido-base das sales.	CMCCT
7	Estudar o efecto dunha substancia que achegue un ión común no comportamento dun ácido ou dunha base débil.	CMCCT
8	Coñecer o funcionamento das disolucións reguladoras do pH.	CMCCT
9	Ser capaz de valorar, sobre o papel e no laboratorio, a concentración dunha disolución de ácido ou de base.	CMCCT
10	Recoñecer a presenza e comportamento dos ácidos e bases, máis frecuentes na industria e no contorno cotián.	CMCCT

**10.6.6.3. Concreción curricular da Unidade.**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competen. clave
As primeiras ideas sobre ácidos e bases.	1.Coñecer o comportamento fenomenolóxico de ácidos e bases.	1.1.Identifica unha substancia como ácido ou base polo seu comportamento fenomenolóxico.	Non comete erros ao identificar unhasubstancia como ácido ou base partindo dalgunha característica fenomenolóxica.	S	CMCCT CAA CCL
A teoría de Arrhenius.	2.Aplicar a teoría de Arrhenius para recoñecer as substancias que poden actuar como ácidos ou bases.	2.1.Identifica o comportamento ácido ou básico dunha substancia relacionándoo coa liberación de H <sup>+</sup> ou ións OH <sup>-</sup> ao disolvelos en auga.	Coñece a teoría de Arrhenius e as súas limitacións para identificar ácidos, bases e sales.	S	CMCCT
A teoría de Brönsted e Lowry. -Ácidos e bases conxugados. -Anfóteros. -Reaccións en medios non acuosos. -Teoría de Arrhenius fronte á de Brönsted e Lowry.	3.Aplicar a teoría de Brönsted para recoñecer as substancias que poden actuar como ácidos ou bases.	3.1.Xustifica o comportamento ácido ou básico dun composto aplicando a teoría de Brönsted e Lowry 3.2.Identifica os pares de ácido-base conxugados. 3.3.Compara o comportamento ácido ou básico dunha substancia desde o punto de vista das dúas teorías.	É quen de explicar todas as limitacións da teoría ácido-base de Arrhenius coa teoría de Brönsted e Lowry. Non comete erro ao relacionar os pares ácido-base conxugados.	S	

Lónización da auga. -O concepto de pH.	4.Analizar a auga como ácido e como base. Coñecer o concepto de pH.	4.1.Manexa a $K_W$ da auga. 4.2.Calcula o pH dunha disolución coñecendo o seu $[H^+]$ ou de $[OH^-]$ .	Calcula sen erro o pH dunha disolución a partir de $[H^+]$ ou de $[OH^-]$ e o interpreta adecuadamente.	S	CMCCT CAA
Forza relativa de ácidos e bases. -Forza dos ácidos e as bases conxugados. -Ácidos e bases relativos. -Acidos polipróticos.	5.Empregar a constante de equilibrio de disociación dun ácido ou dunha base.	5.1.Analiza as posibilidades dun proceso ácido-base a partir das $K_a$ ou $K_b$ das substancias presentes.	Dada unha mestura de substancias que se poden comportar como ácidos ou como bases, asigna correctamente o carácter de cada unha a partir das $K_a$ ou $K_b$ correspondentes.	S	
Cálculo do pH dunha disolución. -Dun ácido forte. -Dun ácido débil. -Dunha base forte. -Dunha base débil.	6.Determinar o valor do pH de distintos tipos de ácidos e bases.	6.1.Identifica o carácter ácido, básico ou neutro e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolto nelas, determinando o valor de pH das mesmas.	Resolve correctamente calquera cuestión relacionada coa disociación dun ácido ou unha base, calquera que sexa a información da que se parta.	S	CMCCT
Hidrólise. -Sal de ácido forte e base forte. -Sal de ácido débil e base forte. -Sal de ácido forte e base débil. -Sal de ácido débil e base débil.	7.Xustificar o pH resultante da hidrólise dun sal.	7.1.Predí o comportamento ácido-base dun sal disolto en auga aplicando o concepto de hidrólise, escribindo os procesos intermedios e equilibrios que teñen lugar.	Non comete erros ao calcular as concentracións das distintas especies que sofren un proceso de hidrólise.	S	CMCCT

<p>Efecto do ión común.</p> <p>-Ácido débil + ácido forte. -Base débil + base forte. -Sal acida + ácido forte. -Sal básica + base forte. -Efecto do pH na solubilidade.</p>	<p>8. Estudar o efecto sobre un equilibrio ácido-base da adición dunha especie que achegue un ión común.</p>	<p>8.1. Determina o pH e a concentración das especies presentes cando a un medio ácido ou básico se engade outra especie que achegue un ión común. 8.2. Analiza o efecto do pH no equilibrio de solubilidade dun composto pouco soluble.</p>	<p>Analiza a influencia dun ión común nun equilibrio ácido-base e calcula, sen erros, as consecuencias desa adición na concentración das distintas especies presentes no medio.</p>		<p>CMCCT</p>
<p>Disolucións reguladoras.</p> <p>-Dun ácido débil máis un sal dese ácido débil. -Dunha base débil máis un sal dese base débil.</p>	<p>9. Coñecer o funcionamento dunha disolución reguladora.</p>	<p>9.1. Selecciona conxuntos de substancias coas que elaborar unha disolución reguladora. 9.2. Estabelece os mecanismos polos que unha disolución reguladora mantén o pH.</p>	<p>Sabe como preparar unha disolución reguladora. Coñece os mecanismos cos que regula o pH. Alcanzará un nivel superior se é capaz de facer os cálculos que o xustifican.</p>	<p>S</p>	<p>CMCCT CAA</p>
<p>Indicadores e medidores de pH.</p>	<p>10. Coñecer o funcionamento dos indicadores e medidores de pH.</p>	<p>10.1. Selecciona un indicador adecuado para unha valoración.</p>	<p>Sabe escoller o indicador adecuado para unha valoración (de forma razonada).</p>	<p>S</p>	
<p>Valoracións ácido-base.</p> <p>-Curva de valoración.</p>	<p>11. Explicar as reaccións ácido-base e a importancia dalgunha delas así como as súas aplicacións prácticas.</p>	<p>11.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría ácido-base dunha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios.</p>	<p>Deseña sen ningunha dificultade o procedemento para levar a cabo unha volumetría de forma experimental. Realiza os cálculos correctamente.</p>	<p>S</p>	<p>CMCCT</p>

	12. Empregar os cálculos estequiométricos necesarios para levar a cabo unha reacción de neutralización ou volumetría ácido-base.	12.1. Determina a concentración dun ácido ou base valorándoa con outra de concentración coñecida establecendo o punto de equivalencia da neutralización mediante o emprego de indicadores ácido-base.	Representa adecuadamente os datos dunha curva de valoración e a interpreta.	S	CMCCT
Ácidos e bases de especial interese.  -De interese industrial. -Na vida cotián. -O problema da chuiva ácida.	13. Coñecer as distintas aplicacións dos ácidos e bases na vida cotián tales como produtos de limpeza, cosmética, etc.	13.1. Recoñece a acción dalgúns produtos de uso cotián como consecuencia do seu comportamento químico ácido-base.	Sabe empregar os efectos dos ácidos e bases en cuestións relacionadas coa limpeza de obxectos ou con algunha aplicación persoal.	S	CMCCT CAA

**10.6.7. Unidade didáctica 7: REACCIÓN DE OXIDACIÓN-REDUCCIÓN.****10.6.7.1. Identificación da unidade didáctica.**

38. Nº	39. Título da UD	40. Duración
UD.7	- REACCIÓN DE OXIDACIÓN-REDUCCIÓN.	12 sesións

**10.6.7.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.**

41. Obxectivos específicos		42. Competencias básicas
1	Identificar as reaccións de oxidación redución ou redox.	CMCCT
2	Axustar a estequiometría das reaccións redox.	CMCCT
3	Determinar a concentración dunha disolución valorándoa mediante un proceso redox.	CMCCT
4	Relacionar procesos redox espontáneos cos xeneradores de corrente continua.	CMCCT, CAA
5	Empregar táboas de potenciais de redución estándar para avaliar a espontaneidade de procesos redox.	CMCCT
6	Deseñar unha celda galvánica e describer os seus elementos.	CMCCT
7	Analizar cualitativamente e cuantitativamente procesos electrolíticos.	CMCCT
8	Estudar procesos de oxidación-redución de importancia económica e tecnolóxica.	CMCCT

**10.6.7.3. Concreción curricular da Unidade.**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
Conceptos de oxidación e redución. -O número de oxidación. -Procesos sen osíxeno. -Oxidantes e redutores.	1.Determinar o número de oxidación dun elemento químico identificando se se oxida ou se reduce nunha reacción química.	1.1.Define oxidación e redución relacionándoo coa variación do número de oxidación dun átomo en substancias oxidantes e reductoras.	Determina sen erros os números de oxidación dos elementos que forman as substancias que participan nun proceso. Relaciona os pares redox conxugados.	S	CMCCT CAA CCL
Axuste das ecuacións redox. -Determinación do número de oxidación. -Axuste en medio ácido.	2.Axustar reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón e facer os cálculos estequiométricos correspondentes.	2.1.Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.	Non comete erros ao realizar o axuste dun proceso redox en medio ácido, incluídos procesos de dismutación.	S	CMCCT
Valoracións redox.	3.Realizar cálculos estequiométricos necesarios para aplicar ás volumetrías redox.	3.1.Describe o procedemento para realizar unha volumetría redox realizando os cálculos estequiométricos correspondentes.	Non comete erros ao realizar o axuste do proceso redox que é a base da valoración, nin a súa realización experimental nin no cálculo coa estequiometría adecuada.	S	
A enerxía eléctrica e os procesos químicos.	4.Comprender a relación entre a espontaneidade dun proceso redox e a	4.1.Relaciona a espontaneidade dun proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs considerando	É quen de obter a $\epsilon$ dun proceso redox concreto, obter a $\Delta G$ e valorar, en	S	CMCCT



	produción de electricidade.	o valor da forza electromotriz obtida.	consecuencia, a súa espontaneidade.		CAA
Celdas electroquímicas. -Notación estándar das pilas. -Tipos de electrodos. -Potenciais estándar de electrodo.	5.Comprender o significado de potencial estándar de redución dun par redox, empregándoo para describir unha pila.	5.1.Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, empregándoos para calcular o potencial xenerado formulando as semirreaccións redox correspondentes.	Constrúe sen dubidar unha pila a partir dos potenciais de redución. Describe de forma adecuada os procesos que teñen lugar en cada electrodo, os fluxos de electróns e os de ións, tendo en conta a ponte salina.	S	
		5.2.Analiza un proceso de oxidación-redución coa xeneración de corrente eléctrica representando unha celda galvánica.			
Predición de reaccións redox espontáneas.	6.Comprender a relación entre a espontaneidade dun proceso redox e o valor dos potenciais estándar.	6.1.Analiza os potenciais estándar dos pares redox dun proceso e avalía a súa espontaneidade.	Cando se lle indica un proceso redox, cunha linguaxe natural, é quen de expresar a ecuación química do mesmo e valorar a súa espontaneidade.	S	CMCCT
A corrosión.	7.Coñecer algunhas aplicacións dos procesos redox como a prevención da corrosión.	7.1.Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos.	Manexa a táboa de potenciais de redución para deseñar un proceso que sexa adecuado para protexer un determinado metal mediante anodización ou galvanoplastia.	S	CMCCT

Pilas e baterías.	8. Coñecer o fundamento da fabricación de pilas de distinto tipos (galváticas, alcalinas, de combustible).	8.1. Representa os procesos que teñen lugar nunha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox, e indicando as vantaxes e inconvenientes do uso destas pilas fronte ás convencionais.	Coñece os procesos de oxidación e redución que teñen lugar nas pilas convencionais e nas pilas de combustible. Pode comparalos e argumentar sobre as vantaxes e inconvenientes dunhas fronte a outras.		CMCCT
Cubas electrolíticas. -A electrolise. -Electrolise da auga. -Electrolise dun sal. -Leis de Faraday da electrolise.	9. Determinar a cantidade de substancia depositada nos electrodos dunha cuba electrolítica empregando as leis de Faraday.	9.1. Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun electrodo ou o tempo que tara en facelo.	Estabelece sen erros as relacións estequiométricas nos procesos nos que a materia interacciona coa electricidade. Coñece a relación entre as magnitudes físicas precisas para realizar cálculos relativos a un proceso electrolítico real.	S	CMCCT CAA
Comparación entre unha celda galvánica e unha cuba electrolítica.	10. Diferenciar o funcionamento dunha celda galvánica e unha cuba electrolítica.	10.1. Identifica cada un dos elementos dunha celda galvánica e unha cuba electrolítica e é quen de escribir os procesos que teñen lugar nel.	Estabelece claramente as diferencias entre celda galvánica e cuba electrolítica, chegando a indcar como se pode transformar unha noutra.	S	
Procesos redox de importancia industrial. -Metalurxia. -Procesos electrolíticos de importancia industrial. -Electrodeposición.	11. Coñecer algunhas das aplicacións da electrolise como a obtención de elementos puros.	11.1. Xustificac as características dun procedemento industrial para obter metais ou recubrir obxectos de metais.	É quen de describir un proceso industrial redox, tanto os que se refiren a compostos fundidos como aos que se levan a cabo con substancias en disolución.	S	CMCCT

**10.6.8. Unidade didáctica 8: OS COMPOSTOS DE CARBONO.****10.6.8.1. Identificación da unidade didáctica.**

43. Nº	44. Título da UD	45. Duración
UD.8	- OS COMPOSTOS DE CARBONO.	12 sesións

**10.6.8.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.**

46. Obxectivos específicos		47. Competencias básicas
1	Recoñecer os principais grupos funcionais e nomear compostos orgánicos sinxelos.	CMCCT, CAA
2	Formular e nomear compostos orgánicos con dous ou máis grupos funcionais.	CMCCT
3	Identificar compostos isómeros e establecer relacións de isomería.	CMCCT
4	Recoñecer os tipos de reaccións orgánicas máis habituais.	CMCCT
5	Analizar as posibilidades de reacción dun determinado composto orgánico. Advertir a posibilidade de que se forme un isómero de forma preferencial (p.e., na formación de alquenos asimétricos por eliminación de auga dun alcohol).	CMCCT
6	Ser quen de imaxinar unha reacción (ou unha serie de reaccións) que permitan obter un composto. No caso de adicións a alquenos asimétricos, ser capaz de predicir o isómero máis probable, regra de Markovnikov).	CMCCT

**10.6.8.3. Concreción curricular da Unidade.**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave
<p>Química orgánica ou do carbono.</p> <p>-Por que forma tantos compostos?</p> <p>-As fórmulas orgánicas.</p> <p>-Grupo funcional e serie homóloga.</p>	1.Recoñecer os compostos orgánicos, segundo a función que lles caracteriza.	1.1.Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando gravicamente moléculas orgánicas sinxelas.	Analiza correctamente a hibridación que adopta cada un dos átomos de carbono nun composto, incluídos os seus grupos funcionais.	S	CMCCT CAA CCL
<p>Formulación e nomenclatura dos compostos orgánicos.</p> <p>-Hidrocarburos.</p> <p>-Compostos haloxenados.</p> <p>-Compostos osixenados.</p> <p>-Compostos nitroxenados.</p> <p>-Formulación de compostos multifuncionais.</p>	2.Formular compostos orgánicos sinxelos con varias funcións.	2.1.Diferencia distintos hidrocarburos e compostos orgánico que posúen varios grupos funcionais, nomeándoos e formulándoos.	Os erros cometidos na formulación e/ou na nomenclatura non superan o 10% dos compostos orgánicos.	S	CMCCT CAA CCL
	3.Valorar a importancia da química orgánica vencellada a outras áreas de coñecemento e interese social.	3.1.Relaciona os principais grupos funcionais e estrutura con compostos sinxelos de interese biolóxico.	Formula correctamente compostos sinxelos de interese biolóxico como o fenol, glicero, aspirina, paracetamol, etc.		

<p>A cuestión da isomería.</p> <p>-Isómeros estruturais. -Estereoisomería.</p>	<p>4.Representar isómeros a partir dunha fórmula molecular dada.</p>	<p>4.1.Distingue os diferentes tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros dada unha fórmula molecular.</p>	<p>Dada unha serie de compostos, é quen de establecer entre eles relacións de isomería tanto estrutural como espacial.</p>	<p>S</p>	
<p>Reaccións químicas dos compostos orgánicos.</p> <p>-Reaccións de substitución. -Reaccións de eliminación. -Reaccións de adición. -Reaccións de substitución en aneis aromáticos. -Reaccións de oxidación-redución. -Reaccións de condensación e hidrólise.</p>	<p>5.Identificar os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox.</p>	<p>5.1.Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox, predicindo os produtos, se é necesario.</p>	<p>Estabelecidos os substratos e o reactivo, identifica con seguridade o tipo de reacción, completándoa.</p>	<p>S</p>	<p>CMCCT CAA</p>
	<p>6.Escribir e axustar reaccións de obtención ou transformación de compostos orgánicos en función do grupo funcional presente.</p>	<p>6.1.Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir doutro co distinto grupo funcional aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.</p>	<p>É quen de completar unha secuencia de ecuacións das que coñece só algún elemento, como o composto que se vai obter, o tipo de reacción, etc. Distingue entre a formación de isómeros aplicando as regras de Markovnikov ou de Saytzeff.</p>	<p>N</p>	

**10.6.9. Unidade didáctica 9: MACROMOLÉCULAS E POLÍMEROS.****10.6.9.1. Identificación da unidade didáctica.**

48. Nº	49. Título da UD	50. Duración
UD.9	- MACROMOLÉCULAS.	6 sesións

**10.6.9.2. Obxectivos específicos da unidade didáctica.**

51. Obxectivos específicos		52. Competencias básicas
1	Identificar as macromoléculas naturais e sintéticas.	CMCCT, CAA
2	Recoñecer a fórmula dos polímeros.	CMCCT, CAA
3	Identificar os grupos funcionais e os enlaces presentes nunha macromolécula.	CMCCT
4	Relacionar as propiedades das macromoléculas coa súa estrutura química.	CMCCT
5	Valorar a importancia dos novos materiais poliméricos.	CMCCT

**10.6.9.3. Concreción curricular da Unidade.**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro.	Mínimos esixibles (S/N)	Competencias clave

<p>Moléculas orgánicas de importancia biolóxica.</p> <p>-Hidratos de carbono. -Lípidos. -Aminoácidos e proteínas. -Ácidos nucleicos.</p>	<p>1.Determinar as características máis importantes das macromoléculas.</p>	<p>1.1.Relaciona os principais grupos funcionais e estruturas con compostos sinxelos de interese biolóxico.</p> <p>1.2.Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintético.</p>	<p>Identifica sen erro o tipo de enlace que se dá entre os monómeros dunha determinada macromolécula biolóxica.</p> <p>Asocia sen erro os grupos funcionais con cada tipo delas.</p>	<p>S</p>	<p>CMCCT CAA CCL</p>
<p>Polímeros.</p> <p>-As propiedades físicas dos polímeros e a súa natureza.</p> <p>-Outros polímeros de interese económico.</p>	<p>2.Representar a fórmula dun polímero a partir dos seus monómeros e viceversa.</p>	<p>2.1.A partir dun monómero diseña o polímero correspondente explicando o proceso que tivo lugar.</p>	<p>Identifica perfectamente os monómeros que dan lugar a un polímero (homo ou heteropolímero). Non comete erros ao dar os grupos funcionais dos monómeros orixinais.</p>	<p>S</p>	<p>CMCCT CAA CCL</p>
	<p>3.Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial.</p>	<p>3.1.Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos, baquelita.</p>	<p>Dada unha lista de monómeros, recoñece os que forman parte dun polímero e escribe correctamente a reacción de polimerización tanto de homo como de heteropolímeros.</p>	<p>N</p>	<p>CMCCT CAA CCL</p>
	<p>4.Coñecer as propiedades e obtención dalgúns compostos de interese en biomedicina e, en xeral,</p>	<p>4.1.Identifica substancias e derivados orgánicos que se empregan como principios activos de medicamentos,</p>	<p>Dada unha lista de substancias orgánicas que sexan principios activos de medicamentos, cosméticos ou biomateriais,</p>	<p>N</p>	<p>CCL CMCCT CAA</p>

	nas diferentes ramas da industria.	cosméticos e biomateriais valorando a repercusión na calidade de vida.	identifica máis do 50% e coñece o seu efecto concreto.		
	5.Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa utilización en distintos ámbitos.	5.1.Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestementos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc) relacionándoas coas vantaxes e desvantaxes de uso segundo as propiedades que o caracterizan.	Dada unha lista de polímeros, é quen de identificar o tipo ao que pertencen, as súas propiedades e apunta algunha das súas utilidades prácticas.	N	CMCCT CAA SIEE
As substancias orgánicas e a sociedade actual.	6.Valorar a importancia da química orgánica vencellada a outras áreas de coñecemento e interese social.	6.1.Recoñece as distintas utilidades que os compostos orgánicos teñen en diferentes sectores como a alimentación, agricultura, biomedicina, inxeñería de materiais, enerxía fronte ás posibles desvantaxes que conleva o seu desenvolvemento.	Dada a fórmula dun dos compostos orgánicos, estudados na Unidade, é quen de comentar a súa aplicabilidade nun sector e argumentar sobre as vantaxes e inconvenientes da súa utilización.	N	CMCCT CAA SIEE

### **10.7.- Contidos mínimos esixíbeis na Química de 2º de Bacharelato**

Dado o carácter deste curso de Química de 2º de Bacharelato, considéranse a maioría dos contidos incluídos na programación como necesarios. En calquera caso, os mínimos esixíbeis veñen indicados no anterior apartado 10.6.X.3., na Concreción curricular de cada Unidade didáctica.

### **10.8.- Criterios de cualificación e procedementos de avaliación da aprendizaxe do alumnado**



O curso académico vén dividido, segundo as disposicións oportunas, en trimestres.

A avaliación sumativa e personalizada de cada alumno e alumna basearase nas cualificacións obtidas nas diferentes probas obxectivas, exames e controis, efectuadas ao longo de cada trimestre. Estas serán fundamentalmente escritas, e efectuadas coa frecuencia necesaria para avaliar o seguimento das clases.

Despois de cualificar as probas escritas, estas serán comentadas e resoltas na aula para que o/a alumno/a sexa consciente dos erros cometidos e poida evitalos posteriormente.

Poderase esixir materia de calquera das avaliacións anteriores, sempre que non entrañe un contido simplemente memorístico e este baseada en conceptos de importancia relevante que se van repetindo ao longo do curso.

A cualificación do traballo realizado por cada alumno/a durante o trimestre será obtida tendo en conta principalmente as cualificacións obtidas nos exames realizados pola/o alumna/o (cunha ponderación dun 80%), pero tamén nas cualificacións obtidas decotío (cunha ponderación do 20%): resolución de exercicios, participación na clase, así como nos traballos prácticos de laboratorio e os que o profesor encargue, con carácter voluntario, como actividades caseiras. Se nunha proba escrita o profesor se decata de que un alumno está copiando empregando calquera procedemento, se lle poderá retirar a proba e poderá ser cualificado cun cero nesa proba.

Se indicará o valor de cada pregunta da proba. Caso de que non se indique, se suporá que todas as preguntas valen igual.

Atendendo a unha idea de formación integral do alumnado, na corrección dos exames o profesor do curso poderá rebaixar a cualificación final ata un máximo de 1 punto ao considerar unha presentación manifestamente indebida e/ou unha desmesurada existencia de faltas de ortografía.

En calquera caso, á hora de cualificar, o profesor terá en conta os criterios de obxectividade, igualdade e xustiza oportunos, respectando en todo momento os dereitos dos alumnos e atendendo ao mellor cumprimento dos deberes que lles corresponden.

### **10.8.1.- Actividades de recuperación**

@s alumn@s que non superen determinadas áreas da materia terán dereito a probas de recuperación por bloques temáticos ou conxuntos de temas. En casos de especial dificultade ou por motivos específicos se poderá facer exames de recuperación por temas individuais ou incluso por partes dun tema.

Se a media feita cos exames de todo o curso que abranguen todos os contidos temáticos non chega ao cinco, o alumno terá dereito a un exame final de todos os contidos da materia. En casos moi especiais se poderá facer neste exame final a recuperación dunha ou dúas partes dos contidos temáticos.

En calquera caso, loxicamente, en setembro ten lugar a proba extraordinaria á que teñen dereito quen non supere a materia nas probas ordinarias durante o curso.

### **10.9.- Materiais e recursos didácticos**

Este curso, por primeira vez, se impartirá o curso de Química de 2º de bacharelato lomce, e o libro recomendado para ese curso é o da editorial Oxford.

As explicacións do profesor serán complementadas con diferentes medios audiovisuais (vídeos, DVD e diapositivas), empregados segundo os casos, e coa realización das correspondentes actividades prácticas no laboratorio.

### **10.10.- Actividades complementarias e extraescolares**

Novamente, dada a extensión da programación de Química deste curso faise difícil programar actividades complementarias e/ou extraescolares, ao menos non as que serían desexábeis de non ter tal problema.

A maior parte das actividades complementarias serán na propia aula e no laboratorio ou virtuais, xa indicadas no anterior apartado. En calquera caso, realizáranse no mes de Xaneiro, unha visita á Facultade Ciencias da UDC, dado que o alumnado deste grupo de ciencias é fonte de potenciais posibles alumnos desa Facultade.

### **10.11. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.**

Dado que o seguimento das programacións, en todos os cursos e grupos, e a avaliación da práctica docente se fará cos mesmos criterios e indicadores de logro para todas as materias do Departamento, o procedemento figura, con carácter xeral, no apartado 12 desta programación.

## **11.- RECUPERACIÓN DE ALUMN@S DE 2º DE BACHARELATO COA FÍSICA E QUÍMICA PENDENTE DE 1º CURSO,**

O alumnado coa Física e Química de 1º de Bacharelato pendente terá dereito a facer dúas probas parciais, unha no mes de Novembro coa parte de Física da materia. A segunda proba parcial será no mes de Febreiro coa parte correspondente de Química.

Así mesmo, haberá unha terceira proba final coa parte ou partes que non tiveran superado nas dúas anteriores probas. Obviamente, teñen tamén dereito a proba extraordinaria de Setembro.

Na primeira desas probas examinaranse dos seguintes contidos da Física e Química de 1º curso:

### **FÍSICA:**

- Cinemática.
- Dinámica.
- Enerxía e a súa transferencia (traballo mecánico, excluída a calor).

Na segunda desas probas examinaranse dos seguintes contidos da Física e Química de 1º curso:

### **QUÍMICA:**

- Natureza da materia.
- Estrutura atómica. Sistema Periódico.
- Enlace químico.
- Formulación e nomenclatura inorgánica.
- Reaccións químicas; incluídas disolucións.
- Química do carbono. Formulación e nomenclatura orgánica.

Na primeira reunión do alumnado coa materia pendente, o xefe do Departamento facilitara a correspondente información sobre a concordancia de temas e niveis co establecido neste apartado.

## **12.- PROCEDEMENTO SOBRE O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E A AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE.**

Na avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente deberase estimar, tanto aspectos relacionados co propio documento de programación (adecuación dos seus elementos ao contexto, identificación de todos os elementos,...) como os relacionados coa súa aplicación (actividades desenvolvidas ao longo do curso en cada Unidade didáctica, respostas á motivación do alumnado, selección de materiais ou referentes de calidade nos recursos didácticos).

O seguemento e valoración do traballo docente vaise apoiar nos seguintes indicadores de logro:

- Identifica na programación obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe adaptados ás características do grupo de alumn@s a quen vai dirixida a programación.
- Describe as medidas para atender tanto ao alumnado co ritmo máis lento de aprendizaxe como aos que presentan un maior ritmo de aprendizaxe.
- Emprega materiais variados en canto ao soporte (impreso e, de ser factible, audiovisual ou informático) e en canto ao tipo de texto (continuo, discontinuo).
- Emprega materiais “auténticos” para favorecer o desenvolvemento das competencias clave e a transferencia das aprendizaxes do contorno escolar ao sociofamiliar e profesional.
- Estimula tanto o pensamento lóxico como o pensamento creativo
- Fomenta, a través da súa propia conduta e as súas propostas de experiencias de ensinanza-aprendizaxe, a educación en valores.
- Favorece a participación activa d@s alumn@s, para estimular a implicación na construción das súas propias aprendizaxes.
- Enfronta ao alumnado á resolución de problemas complexos da vida cotiá que esixen aplicar de forma conxunta os coñecementos adquiridos.
- Estabelece canles de cooperación efectiva coas familias para o desenvolvemento da educación en valores e o establecemento de pautas de lectura, estudo e esforzo na casa, condicións para favorecer a iniciativa e autonomía persoal.
- Propón actividades que estimulen as distintas fases do proceso na construción dos contidos (identificación de coñecementos previos, presentación, desenvolvemento, profundización e síntese dos mesmos).
- Dá resposta aos distintos tipos de intereses, necesidades e capacidades dos alumnos.
- Orienta as actividades ao desenvolvemento de capacidades e competencias.
- Estimula a propia actividade construtiva d@ alumn@.

Nesta liña, vixilarase o axuste e a calidade da programación proposta ao través do seguimento dos indicadores:

- a) Recoñecemento e respecto polas disposicións legais que determinan os principios e elementos básicos.
- b) Adecuación da secuencia e distribución temporal das unidades didácticas e, nelas, dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis.
- c) Validez dos perfís competenciais e da súa integracións cos contidos da materia.
- d) Avaliación do tratamento dos temas transversais.
- e) Pertinencia das medidas de atención á diversidade e das adaptacións curriculares aplicadas.
- f) Valoración das estratexias e instrumentos de avaliación das aprendizaxes do alumnado.
- g) Pertinencia dos criterios de calificación.
- h) Avaliación dos procedementos, instrumentos de avaliación e indicadores de logro do proceso de ensinanza.
- i) Idoneidade dos materiais e recursos didácticos empregados.
- j) Adecuación, cando é o caso, das actividades extraescolares e complementarias programadas.
- k) Detección dos aspectos mellorables e indicación dos axustes que se realizarán en consecuencia.

Todos estes logros e dificultades detectados serán recollidos na Memoria Final do curso, xunto coas correspondentes Propostas de Mellora de cara ao próximo curso escolar.

### **13.- XESTIÓN DE LABORATORIOS E DO MATERIAL**

Tal como se indicaba xa, na programación do curso 2014-15, aínda neste curso compre centrarse, no referente á xestión de laboratorios, en dous obxectivos básicos: a seguridade nos laboratorios e a reposición de certo material obsoleto.

Dado que, despois da análise do inventario de física realizado en cursos anteriores, o profesorado do Departamento coincide en que hai moito material obsoleto, que non funciona, facendo interesante buscar vías para repoñelo. O caso máis urxente é o dos bancos ópticos (para prácticas de óptica en 4º ESO e en 2º bacharelato), tal como se cita nas memorias dos dous cursos pasados. Igualmente ocorre en espectroscopia (con dous espectroscopios didácticos, temos que empregar espectroscopios caseiros para facer tales actividades). Se ben, hai que indicar, que ao longo do pasado curso, temos información da Consellería de que non hai disponibilidad deste material nas súas dependencias, debendo priorizar en que se poderá incidir para facer un gasto adecuado ás necesidades obxectivas do alumnado que usa os laboratorios do Centro.

Por último, cremos que é importante tomar conciencia da necesidade de traballar a prevención e a seguridade no traballo e, aínda máis, nun recinto escolar, polo que suxerimos, novamente, que, para este curso 2016-17, segue sendo moi conveniente poder dotarse de medios neste sentido como, p.e., unha máscara antigas (na actualidade temos simples máscaras antipartículas) e outros medios de intervención en caso de accidente u outras incidencias perigosas, e un botiquín adecuado para os perigos propios dun laboratorio deste tipo.

Nese sentido, dado o problema que hai cos recortes presupostarios, a selección deste material será unha das prioridades nas primeiras reunión de Departamento, unha vez rematado o traballo de elaboración da programación que fixa as pautas de traballo para todo o curso e se dispoña dos catálogos adecuados.

### **14. NORMAS E CONSELLOS DE SEGURIDADE PARA TRABALLAR NOS LABORATORIOS DE FÍSICA E DE QUÍMICA.**

1. Observar onde están as saídas e os equipos de emerxencia.
1. Empregar guantes e gafas de seguridade cando se indique que son necesarios.
2. Facer unicamente os experimentos que indique o profesor ou a profesora; non tratar de facer probas sen autorización previa.
3. Cada grupo responsabilizarse da súa zona de traballo e do seu material.
4. Nas mesas de laboratorio ou no chan non se poden deixar prendas de vestir, apuntes, etc. que poidan

- entorpecer o traballo. Só deberás de ter enriba da mesa o caderno de laboratorio, o bolígrafo e unha calculadora se é necesaria.
5. Obviamente, non se poden inxerir nin bebidas nin comida, nin mascar chicle.
  6. Non se debe correr, nin xogar, nin dar empurróns ou moverse precipitadamente. Tampouco andar dun lado para outro sen motivo.
  7. Ao rematar o material deberá de quedar limpo e recollido, con toda a mesa ordenada. Pecha as chaves do gas e da auga. Desconecta todos os aparellos eléctricos.
  8. Hai que lavarse ben as mans ao saír do laboratorio.
  9. Débese coñecer a colocación e o uso dos extintores.
  10. Infórmase sobre os símbolos de aviso nas etiquetas dos botes ou nos frascos das substancias.
  11. Non tocar coas mans os produtos químicos e moito menos ter contacto con eles coa boca ou cos ollos. Moitos son tóxicos ou abrasivos. Se é necesario axitar un tubo de ensaio ou un matraz nunca se debe tapar co dedo, empregar un tapón.
  12. Non cheirar os reactivos colocando o nariz directamente enriba do tubo. Se é necesario axita o aire sobre a boca do recipiente aproximándoo ao nariz. De todas formas, ter en conta que moitas substancias líquidas emiten vapores tóxicos (éter, cloroformo, tetracloruro de carbono, benceno, amoníaco, ácidos moi concentrados fumantes,...). Nestes casos, débese traballar co laboratorio moi ben aireado (xanelas abertas). O ideal sería traballar cos reactivos na campá extractora pero non funciona.
  13. Non pipetear coa boca directamente. Utilizar os dosificadores. Moitas disolucións son abrasivas e poderían producir graves queimaduras no tubo dixestivo.
  14. Pechar os frascos despois de usalos. E non devolver aos frascos de orixe os sobrantes dos produtos empregados, xa que poderían contaminarse. Por isto, debes sacar só as cantidades necesarias e non en exceso.
  15. Os tubos de ensaio débense quentar sempre polas paredes laterais, na zona media do líquido, movéndoos continuamente e tendo a precaución de que a boca do tubo estea dirixida cara onde non haxa ninguén. E, obviamente, sempre suxeitados por unhas pinzas.
  16. Non empregar material de vidro roto; se rompe algo, hai que avisar ao profesor axiña.
  17. Cando se meta un anaco de varíña de vidro nun tapón, non se debe forzar excesivamente nin apancar. Pode

ser causa de feridas importantes. Recoméndase protexerse envolvendo as mans cun pano e humedecer a variña con auga para que deslice mellor.

18. Manexar os aparellos eléctricos con seguridade e nunca coas mans molladas.

19. Se hai que tirar algo, preguntar sempre ao profesor ou á profesora como se pode facer para non contaminar.

20. Os produtos inflamábeis (líquidos e vapores) non deben de estar cerca de fontes de calor (chisqueiros, fornellos,...).

21. Ao preparar unha disolución, colocar nun frasco limpo e sempre etiquetar convenientemente (nome do produto e concentración se procede, data de elaboración e identificación de quen manipula o produto).

22. Non deixar frascos destapados.

23. Ao rematar, a mesa debe de quedar limpa e recollida.

24. No caso de accidente, hai que avisar axiña ao profesor e seguir as instrucións.

### **Asinan a presente programación do Departamento de Física e Química, curso 2016-17.**

Alejandro Álvarez Andrés

Ramón Vilalta López (X.D.).